- Reformular hipóteses sobre o contido e o contexto a partir da comprensión de novos elementos do propio texto, utilizando o seu coñecemento e experiencias.
- Asegurar a comprensión, repetir o comprendido, preguntar sobre o dito, volver escoitar o texto tendo en conta determinados aspectos.
- Solicitar repeticións, pedir que se explique unha palabra clave, dicir que non se entendeu.
- Recoñecer as dificultades de comprensión, debido a posibles factores de distorsión, á velocidade coa que se expresa etc.

## 2. Avaliación

### 2.1. Criterios de cualificación mínimos esixibles

#### 2.1.1. Criterios de cualificación

A proba final consta de catro actividades de lingua:

- Comprensión de textos escritos
- Producción, coprodución e mediación escrita
- Comprensión de textos orais
- Producción, coprodución e mediación oral.

As cualificacións definitivas obtidas expresaranse mediante os termos de “apto/a” “non apto/a” ou “non presentado/a”.

Será apto o alumnado que obteña 15 puntos en cada actividade de lingua, sumando un total de 60 puntos. A puntuación máxima total ascende a 100 puntos, correspondendo 25 puntos a cada actividade de lingua.

Avaliarase o progreso e logro de obxectivos do alumnado de forma frecuente e interactiva mediante procesos de observación na aula e recollida e avaliación de tarefas. O profesorado informará ó alumnado sobre o seu progreso despois do primeiro cuadrimestre.

Pero esta avaliación terá unicamente valor orientativo e servirá para informar do grao de cumprimento no desenvolvemento da programación didáctica e da súa idoneidade.

Na convocatoria extraordinaria de xuño o alumnado examínase das actividades de lingua non superadas ou non presentadas na convocatoria ordinaria.

A cualificación positiva final permitirá o acceso ao seguinte nivel.

O alumnado que non supere todas as actividades de lingua deberá repetir curso.

### 2.1.2. Mínimos esixibles

**É quen** de entender o esencial, e aplicar os aspectos socioculturais e sociolingüísticos máis básicos das culturas de uso do idioma.

**É capaz** de recoñecer léxico elemental de temas moi frecuentes e necesidades básicas, e de deducir o significado posible do que non coñece

**É capaz** de producir frases illadas moi sinxelas e de uso moi frecuente producindo as estruturas máis sinxelas e habituais da lingua de uso cotián.

**É quen** de usar expresións básicas, comunicando de xeito comprensible, con pausas, vacilacións e reformulacións empregando léxico moi básico suficiente para falar de temas moi frecuentes e necesidades moi básicas.

**É capaz** de pronunciar e entoar coa claridade suficiente cun moi evidente acento estranxeiro e erros que permitan a comprensibilidade e emprega estratexias para entender o esencial do texto.

**É quen** de recoñecer o que significan as convencións de formato textual e as ortotipográficas máis básicas.

**É capaz** de producir textos escritos moi breves e sinxelos usando estruturas moi sinxelas, de uso moi frecuente e conectores moi básicos.

**É quen** de usar de xeito adecuado léxico moi elemental que chegue para informar e ser informado de temas moi básicos ou necesidades comúns, con incorreccións que permitan a comprensibilidade.

**É capaz** de empregar a puntuación e a ortografía máis elemental.

## 2.2. Procedementos e instrumentos de avaliación

A avaliación terá por obxecto cualificar e certificar o nivel de competencia comunicativa adquirido polo alumnado como resultado do seu proceso de aprendizaxe.

Haberá diferentes modalidades ao longo do curso:

**Avaliación inicial (ou de diagnóstico):** O profesorado a inicio de curso fará unha avaliación de diagnóstico para coñecer o nivel e as características do seu alumnado.

**Avaliación de progreso (ou formativa):** Nesta modalidade tanto profesorado como alumnado poden observar, reflexionar e valorar o proceso de aprendizaxe. Avaliarase o progreso e logro de obxectivos do alumnado de forma frecuente e interactiva mediante procesos de observación na aula e recollida e avaliación de tarefas. O profesorado informará ó alumnado sobre o seu progreso despois do primeiro cuatrimestre.

**Avaliación certificadora:** O alumnado oficial terá a dúas convocatorias para certificar o nivel, unha a principios e outra a finais de xuño. Será apto o alumnado que obteña 15 puntos en cada actividade de lingua, sumando un total de 60 puntos. A puntuación máxima total ascende a 100 puntos, correspondendo 25 puntos a cada actividade de lingua. A cualificación positiva final conducirá á obtención do certificado do nivel A1 e permitirá o acceso ao seguinte nivel.

**A autoavaliación:** Sendo a autoavaliación un instrumento importante no proceso de ensino-aprendizaxe fomentárase a autoavaliación tanto do profesorado como do alumnado. O profesorado poderá saber si acadou os obxectivos marcados e si precisa facer cambios na programación para acadar ditos obxectivos e o alumnado desenvolve a capacidade de ser responsable ante o seu propio proceso de aprendizaxe. O profesorado motivará ó alumnado a realizar as distintas actividades de autoavaliación que están ao final de cada tema no libro de texto.

## 2.3. Criterios de avaliación

### 2.3.1. Actividades de comprensión de textos orais

**Coñece** e aplica á comprensión do texto, extraendo claves para interpretalo, os aspectos socioculturais e sociolingüísticos máis básicos relativos á vida cotiá, ás condicións de vida, ás relacións persoais, á linguaxe corporal e ás convencións sociais das culturas en que se usa o idioma.

**Sabe** aplicar as estratexias máis adecuadas en cada caso para a comprensión dos puntos esenciais e a información principal do texto.

**Distingue** a función ou funcións comunicativas máis relevantes do texto e un repertorio moi común dos seus expoñentes, así como os patróns discursivos máis elementais relativos á organización textual.

**Aplica** á comprensión do texto os coñecementos sobre os constituíntes e a organización dos patróns sintácticos de uso frecuente na comunicación oral.

**Recoñece** o léxico oral básico e de uso común relativo a temas moi frecuentes ou a necesidades inmediatas e aspectos do ámbito persoal e pode deducir do contexto e do cotexto o significado probable de palabras ou frases que descoñece.

**Discrimina** os patróns sonoros, acentuais, rítmicos e de entoación de uso máis común e comprende os significados e intencións comunicativas xerais asociados a eles.

### 2.3.2. Actividades de produción e coprodución de textos orais

**Aplica** á produción do texto oral, tanto monolóxico como dialóxico, os coñecementos socioculturais e sociolingüísticos máis elementais adquiridos, respectando as normas de cortesía máis básicas e sinxelas.

**Coñece** e sabe aplicar estratexias moi básicas para producir textos orais moi breves e de estruturas moi sinxelas e habituais, utilizando unha serie de procedementos moi sinxelos para reformular a mensaxe e reparar a comunicación.

**Leva a cabo** as funcións principais demandadas polo propósito comunicativo, utilizando un repertorio moi común dos seus expoñentes e seguindo os patróns discursivos máis elementais.

**Manexa** un repertorio básico de expresións sinxelas e fixas que lle permiten comunicarse de forma comprensible, con pausas, titubeos e reformulacións.

**Interactúa** de maneira sinxela en intercambios caracterizados por intervencións moi breves e significativas, articuladas de forma lenta e clara, facendo preguntas e dando respostas para asegurar a comunicación e usando rutinas sinxelas básicas para iniciar e pechar a quenda de palabra, aínda que pode presentar algunhas incorreccións que non imposibilitan a comunicación.

**Utiliza** estruturas sintácticas moi sinxelas e de uso moi frecuente e emprega os recursos de cohesión textual máis básicos (entoación, repetición léxica e conectores moi comúns) para enlazar grupos de palabras e crear secuencias moi sinxelas.

**Coñece** e utiliza adecuadamente un repertorio léxico oral moi básico e limitado, suficiente para dar e obter información sobre temas moi frecuentes ou necesidades inmediatas e aspectos do ámbito persoal, utilizando normas básicas e sinxelas de cortesía e expresións temporais sinxelas relacionadas co pasado e co futuro, aínda que pode presentar algunhas incorreccións que non imposibilitan a comunicación.

**Pronuncia** e entoa de maneira suficientemente clara, aínda que resulte moi evidente o acento estranxeiro ou cometa erros que non imposibiliten a comunicación e sexa necesaria a colaboración da persoa interlocutora.

### 2.3.3. Actividades de comprensión de textos escritos

**Coñece** e aplica á comprensión do texto, extraendo claves para interpretalo, os aspectos socioculturais e sociolingüísticos máis básicos relativos á comunicación escrita nas culturas en que se usa o idioma.

**Sabe** aplicar as estratexias máis adecuadas en cada caso para a comprensión dos puntos esenciais e a información principal do texto.

**Distingue** a función ou funcións comunicativas máis relevantes do texto e un repertorio moi común dos seus expoñentes, así como os patróns discursivos máis elementais relativos á organización, desenvolvemento e conclusión propios do texto escrito segundo o seu xénero e tipo.

**Coñece** os constituíntes e a organización de estruturas sintácticas de uso máis frecuente na comunicación escrita, segundo o xénero e o tipo de texto.

**Comprende** o léxico escrito máis básico e de uso máis común relativo a temas moi frecuentes ou a necesidades inmediatas e aspectos do ámbito persoal e pode deducir do contexto e do cotexto o significado probable de palabras ou frases que descoñece.

**Recoñece** os valores e significados asociados ás convencións de formato, tipográficas, ortográficas e de puntuación máis elementais.

#### 2.3.4. Actividades de produción e coprodución de textos escritos

**Aplica** á produción e coprodución do texto escrito os coñecementos socioculturais e sociolingüísticos máis elementais adquiridos, respectando as normas de cortesía máis básicas e sinxelas.

**Coñece** e sabe aplicar estratexias moi básicas para producir textos escritos moi breves e de estruturas moi sinxelas e habituais, p. ex. copiando modelos de textos de características similares ou planificando e ensaiando o texto.

**Leva a cabo** as funcións principais demandadas polo propósito comunicativo, utilizando un repertorio moi común dos seus expoñentes e seguindo os patróns discursivos máis elementais para organizar o texto escrito segundo o seu xénero e tipo.

**Utiliza** estruturas sintácticas moi sinxelas e de uso moi frecuente e emprega os recursos de cohesión textual máis básicos (repetición léxica e conectores moi comúns) para enlazar grupos de palabras e crear secuencias moi sinxelas.

**Coñece** e utiliza adecuadamente un repertorio léxico escrito moi básico e limitado, suficiente para dar e obter información sobre temas moi frecuentes ou necesidades inmediatas e aspectos do ámbito persoal, aínda que pode presentar algunhas incorreccións que non imposibilitan a comunicación.

**Utiliza** as regras ortográficas, os signos de puntuación e as convencións formais máis elementais na redacción de textos en papel ou soporte dixital.

#### 2.3.5. Actividades de mediación

**Coñece** os aspectos básicos máis xerais que caracterizan as comunidades de falantes correspondentes e é capaz de actuar en consecuencia, aínda que poida cometer incorreccións no seu comportamento.

**Identifica** a información básica e predicible que debe transmitir, aínda que teña que solicitar repeticións ou reformulacións e contar coa axuda do dicionario, e poida cometer erros.

**Repite** ou reformula o dito de maneira máis sinxela para facerlles máis comprensible a mensaxe ás persoas receptoras, podendo axudarse de elementos non lingüísticos ou da colaboración doutras persoas.

## NIVEL A2

### 1. Obxectivos xerais

As ensinanzas do nivel básico A2 teñen a finalidade de capacitar o alumnado para levar a cabo tarefas simples e cotiás sobre cuestións coñecidas e habituais. Este nivel de uso do idioma permitirá igualmente actuar en situacións cotiás de comunicación mediando entre falantes de distintas linguas que non poidan comprenderse de forma directa.

Con esta finalidade, o alumnado deberá adquirir as competencias que lle permitan utilizar o idioma oralmente e por escrito de maneira eficaz e apropiada en actividades comunicativas sinxelas e habituais, relativas a necesidades inmediatas, e que requiran comprender e producir textos breves nun rexistro neutro, que conteñan expresións e estruturas básicas e termos sinxelos de lingua estándar.

Unha vez adquiridas as competencias correspondentes ao nivel básico A2, o alumnado será capaz de:

#### 1.1. Actividades de comprensión de textos orais

Comprender o sentido xeral e a información relevante en textos orais breves e sinxelos articulados con claridade e lentitude, transmitidos de viva voz ou por medios técnicos nunha variedade de lingua estándar, que traten de necesidades inmediatas, temas cotiás e coñecidos cos que se estea moi familiarizado/a ou experiencias persoais e predicibles, sempre que non existan ruídos de fondo e se poidan utilizar estratexias que faciliten a comprensión, como apoios visuais, repeticións ou reformulacións.

#### 1.2. Actividades de produción, coprodución e mediación oral

Producir e coproducir, tanto en comunicación cara a cara como por teléfono ou outros medios técnicos, textos orais breves con estruturas básicas e habituais, adecuadas á situación e ás persoas interlocutoras, referidos a asuntos da vida cotiá, e desenvolverse de forma comprensible e clara, aínda que resulten evidentes o acento estranxeiro, as pausas e titubeos, e sexa necesaria a repetición, a paráfrase e a cooperación dos/as interlocutores/as para manter a comunicación.

### **1.3. Actividades de comprensión de textos escritos**

Comprender o sentido global e localizar información relevante e predicible en textos breves e sinxelos, ben estruturados e en lingua estándar, relacionados con temas cotiáns, especialmente se contan con apoio visual.

### **1.4. Actividades de produción, coprodución e mediación escrita**

Producir e coproducir, independentemente do soporte, textos breves e sinxelos sobre aspectos cotiáns e temas predicibles relacionados coa experiencia persoal, utilizando un repertorio léxico e estrutural limitado e básico e os recursos de cohesión e as convencións ortográficas e de puntuación elementais.

### **1.5. Actividades de mediación**

Mediar entre falantes de distintas linguas en situacións de carácter habitual en que se producen intercambios moi sinxelos de información relacionados con asuntos cotiáns ou con información persoal básica.

## **2. Obxectivos específicos**

### **2.1. Actividades de comprensión de textos orais**

Comprender frases e expresións habituais relacionadas con necesidades inmediatas e temas con que se estea moi familiarizado/a sempre que se fale de xeito pausado e ben articulado.

Comprender o sentido xeral e a información específica predicible de conversas básicas sobre temas cotiáns que se desenvolvan na súa presenza, e identificar un cambio de tema.

Comprender o significado global e as informacións relevantes de mensaxes gravadas sinxelas que relaten experiencias persoais e predicibles, articuladas lentamente e nunha linguaxe estándar.

Comprender a información esencial en exposicións e presentacións públicas breves e



sinxelas, referidas a temas habituais e coñecidos.

Comprender o sentido xeral e a información esencial predicible de textos audiovisuais sinxelos, cando exista o apoio de imaxes moi redundantes.

## **2.2. Actividades de produción, coprodución e mediación oral**

Desenvolverse nas relacións sociais habituais de xeito sinxelo pero eficaz, utilizando e recoñecendo fórmulas habituais de inicio e peche da conversa, tomando a palabra con cortesía, utilizando expresións básicas moi habituais adecuadas á situación e ás persoas interlocutoras.

Desenvolverse en actividades habituais e transaccións e xestións cotiás, sinxelas, propias de situacións e temas coñecidos, facéndose entender ofrecendo ou solicitando información básica.

Descibir nun monólogo, de forma breve e sinxela, accións, persoas, lugares e obxectos, respondendo a preguntas breves e sinxelas dos/as oíntes, se llas repiten e se lle axudan coas respostas.

Expoñer plans e formular hipóteses, de forma breve e sinxela, en conversas informais relacionadas con asuntos cotiás, e expresar de forma breve a opinión, as crenzas ou as suxestións sobre un tema coñecido.

Solicitar a colaboración da persoa interlocutora e utilizar estratexias para asegurar a comunicación.

## **2.3. Actividades de comprensión de textos escritos**

Comprender o sentido global e localizar información relevante e predicible en textos breves e sinxelos, en lingua estándar, e relacionados con temas da súa experiencia, especialmente se contan con apoio visual.

Comprender tipos básicos de correspondencia sobre temas cotiás.

Comprender as instrucións básicas de aparellos de uso moi frecuente.

Comprender textos instrutivos, descritivos e narrativos sinxelos, ben estruturados e en lingua estándar.

Utilizar estratexias que faciliten a comprensión recorrendo a claves lingüísticas e non lingüísticas.

## **2.4. Actividades de producción, coproducción e mediación escrita**

Intercambiar información concreta e sinxela sobre aspectos cotiáns e habituais nos diferentes ámbitos de actividade social.

Describir de forma sinxela lugares, obxectos e persoas, e narrar experiencias relacionadas con temas cotiáns.

Intercambiar correspondencia breve e sinxela, sobre temas predicibles relacionados coa experiencia persoal, nun rexistro axeitado á situación de comunicación.

Utilizar elementos coñecidos lidos nun texto escrito para elaborar os propios textos, e organizar estes de acordo con textos modelo.

## **2.5. Actividades de mediación**

Transmitirlle oralmente a terceiras persoas información específica e relevante relativa a temas cotiáns, necesidades inmediatas ou aspectos do ámbito persoal contida en textos orais ou escritos, sempre que estes sexan breves e de estrutura sinxela, e estean

articulados con lentitude e claridade, aínda que necesite consultar algunha palabra.

Transmitirlle oralmente a terceiras persoas a información relativa a temas moi habituais contida en gráficos e imaxes moi sinxelas, como mapas meteorolóxicos, aínda que sexan evidentes as pausas, os titubeos e as reformulacións.

Mediar en situacións moi cotiáns, nas que o discurso se articule con lentitude e claridade, escoitando e comprendendo, aínda que sexa preciso pedir repeticións ou reformulacións, transmitindo o sentido xeral e a información esencial e dando e pedindo opinión sobre algunhas ideas concretas.

Resumir brevemente a información máis relevante de textos orais ou escritos moi sinxelos e breves, articulados con lentitude, claramente estruturados e que contén con apoio visual e cun léxico de uso moi frecuente, relativos a temas cotiáns ou necesidades inmediatas, sempre que poida axudarse de xestos, imaxes ou expresións doutras linguas e poida cometer erros que non dificulten a comprensión.

Tomar notas moi breves e sinxelas para terceiras persoas en enunciados ou intervencións moi breves e claramente estruturados, sempre que o tema sexa familiar e se conte coa axuda de distintos recursos (dicionarios, Internet...).

## **3. Secuenciación e temporalización dos contidos**

### 3.1. Competencias comunicativas

#### 3.1.1. Competencias pragmáticas

##### a) Contidos funcionais

Fan referencia aos expoñentes que o alumnado precisa para desenvolver as funcións comunicativas nos diferentes contextos

##### **Usos sociais da lingua:**

- Saudar e despedirse.
- Presentarse ou presentar a alguén.
- Dirixirse a alguén.
- Pedir desculpas.
- Agradecer.
- Felicitar.
- Convidar.
- Interesarse por persoas.
- Reaccionar ante unha información con expresións que manifesten o sentimento adecuado á situación.
- Iniciar e concluír unha conversa telefónica moi sinxela.

##### **Control da comunicación:**

- Manifestar comprensión e falta de comprensión.
- Pedirlle confirmación da comprensión á persoa interlocutora.
- Preguntar o significado dunha palabra ou expresión.
- Reformular unha palabra ou expresión para facilitar a comprensión.

##### **Información xeral:**

- Describir persoas, obxectos e lugares.
- Referirse a accións e situacións presentes e pasadas.
- Expoñer proxectos e formular hipóteses.

##### **Opiniós e valoracións:**

- Valorar un feito.
- Xustificar de maneira moi sinxela unha opinión ou unha actividade.
- Expresar coñecemento ou descoñecemento.

##### **Estados de saúde, sensacións e sentimentos:**

- Expresar estados de ánimo.

##### **Petición de instrucións e suxestións:**

- Pedir e ofrecer axuda, obxectos e servizos.
- Suxerir unha actividade.

## b) Contidos discursivos

### • Coherencia e cohesión

Coñecemento e comprensión de modelos contextuais e patróns textuais básicos propios da lingua oral monolóxica e dialóxica, en contextos moi habituais:

– Coherencia: selección do léxico e das estruturas adecuadas, así como da información suficiente para acadar o propósito comunicativo; adaptación ás características e ao formato dos textos orais a que se enfronta; organización da información de modo lineal e recoñecemento dun rexistro básico de acordo co grao de familiaridade co interlocutor ou coa interlocutora (tratamentos, xestos e actitudes).

– Cohesión: utilización de fórmulas sinxelas para cambiar de tema ou continuar con el; utilización de recursos sinxelos para iniciar, desenvolver ou rematar un texto oral; utilización dos patróns básicos de entoación axeitados á situación comunicativa; utilización das concordancias necesarias para que haxa continuidade nas ideas expresadas.

### • Tipoloxía de textos

**Traballarase a seguinte tipoloxía de textos escritos:**

- Anuncios publicitarios
- Formularios
- Listaxes
- Etiquetas de produtos e embalaxes
- Folletos informativos ou publicitarios
- Biografías
- Correspondencia persoal e formal (cartas, postais, mensaxes electrónicas...)
- Cartas de restaurantes e menús
- Carteis, letreiros e sinais
- Axendas e diarios
- Textos sinxelos e breves
- Informacións meteorolóxicas
- Notas e mensaxes
- Instrucións sinxelas
- Programacións de radio e televisión
- Receitas de cociña moi sinxelas
- Carteleiras de espectáculos

**Traballarase a seguinte tipoloxía de textos orais:**

- Conversas cara a cara

- Conversas telefónicas sinxelas
- Instrucións e anuncios
- Presentacións públicas

### 3.1.2. Competencias sociolingüísticas

Ao final do nivel básico, as alumnas e os alumnos estarán en condicións de desenvolverse axeitadamente en intercambios sociais moi breves no ámbito das relacións persoais, utilizando fórmulas cotiás de saúde e tratamento, e amosarán de maneira adecuada a linguaxe corporal que corresponda. Estarán en condicións, por exemplo, de realizar invitacións, suxestións, pedir desculpas e responder a elas.

Así mesmo, estarán en condicións de realizar funcións básicas da lingua como intercambiar e demandar información e responder a ela, ou expresar opinións e actitudes de xeito sinxelo en contextos relacionados coas condicións de vida. Ademais, estarán en condicións de desenvolverse nas relacións sociais de modo sinxelo pero con eficacia: utilizando as expresións máis sinxelas e correntes, seguindo fórmulas básicas, coñecendo as correspondentes convencións sociais, sabendo tomar a palabra, etc.

### 3.1.3. Competencias lingüísticas

#### a) Contidos léxicos-semánticos

##### 1º cuadrimestre:

- **Tempo libre e ocio:** actividades de lecer, actividades culturais, afeccións e intereses...
- **Educación:** material e actividades da aula, centros de ensino...
- **Información e medios de comunicación:** noticias e reportaxes sinxelas...
- **Ciencia e tecnoloxía:** aparellos de uso cotián...
- **Identificación persoal:** datos persoais, aspecto físico, carácter, estados de ánimo, sentimentos...
- **Relacións familiares e sociais:** parentesco, formas de tratamento sinxelas...
- **Viaxes:** nomes de países e xentilicios, vacacións, medios de transporte, aloxamento, equipaxe...
- **Bens e servizos públicos:** xestións sinxelas en bancos, correos, policía...
- **Traballo e profesións:** actividades profesionais máis habituais...
- **Alimentación:** léxico máis habitual relacionado coa alimentación e a gastronomía
- **Compras e actividades comerciais:** establecementos comerciais, prezos, formas básicas de pagamento...

##### 2º cuadrimestre:

- **Viaxes:** nomes de países e xentilicios, vacacións, medios de transporte, aloxamento, equipaxe...
- **Saúde e coidados físicos:** estado físico, partes do corpo...
- **Vivenda, fogar e contorna:** partes da casa, mobiliario básico...
- **Actividades cotiás:** hábitos e horarios...
- **Clima, condicións atmosféricas e ambiente:** estacións do ano, fenómenos atmosféricos, animais e plantas máis comúns...

## b) Contidos gramaticais

### 1º cuadrimestre:

- O pronome persoal. Clases, formas e usos máis habituais
- O verbo. Formas máis usuais para a expresión do presente, do pasado e do futuro. Formas de uso máis habitual para expresar estados, accións, eventos, procesos e realizacións.
- A oración simple afirmativa, negativa e interrogativa. Estrutura e orde dos seus elementos
- A oración subordinada: con *weil, als, wie, dass, wenn*,
- O nome. Formación do xenitivo: Name + s
- O artigo. Clases (determinado/definido, indeterminado/indefinido e partitivo). Formas e usos. Casos máis usuais de presenza/omisión do artigo. Contraccións máis usuais
- O posesivo. Formas e usos
- O adxectivo: comparativo e superlativo e declinación
- O adverbio: comparativo e superlativo
- O verbo. Das Konjuntiv II mit könnte. Os verbos modais *müssen, können, wollen, dürfen e sollen* no pasado. Os verbos reflexivos.
- As preposicións, os conectores e os enlaces de uso máis frecuente
- O nome. Substantivo e adxectivo. Clases, xénero, número, caso e grao. Regras máis comúns para a flexión do xénero e do número.
- Os cuantificadores. Numerais cardinais e ordinais. Outros cuantificadores elementais moi usuais
- O adverbio. Formas máis comúns para expresar afirmación, negación, modo, tempo, lugar e dirección
- Gramática textual. Procedementos elementais de organización estrutural de textos orais e escritos

### 2º cuadrimestre:

- O pronome persoal. Clases, formas e usos máis habituais
- Gramática textual. Procedementos elementais de organización estrutural de textos orais e escritos
- A oración subordinada: con *als* e *wenn*. Oracións interrogativas indirectas. Oracións de relativo.
- As preposicións, os conectores e os enlaces de uso máis frecuente

- O verbo. *Das Konjuntiv II*. Dar consellos con *sollte*.
- O artigo. Clases (determinado/definido, indeterminado/indefinido e partitivo). Formas e usos. Casos máis usuais de presenza/omisión do artigo. Contraccións máis usuais
- A oración: Unir oracións con enlaces *deshalb* y *trotzdem*
- O verbo. Con dativo e acusativo. Verbos preposicionais.
- As partículas interrogativas, exclamativas e relativas de uso máis común
- O demostrativo. Formas, contraccións e usos
- Os indefinidos máis frecuentes. Formas, contraccións e usos

### c) Contidos fonéticos

- O alfabeto
- Correspondencia entre grafías e fonemas
- Recoñecemento e produción dos sons vocálicos e consonánticos
- A entoación
- O acento. Regras básicas de acentuación
- Recoñecemento e produción dos tons
- Recoñecemento e produción dos ideogramas básicos

### d) Contidos ortográficos

- Estrutura silábica
- Ortografía das palabras estranxeiras de uso moi frecuente
- Orde dos trazos dos caracteres
- Usos básicos das maiúsculas e das minúsculas
- Ortografía do vocabulario máis usual
- Usos básicos dos signos ortográficos e de puntuación máis frecuentes

## 3.2. Competencias socioculturais

Fan referencia ao coñecemento e aplicación dos recursos que lle permitan ao alumnado comportarse e comunicarse con efectividade en diferentes situacións, tendo en conta os aspectos socioculturais e sociolingüísticos máis básicos relativos aos diferentes ámbitos. Estes contidos deben enmarcarse nunha perspectiva intercultural e deberán estar integrados nas diferentes áreas temáticas á hora de elaborar os materiais didácticos.

Teranse en conta as seguintes áreas:

**Vida cotiá:** horarios e hábitos de comida, horarios e costumes relacionados co traballo, actividades de lecer...

**Condicións de vida:** vivenda, condicións laborais, transporte...

**Relacións persoais:** relacións sociais, familiares, profesionais...

**Linguaxe corporal:** expresións faciais, acenos, distancia interpersoal, contacto visual, calidade de voz (ton, volume...)

**Convencións sociais:** fórmulas de cortesía en situacións da vida cotiá, vestiario...

### 3.3. Competencias extratécnicas

Fan referencia á capacidade do alumnado para aprender autonomamente, resolver as dificultades que lle poidan xurdir e ser consciente da súa propia aprendizaxe responsabilizándose do proceso dun xeito activo. Os contidos que se relacionan deberán adaptarse ás características propias de cada idioma, á organización de cada nivel, ás necesidades e dificultades de aprendizaxe do alumnado e ás distintas actividades de lingua.

**1. As estratexias de aprendizaxe** danlle a posibilidade ao alumnado de regular a súa aprendizaxe, así como de transformar e xestionar a nova información da lingua obxecto de estudo. Así o alumnado poderá:

- **Determinar** os requirimentos da tarefa e avaliar os propios coñecementos e recursos lingüísticos para desenvolvela.
- **Identificar** o tipo de texto para adaptarse á súa comprensión.
- **Distinguir** o tipo de comprensión (sentido xeral, información específica...).
- **Formular** hipóteses sobre o contido, baseándose nos seus coñecementos.
- **Planificar** o desenvolvemento da tarefa tendo en conta a situación de comunicación e o obxectivo que se pretende acadar.
- **Planificar** a estrutura básica do texto.
- **Ensañar** o texto oral ou escrito.
- **Adecuar** de forma básica o texto oral ou escrito á persoa destinataria, ao contexto e á canle.
- **Aproveitar** os coñecementos previos.

**2. As estratexias de comunicación** permiten mobilizar os propios recursos para poñer en funcionamento as actividades de lingua, así como establecer e manter a comunicación cos medios lingüísticos dispoñibles. Así, o alumnado poderá:

- **Probar** novas expresións.
- **Utilizar** estratexias sinxelas para comezar, manter ou rematar unha conversa breve.
- **Cooperar** coa persoa interlocutora para facilitar a comprensión mutua.
- **Deducir** o significado de palabras ou frases a partir do contexto.
- **Compensar** as carencias lingüísticas mediante procedementos lingüísticos ou extralingüísticos.
- **Efectuar**, de forma básica, as aclaracións e correccións necesarias para compensar dificultades e malentendidos na comunicación.
- **Consultar** as posibles dúbidas e corrixir os erros.
- **Comprobar** hipóteses.



- **Reformular** hipóteses a partir da comprensión de novos elementos.
- **Memorizar** palabras e estruturas novas aprendidas.
- **Valorar** se se conseguiron ou non os obxectivos propostos.

## 4. Avaliación

### 4.1. Criterios de cualificación e mínimos esixibles

#### 4.1.1. Criterios de cualificación

A proba de certificación consta de catro actividades de lingua:

- Comprensión de textos escritos
- Producción, coprodución e mediación escrita
- Comprensión de textos orais
- Producción, coprodución e mediación oral.

As cualificacións definitivas obtidas expresaranse mediante os termos de “apto/a” “non apto/a” ou “non presentado/a”.

Será apto o alumnado que obteña 15 puntos en cada actividade de lingua, sumando un total de 60 puntos. A puntuación máxima total ascende a 100 puntos, correspondendo 25 puntos a cada actividade de lingua.

Avaliarase o progreso e logro de obxectivos do alumnado de forma frecuente e interactiva mediante procesos de observación na aula e recollida e avaliación de tarefas. O profesorado informará ó alumnado sobre o seu progreso despois do primeiro cuadrimestre.

A cualificación positiva final na convocatoria ordinaria de xuño conducirá á obtención do certificado de nivel Básico A2 e permitirá o acceso ao seguinte nivel.

Na convocatoria extraordinaria a finais de xuño o alumnado examínase das actividades de lingua non superadas ou non presentadas na convocatoria ordinaria.

O alumnado que non supere todas as actividades de lingua deberá repetir curso.

#### 4.1.2. Mínimos esixibles

**É quen** de comprender o sentido xeral de textos sinxelos que falen sobre temas básicos e recoñece o léxico oral básico sobre temas frecuentes e necesidades esenciais e deducir o significado do que non coñece, articulado lentamente e nunha linguaxe estándar e tamén de distinguir os sons, pronunciacións e entoacións máis comúns.

**É quen** de producir un texto oral moi breve e sinxelo. Pode utilizar estruturas sintácticas moi sinxelas e frecuentes empregando expresións sinxelas e fixas para comunicarse comprensiblemente, aínda que reformule, dubide e faga pausas.

**É capaz**, de xeito sinxelo, de interactuar en conversas breves, de xeito lento e claro, garantindo a comunicación, aínda que presente erros.

**É quen** de saber empregar un conxunto de léxico elemental que lle permita dar ou obter información sobre temas frecuentes e necesidades esenciais, garantindo a comunicación, aínda que presente erros.

**É capaz** de pronunciar e entoar con suficiente claridade, con acento estranxeiro e cometendo erros que non impidan a comunicación.

**É quen** de producir un texto oral moi breve e sinxelo utilizando estruturas sintácticas moi sinxelas e frecuentes.

**É capaz** de empregar expresións sinxelas e fixas para comunicarse comprensiblemente, aínda que reformule, dubide e faga pausas interatuando de xeito sinxelo en conversas breves garantindo a comunicación, aínda que presente erros

**É quen** de pronunciar e entoar con suficiente claridade, con acento estranxeiro e cometendo erros que non impidan a comunicación.

**É capaz** de recoñecer a empregar expresións sinxelas e fixas para comunicarse comprensiblemente, aínda que reformule, dubide e faga pausas e sabe empregar un conxunto de léxico elemental que lle permita dar ou obter información elemental que debe transmitir e as intencións elementais dos emisores ou receptores.

**É quen** de refacer para que sexa máis simple e comprensible o que se dixo, coa axuda doutras persoas ou de elementos paralingüísticos

## 4.2. Procedementos e instrumentos de avaliación

A avaliación terá por obxecto cualificar e certificar o nivel de competencia comunicativa adquirido polo alumnado como resultado do seu proceso de aprendizaxe.

Haberá diferentes modalidades ao longo do curso

**Avaliación inicial (ou de diagnóstico):** O profesorado a inicio de curso fará unha avaliación de diagnóstico para coñecer o nivel e as características do seu alumnado.

**Avaliación de progreso (ou formativa):** Nesta modalidade tanto profesorado como alumnado poden observar, reflexionar e valorar o proceso de aprendizaxe. Avaliarase o progreso e logro de obxectivos do alumnado de forma frecuente e interactiva mediante procesos de observación na aula e recollida e avaliación de tarefas. O profesorado informará ó alumnado sobre o seu progreso despois do primeiro cuadrimestre.

**Avaliación certificadora:** O alumnado oficial terá a dúas convocatorias para certificar o nivel, unha a principios e outra a finais de xuño. Será apto o alumnado que obteña 15 puntos en cada actividade de lingua, sumando un total de 60 puntos. A puntuación máxima total ascende a 100 puntos, correspondendo 25 puntos a cada actividade de lingua. A cualificación positiva final conducirá á obtención do certificado do nivel A2 e permitirá o acceso ao seguinte nivel.

**A auto-avaliación:** sendo a autoavaliación un instrumento importante no proceso de ensino-aprendizaxe fomentarse a autoavaliación tanto do profesorado como do alumnado. O

profesorado poderá saber si acadar os obxectivos marcados e si precisa facer cambios na programación para acadar ditos obxectivos e o alumnado desenvolve a capacidade de ser responsable ante o seu propio proceso de aprendizaxe. O profesorado motivará ó alumnado a realizar as distintas actividades de autoavaliación que están ao final de cada tema no libro de texto.

### 4.3. Criterios de avaliación

#### 4.3.1. Actividades de comprensión de textos orais

**Coñece** e aplica á comprensión do sentido xeral e da información esencial do texto, extraendo claves para interpretalo, os aspectos socioculturais e sociolingüísticos básicos relativos á vida cotiá, ás condicións de vida, ás relacións persoais e ás convencións sociais das culturas en que se usa o idioma.

**Recoñece** o léxico oral básico e de uso común relativo a temas frecuentes ou a necesidades inmediatas e aspectos do ámbito persoal, e pode deducir do contexto e do cotexto o significado probable de palabras ou frases que descoñece.

**Discrimina** os patróns sonoros, acentuais, rítmicos e de entoación de uso máis común, e comprende os significados e intencións comunicativas xerais asociados a eles.

#### 4.3.2. Actividades de produción e coprodución de textos orais

**Aplica** á produción do texto oral, tanto monolóxico como dialóxico, os coñecementos socioculturais e sociolingüísticos elementais adquiridos, respectando as normas de cortesía máis básicas e sinxelas.

**Coñece** e sabe aplicar estratexias moi básicas para producir textos orais moi breves e de estruturas sinxelas e habituais, utilizando unha serie de procedementos sinxelos para reformular a mensaxe e reparar a comunicación.

**Leva** a cabo as funcións principais demandadas polo propósito comunicativo, utilizando un repertorio común dos seus expoñentes e seguindo os patróns discursivos básicos.

**Manexa** un repertorio básico de expresións sinxelas e fixas que lle permiten comunicarse de forma comprensible, con pausas, titubeos e reformulacións. Interactúa de maneira sinxela en intercambios caracterizados por intervencións breves e significativas, articuladas de forma lenta e clara, facendo preguntas e dando respostas para asegurar a comunicación e usando rutinas moi habituais para iniciar e pechar a quenda de palabra, aínda que pode presentar algunhas incorreccións que non imposibilitan a comunicación.

**Utiliza** estruturas sintácticas sinxelas e de uso frecuente e emprega os recursos de cohesión textual básicos (entoación, repetición léxica e conectores moi comúns) para enlazar grupos de palabras e crear secuencias moi sinxelas.

**Coñece** e utiliza adecuadamente un repertorio léxico oral básico, suficiente para dar e obter información sobre temas moi frecuentes ou necesidades inmediatas e aspectos do ámbito persoal, utilizando normas básicas e sinxelas de cortesía e expresións temporais sinxelas relacionadas co pasado e co futuro, aínda que pode presentar algunhas incorreccións que non imposibilitan a comunicación.

**Pronuncia** e entoa de maneira suficientemente clara, aínda que resulte moi evidente o acento estranxeiro ou cometa erros que non imposibiliten a comunicación e sexa necesaria a colaboración do interlocutor ou da interlocutora.

#### 4.3.3. Actividades de comprensión de textos escritos

**Comprende** o sentido xeral e a información esencial do texto.

**Comprende** o léxico escrito básico e de uso común relativo a temas frecuentes ou a necesidades inmediatas e aspectos do ámbito persoal, e pode deducir do contexto e do cotexto o significado probable de palabras ou frases que descoñece.

**Recoñece** os valores e significados asociados ás convencións de formato, tipográficas, ortográficas e de puntuación de uso máis común.

#### 4.3.4. Actividades produción e coprodución de textos escritos

**Aplica** á produción e coprodución do texto escrito os coñecementos socioculturais e sociolingüísticos elementais adquiridos, respectando as normas de cortesía máis básicas e sinxelas.

**Coñece** e sabe aplicar estratexias moi básicas para producir textos escritos moi breves e de estruturas sinxelas e habituais, p. ex. copiando modelos de textos de características similares ou planificando e ensaiando o texto.

**Leva a cabo** as funcións principais demandadas polo propósito comunicativo, utilizando un repertorio común dos seus expoñentes e seguindo os patróns discursivos máis básicos para organizar o texto escrito segundo o seu xénero e tipo.

**Utiliza** estruturas sintácticas sinxelas e de uso frecuente e emprega os recursos de cohesión textual básicos (repetición léxica e conectores moi comúns) para enlazar grupos de palabras e crear secuencias moi sinxelas.

**Coñece** e utiliza adecuadamente un repertorio léxico escrito básico, suficiente para dar e obter información sobre temas moi frecuentes ou necesidades inmediatas e aspectos do ámbito persoal, aínda que pode presentar algunhas incorreccións que non imposibilitan a comunicación.

**Utiliza** as regras ortográficas, os signos de puntuación e as convencións formais de uso máis común na redacción de textos en papel ou soporte dixital.

#### 4.3.5. Actividades de mediación

**Coñece** os aspectos básicos xerais que caracterizan as comunidades de falantes correspondentes e é capaz de actuar en consecuencia, aínda que poida cometer incorreccións no seu comportamento.

**Identifica**, aplicando as estratexias necesarias, a información clave que debe transmitir, así como as intencións básicas das persoas emisoras e receptoras cando este aspecto é relevante.

**Repite** ou reformula o dito de maneira máis sinxela para facerlles máis comprensible a mensaxe aos receptores e as receptoras, podendo axudarse de elementos non lingüísticos ou da colaboración doutras persoas.

**Toma notas** moi breves coa información necesaria que considera importante trasladarle ás persoas destinatarias, podendo facer preguntas sinxelas para obter esta información.

### NIVEL INTERMEDIO

#### NIVEL B1.1

## 1. Obxectivos xerais

### 1.1. Actividades de comprensión de textos orais

**Comprender** o sentido xeral, as ideas principais e os detalles relevantes dun discurso breve ou de extensión media sobre temas coñecidos, cunha estrutura clara, articulado con nitidez en lingua estándar e a velocidade lenta, transmitido por calquera canle, sempre que as condicións acústicas sexan boas e se poida volver escoitar.

### 1.2. Actividades de produción e coprodución de textos orais

**Producir e co-producir** descrições sinxelas e realizar breves discursos presentados como unha secuencia de elementos nos que se responda a preguntas ou se confirmen informacións sinxelas sobre temas da vida cotiá, do ámbito académico e da súa especialidade profesional, cun grao razoable de corrección e fluidez que permitan manter a interacción, aínda que sexa evidente o acento estranxeiro e as pausas para planificar o discurso.

### 1.3. Actividades de comprensión de textos escritos

**Comprender** o esencial, os puntos principais e os detalles relevantes, en textos breves ou de extensión media que traten asuntos cotiáns, habituais ou do seu interese, escritos en lingua estándar, cunha estrutura clara e ben organizados desde o punto de vista da forma e do contido. Extraer información concreta, incluso de carácter técnico, se esta é sinxela, e identificar a idea principal e algúns detalles específicos.

### 1.4. Actividades de produción e coprodución de textos escritos

**Producir e coproducir** textos breves e sinxelos sobre temas cotiáns ou da súa especialidade, suficientemente estruturados e adecuados ao contexto (destinatario/a, situación, propósito) en secuencias lineais, onde conte experiencias sinxelas relacionadas con acontecementos reais ou imaxinados, onde se xustifiquen opinións ou se expliquen plans.

### 1.5. Actividades de mediación

**Mediar** entre falantes da lingua meta ou de distintas linguas, oralmente ou por escrito, transmitindo o sentido xeral da información e as opinións, sobre asuntos cotiáns do seu interese, en lingua estándar.

## 2. Obxectivos específicos

### 2.1. Actividades de comprensión de textos orais

**Comprender** as ideas principais dun debate articulado con claridade e ben organizado en lingua estándar, aínda que poida presentar algunha estrutura idiomática moi común.

**Comprender** anuncios e mensaxes que conteñan instrucións de uso frecuente no ámbito público, educativo e profesional da súa especialidade, expresadas en linguaxe habitual.

**Comprender** informacións referidas a identificacións e caracterizacións persoais expresadas en linguaxe habitual .

**Comprender** informacións referidas a transaccións (aloxamento, alimentación, servizos...) expresadas en linguaxe habitual.

**Comprender** as ideas xerais dun programa de radio de temas coñecidos (boletín informativo, reportaxe...) articulados con certa lentitude e claridade.

**Comprender** a liña xeral de series ou películas nas que se fale articulando con claridade, en lingua estándar e nas que a imaxe e a acción conducen o argumento.

## 2.2. Actividades de producción e coproducción de textos orais

**Intervir** en asuntos relacionados coa vida cotiá, expresando opinións e sentimentos.

**Dar** información sobre a identificación e a caracterización persoal.

**Dar** información xeral sobre un asunto de saúde.

**Resolver** nunha viaxe case todas as situacións comunicativas previsibles (tendas, hoteis, transporte...).

**Participar** en xestións habituais nun banco, nas oficinas de correos ou noutras institucións similares.

**Pedir** un menú nun restaurante, solicitar informacións sobre un menú e sobre formas de pagamento.

**Solicitar** información simple relacionada con cuestións administrativas ou académicas.

**Facer** breves exposicións previamente preparadas nas que, ademais, pode responder a preguntas para aclarar puntos non suficientemente claros.

## 2.3. Actividades de comprensión de textos escritos

**Comprender** información e instrucións relevantes contidas en folletos de divulgación, anuncios publicitarios e guías turísticas.

**Comprender** mensaxes electrónicas, escritas con claridade, de carácter persoal ou formal do seu interese.

**Comprender** instrucións sinxelas, que poidan ter axuda de soporte visual, contidas en prospectos de medicamentos, catálogos, libros de instrucións etc.

**Comprender** descricións claras e directas de persoas, acontecementos, obxectos, lugares.

**Comprender** noticias e artigos periodísticos breves escritos con claridade, sinxelos e ben estruturados sobre temas cotiáns ou do seu interese.

**Comprender** correspondencia informal clara do ámbito privado, e correspondencia formal breve de institucións relacionadas co seu ámbito académico ou profesional.

## 2.4. Actividades de producción e coproducción de textos escritos

**Escribir** notas persoais sinxelas nas que se relaten experiencias e se expresen opinión ou desexos.

**Cubrir** impresos e formularios –segundo modelos– que requiran datos persoais, académicos, profesionais nos que, por exemplo, se pregunten ou ofrezan explicacións (reclamacións).

**Tomar notas** a partir dunha reunión, dunha conferencia ou dunha aula, aínda que conteñan algunhas incoherencias.

**Redactar** resumos moi breves en formato convencional nos que ofrece a súa opinión, con certa seguridade, sobre feitos concretos.

**Redactar** documentos breves relacionados coa súa propia área profesional, aínda que sexa necesaria unha revisión.

**Redactar** textos nos que se narran historias curtas e sinxelas que describen un feito real, por exemplo unha viaxe.

## 2.5. Actividades de mediación

**Interpretar** durante intercambios entre amigos/as, coñecidos/as, familiares ou colegas, nos ámbitos persoal e público (p. ex. en reunións sociais, cerimonia, eventos, ou visitas culturais), sempre que poida pedir confirmación dalgúns detalles.

**Mediar** entre falantes da lingua meta ou de distintas linguas transmitindo o sentido xeral da información e as opinións.

**Tomar notas** escritas sinxelas para terceiras persoas recollendo os puntos e os aspectos máis relevantes, durante unha presentación clara e directa nunha variedade estándar da lingua, sobre temas coñecidos ou habituais.

**Resumir** por escrito os puntos principais expresados en conversacións, entre dúas ou máis persoas interlocutoras, claramente estruturadas, articuladas a velocidade normal e nunha variedade estándar da lingua, sobre temas de interese persoal ou do propio campo de especialización nos ámbitos académico e profesional.

## 3. Secuenciación e temporalización dos contidos

### 3.1. Competencias comunicativas

#### 3.1.1. Competencias pragmáticas

##### a) Contidos funcionais

Desenvolveranse ao longo dos cursos B1.1 e B1.2 de acordo cos obxectivos propios de cada un deles.

##### Usos sociais da lingua:

En situacións formais e informais, dirixirse a alguén, saudar e despedirse, usar as formas de tratamento adecuadas, desculparse, agradecer, presentarse e presentar outras persoas, felicitar, eloxiar, invitar.

Reaccionar ante unha información con expresións que amosen o sentimento adecuado á situación.

##### Control da comunicación:



Manifestar comprensión e incompreensión.

Pedirlle ao interlocutor confirmación da comprensión.

Solicitar a axuda do interlocutor para facilitar a comprensión:

por exemplo, falar devagar, deletrear, repetir, preguntar o significado dunha palabra ou expresión.

Reformular, parafrasear, repetir, corrixir, explicar, sinalar, etc.

Encher con pausas ou expresións de dúbida mentres se busca o elemento que falta.

### Información xeral:

Pedir e dar información sobre datos persoais.

Pedir e dar información sobre lugares, horarios, datas, presos, cantidades e actividades.

Responder a preguntas ofrecendo información, confirmando, refutando, dubidando, expresando descoñecemento, etc.

Identificar e solicitar información mediante preguntas.

Resumir, repetir e transmitir información.

Intercambiar información sobre asuntos cotiáns: actividades, normas, costumes, sucesos.

Indicar posesión.

Relacionar datos (causa, consecuencia, finalidade, condicións, etc.).

Indicar onde e cando ocorre algo.

Referirse a accións cotiáns no presente, no pasado e no futuro.

### Coñecemento, opinións e valoracións:

Expresar intereses, preferencias e gustos (e contrarios).

Afirmar e negar algo.

Mostrar acordo total ou parcial, satisfacción conformidade (e contrarios).

Preguntar e expresar coñecemento e descoñecemento, seguridade e inseguridade.

Expresar reticencias, obxeccións.

Expresar aprobación e satisfacción ou os seus contrarios.

Expresar e contrastar opinións.

### Desexos, estados de saúde, sensacións e sentimentos:

Vontade, intencións.

Desexos para si e para outros.

Estados de saúde, síntomas e sensacións físicas.

Estados de ánimo, emocións e sentimentos: sorpresa, lelicia, mágoa, enfado, esperanza, etc.

Sentimientos cara a outras persoas: agradecemento, afecto, admiración, etc.

Desculpar(se) e aceptar desculpas.

Compartir sentimentos e reaccionar adecuadamente ante eles: acougar, dar azos, expresar condolencia, etc.

Expresar unha queixa ou unha reclamación.

Eloxiar, facer cumprimentos e os seus contrarios.

Peticións, instrucións e suxestións.  
Pedir e ofrecer obxectos, servizos e axuda.  
Acceder ou rexeitar agradecendo ou xustificando; acceder con reservas ou condicións.  
Expresar imposibilidade, posibilidade, obriga ou prohibición de facer algo.  
Pedir, conceder e denegar permiso (con ou sen obxeccións).  
Dar instrucións, avisos e ordes.  
Aconsellar, recomendar e animar a facer algo.  
Previr, advertir.  
Transmitir unha petición.  
Suxerir actividades, aceptar ou rexeitar e reaccionar ante suxestións.  
Planificar unha actividade.  
Invitar. Concertar unha cita.

### Organización do discurso:

Dirixirse a alguén.  
Iniciar a intervención en situacións formais e informais.  
Pedir, tomar e ceder a palabra.  
Reaccionar e cooperar na interacción.  
Recoñecer e adecuarse ao esquema usual da interacción.  
Introducir un tema en situacións formais e informais.  
    Introducir unha secuencia, unha anécdota ou unha opinión.  
Enumerar, opoñer, exemplificar, aclarar aspectos, cambiar de tema, resumir.  
Anunciar o peche do discurso e pechalo.  
Relacionar e cohesionar o discurso.  
Ao teléfono: inicio, presentación, espera, recado, despedida.  
Control da comunicación.  
Recoñecer e axustarse á estrutura das cartas e dos tipos de mensaxe utilizados.  
Utilizar as convencións propias dos textos ou discursos que se manexan.

## **b) Contidos discursivos**

### ● **Coherencia e cohesión**

#### Coherencia:

Ofrecer información suficiente e relevante para cumprir o propósito comunicativo.  
Utilizar a variedade de lingua estándar.  
Utilizar o rexistro formal ou informal segundo o requira a situación de comunicación.  
Seleccionar con certa precisión o léxico e as estruturas sintácticas pertinentes para acadar o propósito comunicativo segundo o tema que se trate.

Adaptarse ás características, á organización básica e ao formato dos textos orais e escritos a que se enfronta ou que produce, recollidos na epígrafe. Tipoloxía de textos.

Utilizar recursos lingüísticos adecuados para garantir a coherencia espazo-temporal.

### **Cohesión:**

Iniciar, desenvolver e rematar textos en diferentes situacións de interacción escrita.

Iniciar, manter e rematar conversas en diferentes situacións de interacción oral.

Tomar, manter e ceder a quenda de palabra en diferentes situacións de interacción oral respectando as regras e as convencións.

Usar os conectores básicos discursivos para iniciar, continuar, engadir, exemplificar e concluír.

Intentar manter a cohesión temática do texto utilizando recursos tales como a correferencia (por exemplo o uso de artigos, pronomes, demonstrativos, concordancias), a elipse, as repeticións, etc.

Organizar de xeito sinxelo o discurso de maneira que se distinga o tema principal dos temas secundarios.

Utilizar conectores básicos para expresar relacións lóxicas tales como causa, consecuencia, finalidade, etc.

Recoñecer ou utilizar a reformulación como recurso para intentar garantir a comprensión nunha situación de comunicación.

Utilizar os patróns de entoación adecuándoos á situación comunicativa.

Utilizar con certa precisión os recursos básicos de puntuación adecuándoos ás regras e convencións propias dos textos recollidos na epígrafe Tipoloxía de textos.

### ● **Tipoloxía de textos**

A palabra texto está empregada neste currículo no sentido amplo e coas características que lle outorga o MEER: “O texto é calquera secuencia de discurso (falado ou escrito) relacionada cun ámbito específico e que durante a realización dunha tarefa constitúe o eixe dunha actividade de lingua, ben como apoio ou meta, ben como produto ou como proceso”.

Este punto inclúe un repertorio único de textos orais e escritos. A complexidade de cada un deles deberá ser adaptada aos obxectivos propios do nivel.

### **Oral:**

Anuncios publicitarios na radio e televisión e anuncios por megafonía.

Instrucións e indicacións detalladas  
Conversas cara a cara e en grupo  
Reunións de traballo  
Debates  
Discusións formais  
Entrevistas: de traballo, académicas, médicas...  
Enquisas  
Textos audiovisuais: películas, programas TV ou de radio, telexornais, documentais, material gravado  
Conferencias, presentacións e declaracións públicas  
Cancións  
Representacións teatrais  
Conversas telefónicas e mensaxes en contestadores automáticos

**Escrito:**

Anuncios publicitarios (en paneis, na prensa, etc.) e anuncios por palabras  
Correspondencia persoal e formal (cartas comerciais, reclamacións, pedidos, telefax, notas, mensaxes, invitacións, felicitacións, etc.)  
Textos xornalísticos (noticias, reportaxes, crónicas, cartas ao director, artigos de opinión, entrevistas)  
Informes  
Resumos e esquemas  
Apuntamentos  
Textos literarios (contos, relatos breves, poemas, diálogos teatrais)  
Bandas deseñadas e tiras cómicas  
Documentos oficiais (formularios, impresos, instancias)  
Documentos comerciais (contratos, facturas, albarás, cartas comerciais, extractos bancarios)  
Catálogos  
Manuais de instrucións  
Guións  
Currículo  
Dicionarios e tesauros  
Prospectos  
Receitas de cociña  
Adiviñas  
Biografías

### **3.1.2. Competencias sociolingüísticas**

Un enfoque centrado no uso do idioma supón necesariamente a súa dimensión social. Para que a comunicación sexa eficaz, o usuario da lingua non só ten que coñecer os recursos dispoñibles, senón tamén saber utilizalos axeitadamente en cada contexto. Neste sentido,

enténdese que a competencia sociolingüística consiste na capacidade do usuario de interpretar e comportarse de forma axeitada en diferentes situacións.

As alumnas e os alumnos deben adquirir as competencias sociolingüísticas que lles permitan comunicarse con efectividade ao nivel especificado. Entre estas encóntranse o coñecemento, o discernimento e o uso de marcadores lingüísticos de relacións sociais, fórmulas de tratamento, saúdos, normas de cortesía, diferenzas de rexistro (formal e informal) e expresións idiomáticas moi frecuentes.

Por outra parte, cada lingua é reflexo da súa realidade social. Polo tanto, os contidos que se enumeran a seguir teñen que ser adaptados á realidade específica de cada lingua. Desenvolveranse ao longo dos cursos B1.1 e B1.2 de acordo cos obxectivos propios de cada un deles.

#### Convencións sociais:

Establecemento de contacto (saúdo, expresión do interese por alguén), presentacións, dirixirse a alguén, solicitar a conceder permiso, comunicación telefónica e telemática.

#### Finalización do contacto:

Despedida, envío de saúdos, finalización de conversa telefónica, formas de saúdo en despedida en cartas.

#### Mantemento do contacto:

Desculpa, agradecementos, cumprimentos, felicitación, condolencia, desexo, brindes.

#### Expresión axeitada de sentimentos:

Alegría, entusiasmo, sorpresa, gabanza, etc.; utilización axeitada das exclamacións.

### **3.1.3. Competencias lingüísticas**

#### **a) Contidos léxicos-semánticos**

##### **1º cuadrimestre:**

##### Viaxes e transportes:

Planificación das vacacións

Viaxes ligadas ao turismo (axencia de viaxes, monumentos, etc.)

Comunicación con empregados de locais para o aloxamento

Entrada e saída dun país

### Compras e actividades comerciais:

- Relacións co persoal comercial
- Formas de tratamento
- Reclamacións

### Relacións humanas e sociais

- Cambios na vida persoal
- Acontecementos pasados
- Felicidade
- Comportamento social e individual

### Identificación persoal

- Títulos e tratamentos, biografía, valores persoais, afeccións...
- Estados de saúde e ánimo

### **2º cuadrimestre:**

#### Traballo e profesión:

- Actividade profesional
- Organización do traballo (lugar, cargo, horario, etc.)
- Búsqueda e solicitude de emprego
- Entrevistas de traballo

#### O medio ambiente:

- Protección do medio
- Medio rural e medio urbano
- A auga
- Condicións climáticas

#### O futuro:

- Predición
- Medios transporte no futuro
- Vivenda no futuro
- Planificación do futuro
- Tecnoloxías da información e da comunicación

## **b) Contidos gramaticais**

### **1º cuadrimestre:**

#### 1. A oración

Oracións infinitivas con e sin *zu*.

Subordinadas con *da/weil* e *obwohl*.

Oracións con *deshalb, deswegen, darum, daher, sodass / so...dass*

## 2. O verbo:

Repaso da colocación do verbo na oración subordinada.

O infinitivo como substantivo

O verbo *lassen*

O pretérito dos verbos regulares e irregulares

## 3. As preposicións.

As preposicións de dativo e xenitivo (*wegen* e *trotz* + *xenitivo*)

## 4. O Adxetivo

O xenitivo

## . 5. O Substantivo

A formación de substantivos compostos

## **2º cuadrimestre:**

### 1. A oración.

As oracións condicionáis irreáis con *Konjunktiv II*.

Oracións subordinadas con *damit* e *um zu*.

Oracións de relativo con dativo e preposicións.

### 2. O Substantivo

A formación de substantivos compostos.

A formación de substantivos en *-heit* e *-keit*.

A *-n Deklination*.

### 3. O verbo.

O *Konjunktiv II* dos verbos modais.

Verbos con preposición fixa.

Formación e uso de *Futur I*.

### 4. Os adverbios.

Adverbios pronominais: *dafür, darauf, ....*

### 5. Os adxetivos.

Comparativos e superlativos diante do Nome.

## **c) Contidos fonéticos**

Os contidos serán esencialmente os mesmos que os recollidos no nivel A2. A diferenza radicarán no maior nivel de corrección que se lle poderá exixir ao alumnado.

Sons e fonemas vocálicos: cantidade vocálica. Os ditongos.

Sons e fonemas consonánticos e as suás agrupacións.

Procesos fonolóxicos.

Contracción de preposición e artigo.

Metafonía (Umlaut).

[r] en posición final ou preconsonántica: influencia da vogal precedente.

Acento dos elementos léxicos illados.

Acento e atonicidade: patróns tonais no sintagma.

A entoación: cadencia, grupos rítmicos.

#### **d) Contidos ortográficos**

Os contidos serán basicamente os mesmos que os recollidos no nivel A2. A diferenza radicará no maior nivel de corrección que se lle poderá esixir ao alumnado.

O alfabeto.

Representación gráfica de fonemas e sons: correspondencias.

Ortografía das palabras estranxeiras.

Uso dos caracteres nas súas diversas formas: maiúsculas e minúsculas.

Signos ortográficos: apóstrofo, diérese para indicar Umlaut, comiñas...

Estrutura silábica. División de palabras no final da liña. División de compostos.

A puntuación: uso da coma para separar oracións simples e complexas, construcións de infinitivo e aposicións.

### **3.2. Competencias socioculturais**

O alumnado deberá adquirir un coñecemento da sociedade e da cultura propias dos países e territorios en que se fala o idioma estudado, xa que esta circunstancia mellora a competencia comunicativa e, alén diso, a ausencia dunha competencia sociocultural pode distorsionar a comunicación.

O desenvolvemento destes contidos enmarcarase nunha perspectiva intercultural. Terán que ser adaptados ás circunstancias socioculturais.

Específicas de cada lingua, e o léxico e as estruturas utilizados para os desenvolver adecuaranse aos obxectivos do nivel intermedio.

A vida cotiá:



alimentación (pratos e produtos típicos, costumes alimentarios, tabús, convencións sociais e comportamento na mesa, horarios e servizos dos distintos establecementos, etc); actividades de lecer: deporte e espectáculos, actividades en días festivos e non laborables (excursións, visitas aos lugares de interese cultural, monumentos, museos, etc.).

#### Os servizos públicos:

uso do transporte público (horarios, planos de transportes urbanos, estacións de trens, aeroportos, convencións e normas de uso de autobuses, taxis...).

#### As condicións de vida:

condicións da vivenda (tipos, prezos, alugueiro, convencións relacionadas coa súa procura, etc.); niveis de vida (con variacións rexionais, sociais e culturais); comunicación (por vía telefónica, postal, informática, etc.); saúde (sistema de asistencia médica);o sistema educativo.

#### O contorno xeográfico:

paisaxes, condicións climáticas, medio rural e medio urbano.

#### As relacións persoais:

cos familiares (costumes familiares), cos amigos, cos veciños, con descoñecidos, no ámbito laboral, no administrativo, no educativo e nas actividades de lecer.

#### Valores, crenzas e actitudes:

valores e crenzas fundamentais, tradicións importantes, características básicas do sentido do humor, referentes artístico-culturais significativos (historia: feitos históricos e personaxes relevantes; artes: literatura, música, teatro, pintura...); relixión: tradicións e supersticións máis comúns); tradición e cambio social.

#### As convencións sociais:

tradicións sociais no ámbito familiar, aspectos relevantes do comportamento en contextos informais e formais (presentacións, saúdos, despedidas, puntualidade, hospitalidade, visitas, regalos, etc.), convencións relativas ao vestiario en diferentes situacións, tabús e costumes nos comportamentos e nas conversas.

#### O comportamento ritual:

acontecementos de ámbito privado (nacementos, vodas, funerais, etc.), festas relixiosas e tradicionais, espectáculos e acontecementos públicos.

#### A linguaxe corporal e sons paralingüísticos:

linguaxe xestual (expresións faciais, acenos, posturas, contacto visual, etc.), contacto corporal e proximidade física; calidade de voz, ton e volume.

### **3.3. Competencias estratéxicas**

Fan referencia á capacidade do alumnado para aprender autonomamente, resolver as dificultades que lle poidan xurdir e ser consciente da súa propia aprendizaxe responsabilizándose do proceso dun xeito activo.

1. As estratexias de aprendizaxe danlle a posibilidade ao alumnado de regular a súa aprendizaxe, así como de transformar e xestionar a nova información da lingua obxecto de estudo. Así o alumnado poderá:

- Explicar o que sabe, como o aprendeu e dirixir a súa aprendizaxe para seguir aprendendo.
- Planificar a propia aprendizaxe establecendo os seu propios obxectivos a curto e a longo prazo.
- Organizar o material de aprendizaxe cos instrumentos de apoio necesarios (manuais, caderno de aprendizaxe...).
- Autoavaliar o propio proceso detectando os erros e os logros nas tarefas.
- Utilizar todos os medios ao seu alcance (Internet, proxectos sobre diversos temas, axuda doutros/as falantes...)
- Repetir, recoñecer e usar modelos de lingua etc.
- Relacionar a información nova con coñecementos previos.
- Deducir e establecer relacións entre as linguas coñecidas.
- Resumir para comprender e producir textos orais ou escritos.

2. As estratexias de comunicación permiten mobilizar os propios recursos para poñer en funcionamento as actividades de lingua, así como establecer e manter a comunicación cos medios lingüísticos dispoñibles. Así, o alumnado poderá:

- Activar e procurar coñecementos previos sobre a lingua, a situación, os contidos, as persoas...; informarse se hai axudas visuais etc.
- Identificar o tipo de texto para adaptarse á súa comprensión.
- Tomar conciencia do que se quere aprender: do contido xeral, da información específica, da información polo miúdo.
- Establecer hipóteses e inferir outros tipos de informacións a partir de elementos paratextuais (entoación, velocidade...) e extratextuais (imaxes, gráficos, fotografías...).
- Restablecer e anticipar posicións en relación ao que segue no texto (palabra, frase, resposta...).
- Reformular hipóteses sobre o contido e o contexto a partir da comprensión de novos elementos do propio texto, utilizando o seu coñecemento e experiencias.
- Asegurar a comprensión, repetir o comprendido, preguntar sobre o dito, volver escoitar o texto tendo en conta determinados aspectos.
- Solicitar repeticións, pedir que se explique unha palabra clave, dicir que non se entendeu.
- Recoñecer as dificultades de comprensión, debido a posibles factores de distorsión, á velocidade coa que se expresa etc.

## 4. Avaliación

### 4.1. Criterios de cualificación e mínimos esixibles

#### 4.1.1. Criterios de cualificación

A proba final de promoción consta de cinco actividades de lingua:

- Comprensión de textos orais
- Produción e coprodución de textos orais
- Comprensión de textos escritos
- Produción e coprodución de textos escritos
- Mediación de textos escritos e orais

As cualificacións definitivas obtidas expresaranse mediante os termos de “apto/a” “non apto/a” ou “non presentado/a”.

Será apto o alumnado que na suma total de todas as destrezas acade un mínimo de 81,25 puntos, equivalente a o 65% da nota e sempre e cando supere as cinco actividades de lingua. Para a súa superación debe tamén obter un mínimo de 12,5 puntos en cada actividade de lingua pero tamén ten que sumar entre as cinco actividades de lingua un mínimo de 81,25 puntos que son os necesarios para aprobar, é dicir, o 65% da puntuación total.

Na convocatoria extraordinaria de finais de xuño o alumnado examinarase das actividades de lingua non superadas ou non presentadas.

Tamén poderá repetir voluntariamente aquelas actividades de lingua nas que acadara os 12,5 puntos pero e non alcanzara o mínimo do 65% (16,25/25) na proba na convocatoria ordinaria, para poder así acadar a puntuación mínima global de 81,25 puntos. Neste caso só se lle terá en conta o resultado si este é superior ó resultado da convocatoria ordinaria.

A puntuación máxima total da proba ascende a 125 puntos, correspondendo 25 puntos a cada actividade de lingua.

Avaliarase o progreso e logro de obxectivos do alumnado de forma frecuente e interactiva mediante procesos de observación na aula e recollida e avaliación de tarefas. O profesorado informará ó alumnado sobre o seu progreso despois do primeiro cuadrimestre.

A cualificación positiva final en xuño (convocatoria ordinaria ou extraordinaria) permitirá o acceso ao seguinte nivel.

O alumnado que non supere todas as actividades de lingua deberá repetir curso.

#### 4.1.2. Mínimos esixibles

**É capaz** de localizar e comprender as ideas principais e os detalles informativos de textos orais e audiovisuais que traten temas coñecidos

**É capaz** de entender conversas sobre temas moi habituais nas que se expresan opinións ou se contan experiencias persoais, con pronuncia clara e velocidade normal

**É quen** de entender o esencial de exposicións públicas sinxelas e breves, emitidas en lingua estándar, sobre temas cotiáns de contidos previsibles

**É quen** de adoptar estratexias que faciliten a comprensión e permitan superar eventuais dificultades, deducindo do contexto o significado probable de termos ou enunciados descoñecidos, sobre todo se son temas relacionados cos seus intereses ou coa súa vida cotiá.

**É quen** de iniciar, manter e rematar conversas e intercambiar información ou expresar opinións persoais sempre que a pronuncia sexa clara e a velocidade media

**É quen** de desenvolverse en transaccións cotiáns en lingua estándar e participa, con certa fluidez, en discusións habituais propias da convivencia nas que se dan opinións, se discute e se propoñen solucións; expresar o seu punto de vista, sempre que a conversa sexa clara, aínda que o debate custe certo esforzo

**É capaz** de expresar, con facilidade e certa fluidez, ideas, opinións, experiencias, descrições e sentimentos sobre temas de contidos diversos relacionados coa vida cotiá e as relacións sociais Interactuar, cooperar co interlocutor, con certa fluidez e corrección, con pronuncia intelixible para ser comprendido, aínda que haxa pequenas pausas e circunloquios

**É capaz de** buscar información concreta en textos de uso cotián, persoais ou profesionais (anuncios, reportaxes, artigos de periódico, enquisas) localiza e escolle información importante en textos extensos en lingua estándar, que traten temas persoais que lle interesen para unha tarefa específica Identificar opinións, puntos de vista, valoracións, recollidas en textos de tipoloxía diversa, escritos con claridade e en lingua estándar. Usa estratexias lingüísticas e non lingüísticas para entender a información principal ou deducir o significado dun texto.

**É capaz** de redactar cartas formais e informais, vinculadas ao ámbito persoal, sinxelas e breves, respectando o formato deste tipo de documentos e cun rexistro apropiado; usar un repertorio de estruturas léxicas e expresións habituais con razoable corrección.

**É capaz** de elaborar, en lingua estándar, textos coherentes e ben cohesionados que relacionen feitos ou traten temas do seu interese.

**É capaz** de redactar pequenos informes, sinxelos e claros, respectando a estrutura formal deste tipo de textos expoñendo as causas que provocaron certas accións. Usar estratexias para favorecer unha escrita eficaz, sinxela e fluída; planificar o contido do texto, seleccionar as ideas, presentalas e organizalas en parágrafos e, finalmente, revisar a puntuación e a ortografía.

**É quen** de favorecer a comprensión entre falantes da lingua meta ou de distintas linguas transmitindo informacións, opinións e argumentos sinxelos.

**É quen** de tomar notas coa información que considere importante, e trasladarlla ou solicitarlla ás persoas destinatarias.

**É quen** de reelaborar por escrito a información básica que necesite e transmitir a mensaxe con suficiente claridade e eficacia.

## 4.2. Procedementos e instrumentos de avaliación

A avaliación terá por obxecto cualificar e certificar o nivel de competencia comunicativa adquirido polo alumnado como resultado do seu proceso de aprendizaxe.

Haberá diferentes modalidades ao longo do curso

**Avaliación inicial (ou de diagnóstico):** O profesorado a inicio de curso fará unha avaliación de diagnóstico para coñecer o nivel e as características do seu alumnado.

**Avaliación de progreso (ou formativa):** Nesta modalidade tanto profesorado como alumnado poden observar, reflexionar e valorar o proceso de aprendizaxe. Avaliarase o progreso e logro de obxectivos do alumnado de forma frecuente e interactiva mediante procesos de observación na aula e recollida e avaliación de tarefas. O profesorado informará ó alumnado sobre o seu progreso despois do primeiro cuatrimestre.

**Avaliación de promoción (ou sumativa):** Os departamentos didácticos faranlle as probas finais de promoción a final de curso ao alumnado presencial dos cursos que non certifican. A convocatoria extraordinaria para as actividades de lingua non superadas terá lugar a partir do 20 de xuño.

**A auto-avaliación:** sendo a autoavaliación un instrumento importante no proceso de ensino-aprendizaxe fomentárase a autoavaliación tanto do profesorado como do alumnado. O profesorado poderá saber si acadou os obxectivos marcados e si precisa facer cambios na programación para acadar ditos obxetivos e o alumnado desenvolve a capacidade de ser responsable ante o seu propio proceso de aprendizaxe. O profesorado motivará ó alumnado a realizar as distintas actividades de autoavaliación que están ao final de cada tema no libro de texto.

## 4.3. Criterios de avaliación

### 4.3.1. Actividades de comprensión de textos orais

**Coñece** e aplica á comprensión do texto, extraendo claves para interpretalo, os aspectos socioculturais e sociolingüísticos comúns relativos á vida cotiá, ás condicións de vida, ás relacións interpersoais, á quinésica e á proxémica, aos costumes e aos valores, e ás convencións sociais das culturas en que se usa o idioma.

**Sabe** aplicar as estratexias máis adecuadas en cada caso para a comprensión do sentido

xeral, a información esencial, os puntos e ideas principais e os detalles máis relevantes do texto.

**Distingue** a función ou funcións comunicativas máis relevantes do texto e un repertorio común dos seus expoñentes, así como patróns discursivos básicos relativos á organización textual.

**Aplica** á comprensión do texto os coñecementos sobre os constituíntes e a organización de patróns sintácticos de uso frecuente na comunicación oral.

**Recoñece** sen dificultade léxico oral de uso frecuente relativo a asuntos cotiáns, de carácter xeral, ou relacionados cos propios intereses, e pode inferir do contexto e do cotexto, xeralmente de maneira correcta, os significados dalgunhas palabras e expresións que descoñece.

**Discrimina** os patróns sonoros, acentuais, rítmicos e de entoación de uso común e recoñece as intencións comunicativas e os significados xeralmente asociados a eles.

#### 4.3.2. Actividades de produción e coprodución de textos orais.

**Aplica** á produción do texto oral, tanto monolóxico como dialóxico, os coñecementos socioculturais e sociolingüísticos adquiridos, actuando coa debida propiedade e respectando as normas de cortesía máis frecuentes nos contextos respectivos e segundo a modalidade discursiva, nun rexistro formal, neutro ou informal.

**Coñece** e sabe aplicar adecuadamente as estratexias para producir textos orais breves ou de media extensión, coherentes e de estrutura simple e clara, utilizando unha serie de procedementos sinxelos para adaptar ou reformular a mensaxe e reparar a comunicación.

**Leva a cabo** as funcións principais demandadas polo propósito comunicativo, utilizando adecuadamente os expoñentes máis habituais das ditas funcións e seguindo os patróns discursivos de uso máis frecuente en cada contexto.

**Manexa** un repertorio memorizado de frases e fórmulas para comunicarse cunha fluidez aceptable, con pausas para buscar expresións e organizar ou reestruturar o discurso, ou reformular ou aclarar o que dixo.

**Interactúa** de maneira sinxela en intercambios claramente estruturados, utilizando fórmulas ou xestos simples para tomar ou manter a quenda de palabra, aínda que en ocasións tenda a concentrarse na propia produción dificultando a participación da persoa interlocutora ou amose algún titubeo á hora de intervir cando esta acapara a comunicación.

**Utiliza** coa debida corrección e flexibilidade estruturas sintácticas de uso frecuente segundo o contexto comunicativo e emprega, polo xeral adecuadamente, os recursos de cohesión textual máis comúns (entoación, repetición léxica, elipse, deíxe persoal, espacial e temporal, marcadores discursivos e conversacionais e conectores comúns), enlazando unha serie de elementos breves, concretos e sinxelos para crear unha secuencia cohesiva e lineal.

**Coñece** e utiliza adecuadamente un repertorio léxico oral suficiente para comunicar información relativa a temas coñecidos, xerais, de actualidade ou relacionados cos propios

intereses, en situacións habituais e cotiás, aínda que cometa erros importantes ou teña que adaptar a mensaxe cando as demandas comunicativas son máis complexas ou cando aborda temas e situacións pouco frecuentes en situacións menos correntes, recorrendo neste caso a circunloquios e repeticións.

**Pronuncia** e entoa de maneira clara e intelixible, aínda que resulte evidente o acento estranxeiro ou cometa erros de pronuncia, sempre que non interrompan a comunicación, e os/as interlocutores/as teñan que solicitar repeticións de vez en cando.

#### 4.3.3. Actividades de comprensión de textos escritos.

**Coñece** e aplica á comprensión do texto, extraendo claves para interpretalo, os aspectos socioculturais e sociolingüísticos comúns relativos á comunicación escrita nas culturas en que se usa o idioma.

**Sabe aplicar** as estratexias máis adecuadas en cada caso para a comprensión do sentido xeral, a información esencial, os puntos e ideas principais e os detalles máis relevantes do texto, adaptando a este a modalidade e a velocidade de lectura.

**Distingue** a función ou funcións comunicativas máis relevantes do texto e un repertorio dos seus expoñentes máis comúns, así como patróns discursivos de uso frecuente relativos á organización, desenvolvemento e conclusión propios do texto escrito segundo o seu xénero e tipo.

**Coñece** os constituíntes e a organización de estruturas sintácticas de uso frecuente na comunicación escrita, segundo o xénero e o tipo textual, e comprende as intencións comunicativas xeralmente asociadas a eles.

**Comprende** léxico escrito de uso frecuente relativo a asuntos cotiáns e a temas xerais ou relacionados cos seus intereses persoais, educativos ou ocupacionais, e pode, xeralmente de maneira correcta, inferir do contexto e do cotexto os significados dalgunhas palabras e expresións que descoñece.

**Recoñece** os valores e os significados asociados a convencións de formato, tipográficas, ortográficas e de puntuación de uso común, así como abreviaturas e símbolos de uso frecuente.

#### 4.3.4. Actividades de produción e coprodución de textos escritos.

**Aplica** á produción e coprodución do texto escrito os coñecementos socioculturais e sociolingüísticos adquiridos, actuando coa debida propiedade e respectando as normas de cortesía máis frecuentes nos contextos respectivos e segundo a modalidade discursiva, nun rexistro formal, neutro ou informal.

**Coñece** e sabe aplicar estratexias adecuadas para elaborar textos escritos breves e de

estrutura simple adaptados a contextos habituais, p. ex. copiando modelos segundo o xénero e o tipo textual, ou facendo un guión ou esquema para organizar a información ou as ideas.

**Leva a cabo** as funcións principais demandadas polo propósito comunicativo, utilizando os expoñentes máis habituais das ditas funcións e os patróns discursivos de uso máis frecuente para organizar o texto escrito segundo o seu xénero e tipo.

**Amosa** un control razoable de estruturas sintácticas de uso frecuente e emprega mecanismos simples de cohesión (repetición léxica, elipse, deíxe persoal, espacial e temporal, xustaposición e conectores básicos), enlazando unha serie de elementos breves, concretos e sinxelos para crear unha secuencia cohesionada e lineal.

**Coñece** e utiliza un repertorio léxico escrito de uso frecuente suficiente para comunicar información breve, simple e directa en situacións habituais e cotiás, aínda que en situacións menos correntes e sobre temas menos coñecidos teña que adaptar a mensaxe.

**Utiliza**, de maneira adecuada para facerse o bastante comprensible, os signos de puntuación elementais (punto, coma...) e as regras ortográficas básicas (uso de maiúsculas e minúsculas...), así como as convencións formais máis habituais de redacción de textos, tanto en soporte papel como dixital.

#### 4.3.5. Actividades de mediación.

**Coñece** os aspectos xerais que caracterizan as comunidades de falantes correspondentes e as diferenzas e semellanzas máis significativas que existen entre os costumes, os usos, as actitudes, as relacións e os valores que prevalecen nunhas e noutras, e é capaz de actuar en consecuencia sen cometer incorreccións serias no seu comportamento, aínda que é posible que en ocasións recorra ao estereotipo.

**Identifica**, aplicando as estratexias necesarias, a información clave que debe transmitir, así como as intencións básicas das persoas emisoras e receptoras cando este aspecto é relevante.

**Interpreta**, polo xeral correctamente, as claves de comportamento e comunicativas explícitas que observa nos/as emisores/as ou destinatarios/as para acomodar o seu discurso ao rexistro e ás funcións requiridas, aínda que non sempre o faga de maneira fluída.

**Pode** facilitar a comprensión das persoas participantes recorrendo a comparacións e conexións sinxelas e directas con aquilo que pensa que poden coñecer.

**Toma notas** coa información necesaria que considera importante trasladarlles aos destinatarios e ás destinatarias ou conséguea con anterioridade para a ter dispoñible.

**Repite** ou reformula o dito de maneira máis sinxela ou un pouco máis elaborada para aclarar ou facerlles máis comprensible a mensaxe aos/ás receptores/as.

**Fai preguntas** simples pero relevantes para obter a información básica ou complementaria que necesita para poder transmitir a mensaxe con claridade e eficacia.



## 1. Obxectivos xerais

Unha vez adquiridas as competencias correspondentes ao nivel intermedio B1, o alumnado será capaz de:

### 1.1. Actividades de comprensión de textos orais

**Producir e coproducir** descrições sinxelas e realizar breves discursos presentados como unha secuencia de elementos nos que se responda a preguntas ou se confirmen informacións sinxelas sobre temas da vida cotiá, do ámbito académico e da súa especialidade profesional, cun grao razoable de corrección e fluidez que permitan manter a interacción, aínda que sexa evidente o acento estranxeiro e as pausas para planificar o discurso.

### 1.2. Actividades de produción e coprodución de textos orais

**Comprender** o sentido xeral, as ideas principais e os detalles relevantes dun discurso breve ou de extensión media sobre temas coñecidos, cunha estrutura clara, articulado con nitidez en lingua estándar e a velocidade lenta, transmitido por calquera canle, sempre que as condicións acústicas sexan boas e se poida volver escoitar.

### 1.3. Actividades de comprensión de textos escritos

**Comprender** o esencial, os puntos principais e os detalles relevantes, en textos breves ou de extensión media que traten asuntos cotiáns, habituais ou do seu interese, escritos en lingua estándar, cunha estrutura clara e ben organizados desde o punto de vista da forma e do contido. Extraer información concreta, incluso de carácter técnico, se esta é sinxela, e identificar a idea principal e algúns detalles específicos.

### 1.4. Actividades de produción e coprodución de textos escritos

**Producir e coproducir** textos breves e sinxelos sobre temas cotiáns ou da súa especialidade, suficientemente estruturados e adecuados ao contexto (destinatario/a, situación, propósito) en secuencias lineais, onde conte experiencias sinxelas relacionadas con acontecementos reais ou imaxinados, onde se xustifiquen opinións ou se expliquen plans.

### 1.5. Actividades de mediación

**Mediar** entre falantes da lingua meta ou de distintas linguas, oralmente ou por escrito, transmitindo o sentido xeral da información e as opinións, sobre asuntos cotiáns do seu interese, en lingua estándar.

## 2. Obxectivos específicos

### 2.1. Comprensión de textos orais

**Comprender** as ideas principais dun debate articulado con claridade e ben organizado en lingua estándar, aínda que poida presentar algunha estrutura idiomática moi común.

**Comprender** anuncios e mensaxes que conteñan instrucións de uso frecuente no ámbito público, educativo e profesional da súa especialidade, expresadas en linguaxe habitual.

**Comprender** informacións referidas a identificacións e caracterizacións persoais expresadas en linguaxe habitual .

**Comprender** informacións referidas a transaccións (aloxamento, alimentación, servizos...) expresadas en linguaxe habitual.

**Comprender** as ideas xerais dun programa de radio de temas coñecidos (boletín informativo, reportaxe...) articulados con certa lentitude e claridade.

**Comprender** a liña xeral de series ou películas nas que se fale articulando con claridade, en lingua estándar e nas que a imaxe e a acción conducen o argumento.

### 2.2. Producción e coproducción de textos orais

**Intervir** en asuntos relacionados coa vida cotiá, expresando opinións e sentimentos.

**Dar** información sobre a identificación e a caracterización persoal.

**Dar** información xeral sobre un asunto de saúde.

**Resolver** nunha viaxe case todas as situacións comunicativas previsibles (tendas, hoteis, transporte...).

**Participar** en xestións habituais nun banco, nas oficinas de correos ou noutras institucións similares.

**Pedir** un menú nun restaurante, solicitar informacións sobre un menú e sobre formas de pagamento.

**Solicitar** información simple relacionada con cuestións administrativas ou académicas.

**Facer** breves exposicións previamente preparadas nas que, ademais, pode responder a preguntas para aclarar puntos non suficientemente claros.

### 2.3. Comprensión de textos escritos

**Comprender** información e instrucións relevantes contidas en folletos de divulgación, anuncios publicitarios e guías turísticas.

**Comprender** mensaxes electrónicas, escritas con claridade, de carácter persoal ou formal do seu interese.

**Comprender** instrucións sinxelas, que poidan ter axuda de soporte visual, contidas en prospectos de medicamentos, catálogos, libros de instrucións etc.

**Comprender** descrições claras e directas de persoas, acontecementos, obxectos, lugares.

**Comprender** noticias e artigos periodísticos breves escritos con claridade, sinxelos e ben estruturados sobre temas cotiáns ou do seu interese.

**Comprender** correspondencia informal clara do ámbito privado, e correspondencia formal breve de institucións relacionadas co seu ámbito académico ou profesional.

### 2.4. Producción e coproducción de textos escritos

**Escribir** notas persoais sinxelas nas que se relaten experiencias e se expresen opinións ou desexos.

**Cubrir** impresos e formularios -segundo modelos- que requiran datos persoais, académicos, profesionais nos que, por exemplo, se pregunten ou ofrezan explicacións (reclamacións).

**Tomar notas** a partir dunha reunión, dunha conferencia ou dunha aula, aínda que conteñan algunhas incoherencias.

**Redactar** resumos moi breves en formato convencional nos que ofrece a súa opinión, con certa seguridade, sobre feitos concretos.

**Redactar** documentos breves relacionados coa súa propia área profesional, aínda que sexa necesaria unha revisión.

**Redactar** textos nos que se narran historias curtas e sinxelas que describen un feito real, por exemplo unha viaxe.

### 2.5. Mediación

**Interpretar** durante intercambios entre amigos/as, coñecidos/as, familiares ou colegas, nos ámbitos persoal e público (p. ex. en reunións sociais, cerimonia, eventos, ou visitas culturais), sempre que poida pedir confirmación dalgúns detalles.

**Mediar** entre falantes da lingua meta ou de distintas linguas transmitindo o sentido xeral da información e as opinións.

**Tomar notas** escritas sinxelas para terceiras persoas recollendo os puntos e os aspectos máis relevantes, durante unha presentación clara e directa nunha variedade estándar da lingua, sobre temas coñecidos ou habituais.

**Resumir** por escrito os puntos principais expresados en conversacións, entre dúas ou máis persoas interlocutoras, claramente estruturadas, articuladas a velocidade normal e nunha variedade estándar da lingua, sobre temas de interese persoal ou do propio campo de especialización nos ámbitos académico e profesional.

### 3. Secuenciación e temporalización dos contidos

#### 3.1. Competencias comunicativas

##### 3.1.1. Competencias pragmáticas

###### a) Contidos funcionais

Desenvolveranse ao longo dos cursos B1.1 e B1.2 de acordo cos obxectivos propios de cada un deles.

###### Usos sociais da lingua:

Desculpase e reaccionar adecuadamente, escribir notas de agradecemento e desculpa, presentarse e presentar outras persoas, reaccionar ante unha información con expresións que amosen o sentimento adecuado á situación, propoñer, aceptar e rexeitar invitacións e propostas.

###### Control da comunicación:

Solicitar aclaracións ou repeticións ante dificultades de comprensión. Referir informacións, propostas e peticións formuladas por outras persoas. Pedir á persoa interlocutora confirmación da comprensión

###### Información xeral:

Describir, preguntar ou responder sobre persoas desde o punto de vista físico, de carácter ou estado anímico. Describir a utilidade ou funcionamento de obxectos e aparellos. Relatar, dar e pedir información sobre accións e circunstancias pasadas. Informar de actividades no pasado consideradas no seu punto de partida e solicitar información sobre servizos.

###### Coñecemento, opinións e valoracións:

Expresar a necesidade ou o desexo de facer algo ou de que suceda algo. Expresar gustos, afección, teimas. Expresar sensacións de medo, dificultade. Explicar síntomas de enfermidades. Falar do futuro e facer hipótesis, pedir consellos e recomendacións, explicar un problema de xeito sinxelo. Protestar e reclamar por un servizo. Dar e pedir información con distintos graos de seguridade.

#### Organización do discurso:

Pedir, tomar e ceder a palabra.

Reaccionar e cooperar na interacción.

Introducir un tema en situacións formais e informais.

Enumerar, opoñer e exemplificar, cambiar de tema.

Enunciar o peche do discurso e pechalo.

Utilizar as convencións propias dos textos e discursos que manexan.

### b) **Contidos discursivos**

#### ● **Coherencia e cohesión**

Fan referencia ao coñecemento, comprensión e aplicación das competencias discursivas que lle permitan ao alumnado producir e comprender textos coherentes con respecto ao contexto en que se producen e que presenten unha cohesión interna que facilite a súa comprensión.

#### ● **Tipoloxía de textos**

A palabra texto está empregada neste currículo no sentido amplo e coas características que lle outorga o MECR: “O texto é calquera secuencia de discurso (falado ou escrito) relacionada cun ámbito específico e que durante a realización dunha tarefa constitúe o eixe dunha actividade de lingua, ben como apoio ou meta, ben como produto ou como proceso”.

Este punto inclúe un repertorio único de textos orais e escritos. A complexidade de cada un deles deberá ser adaptada aos obxectivos propios do nivel.

#### **Oral:**

Anuncios publicitarios

Instrucións e indicacións

Conversas formais e informais

Debates e discusións formais

Entrevistas: de traballo, académicas, médicas...

Enquisas

Textos audiovisuais: películas, programas TV ou de radio, telexornais, documentais, material gravado  
Presentacións  
Cancións  
Representacións teatrais

### **Escrito:**

Anuncios publicitarios (en paneis, na prensa, etc.) e anuncios por palabras  
Correspondencia persoal e formal (cartas comerciais, reclamacións, notas e mensaxes, invitacións, felicitacións, etc.)  
Textos xornalísticos (noticias, reportaxes, cartas ao director, entrevistas)  
Informes, resumos e esquemas  
Textos literarios (contos, relatos breves, poemas, diálogos teatrais)  
Novelas gráficas: bandas deseñadas e tiras cómicas  
Documentos oficiais (formularios, impresos, instancias)  
Documentos comerciais (contratos, facturas, cartas comerciais)  
Catálogos  
Manuais de instrucións  
Guións  
Currículo  
Dicionarios  
Prospectos  
Receitas de cociña  
Adiviñas  
Biografías

### **3.1.2. Competencias sociolingüísticas**

Coñecemento e aplicación á comprensión do texto dos aspectos socioculturais e sociolingüísticos relativos á vida cotiá (actividades diarias, hábitos de estudo e de traballo, lecer, festividades, horarios); condicións de vida (vivenda, contorna, estrutura social); relacións interpersoais (familiares, xeracionais, entre persoas coñecidas e descoñecidas); quinésica e proxémica (posturas, xestos, expresións faciais, uso da voz, contacto visual e físico); cultura, costumes e valores (institucións, tradicións, celebracións, cerimonias, manifestacións artísticas), e convencións sociais (fórmulas de cortesía e de tratamento e pautas de comportamento social).

### **3.1.3. Competencias lingüísticas**

#### **b. Contidos léxicos-semánticos**

## **1º cuadrimestre:**

### Identificación persoal:

- As relacións familiares
- Amizade, relacións de parella
- Resolución de conflitos
- Formas de coñecer xente nova

### Saúde e alimentación:

- Características de comidas e de bebidas
- Tipos de alimentación ( vexetariana, flexitaria, etc)
- Preparación de comidas e bebidas
- Produtos alimentarios
- Saúde física e mental
- Consellos para unha vida saudable
- Estancia no hospital
- O deporte: asociación deportivas

### Tempo libre e actualidade:

- Descrición das actividades de lecer e culturais (localidades e instrumentos usados para actividades deportivas,
- As manifestacións artísticas (pintura, teatro, xéneros cinematográficos)
- Acontecementos do momento, medios de comunicación

### Educación:

- Nomes de materias
- Exames, Títulos e diplomas
- Actividades escolares
- Servizos de educación (matrícula, inscrición, bolsa, etc.)

## **2º cuadrimestre:**

### Relacións humanas e sociais:

- Formas de tratamento
- Asociacións e institucións
- Convivencia e compromiso social

### Linguas estranxeiras

- Consellos para a súa aprendizaxe

### Vivenda, fogar e contorno:

- Descrición da vivenda
- Tipos de vivenda
- Localización da casa (periferia, barrio, medio rural, etc.)
- A cidade

### Viaxes e transportes:

- Planificación das vacacións

Viaxes ligadas ao turismo (axencia de viaxes, monumentos, etc.)  
Comunicación con empregados de locais para o aloxamento  
Entrada e saída dun país

#### Compras e actividades comerciais:

Relacións co persoal comercial ( no banco)  
A globalización  
Intercambio de produtos  
Manexo das finanzas

#### Traballo e profesión:

Actividade profesional  
Organización do traballo (lugar, cargo, horario, etc.)

#### Ciencia e tecnoloxía:

Instrucións de aparellos de uso cotián  
Tecnoloxías da información e da comunicación

### **b) Contidos gramaticais**

#### **1º cuadrimestre:**

##### 1. O sintagma adverbial. Núcleo: adverbio e locucións adverbiais.

Clases. Temporais: damals, davor, inzwischen, irgendwann, werktags.

##### 2. O sintagma adxectivoal. Núcleo: adxectivo. Modificación do núcleo.

Modificación do núcleo mediante SPrep. (Ich bin mit dem Ergebnis zufrieden).

Modificación do núcleo mediante SAdv.: besonders, ziemlich, wirklich; etwas, noch, viel.

Posición dos elementos.

Fenómenos de concordancia.

Formación do adxectivo mediante as terminacións -ig e -lich, mediante a composición (zusammengesetzte Adjektive)

##### 3. O sintagma nominal. Núcleo. Pronome.

Demostrativos: *derselbe, dieselbe, dasselbe.*

Indefinidos: *irgend(et)was, irgendjemand, irgendwelch-; irgend-; wer, manch-.*

Xenitivo.

Relat. wo- + prep. (*Das ist etwas worauf, ich mich immer freue.*)

Modificación do núcleo.

Modificación mediante SN (*ihre Arbeit als Lehrerin*), SPrep. (*Angst vor Hunden*)

Posición dos elementos.

Fenómenos de concordancia.

##### 4. O sintagma verbal. Núcleo: verbo. Tempo.

Expresión do pasado remoto: Puskuamperfekt

Expresión do futuro: presente de werden + infinitivo.

Aspecto.

Durativo, incoativo, perfectivo. (*ich habe gerade / schon mit der Arbeit begonnen; ich habe gerade/schon aufgehört zu rauchen*)



Modalidade.

Hipótese: müssen, können (Er muss in der Stadt sein / das Buch kann auch hinten links stehen).

Intención: werden + infinitivo (Ich werde dich bald besuchen).

Necesidade: brauchen + nicht + zu + infinitivo (Er braucht nicht auf mich zu warten).

Posición dos elementos.

Fenómenos de concordancia.

Modificación do núcleo.

Modificación do núcleo mediante prefixos: mit-, vorbei-, weg-, weiter-, zusammen-, e zurück.

Modificación do núcleo mediante partículas modais (ampliación): aber, doch, ja, wohl.

Modificación do núcleo mediante adverbios oracionais: unbedingt, wahrscheinlich.

(*Er ist wahrscheinlich schon weg*).

Modificación do núcleo mediante sintagma preposicional (ampliación)

(aufpassen auf, sich entscheiden für ...).

Posición dos elementos.

Fenómenos de concordancia.

#### 5. A oración simple. Tipos de oración, elementos constituíntes e a súa posición.

Fenómenos de concordancia.

Coordinación. Expresión de relacións lóxicas.

Conxunción: das heißt.

Disxunción: entweder ... oder, nicht nur ... sondern auch.

Temporalidade.

Anterioridade: seit(dem), nachdem.

Simultaneidade: seit(dem), während.

#### 6. O sintagma preposicional. Núcleo: Preposicións e locucións prepositivas. Clases.

Temporais: mit (er hat mit 20 geheiratet), über (wir haben über einen Monat gewartet), während (während des Essens ...)

Locais: außerhalb, um ... herum.

Modais: nach (er arbeitet genau nach Plan).

### 2º cuatrimestre:

#### 1. O sintagma nominal. Núcleo. Pronome.

Demostrativos: *derselbe, dieselbe, dasselbe*.

Indefinidos: *irgend(et)was, irgendjemand, irgendwelch-; irgend-; wer, manch-*.

Xenitivo.

Relat. wo- + prep. (*Das ist etwas worauf, ich mich immer freue*).

Modificación do núcleo.

Modificación mediante SN (*ihre Arbeit als Lehrerin*), SPrep. (*Angst vor Hunden*)

Posición dos elementos.

Fenómenos de concordancia.

#### 2. A oración composta. Subordinación.

Oracións de relativo. (Ampliación).

#### 3. O sintagma verbal. Núcleo: verbo.

Voz pasiva. pasiva presente, Präteritum e Perfekt e pasiva con Modalverben.  
Modo.  
Konjunktiv II. Presente dos verbos fortes máis frecuentes (fände, käme);  
Pasado (hätte / wäre + Partizip).  
Modificación do núcleo mediante os prefixos her- e hin-

#### 4. O sintagma adverbial. Núcleo: adverbio e locucións adverbiais. Clases.

Locais: hierhin, irgendwo, irgendwohin, nirgends, nirgendwo, nirgendwohin, überallhin, woanders, woandershin.  
Modais: irgendwie, wenigstens.  
Causais: also, darum, deswegen, nämlich.  
Pronominais: dabei, darum, darin, darauf, davor, hiermit.  
Interrogativos: woran, worauf, worin, wodurch, weshalb, weswegen.  
Modificación do núcleo mediante sintagma adverbial ou preposicional. Genau dort, weiter links, kurz danach, nur wenig ...; nach draußen, seit langem.  
Adverbios con -einander  
Posición dos elementos.  
Fenómenos de concordancia.

#### 5. O sintagma preposicional. Núcleo: Preposición e locucións prepositivas. Clases:

Causais: wegen ... (wegen dem (des) schlechten Wetter(s)).  
Modificación do núcleo mediante sintagma adverbial, preposicional, etc. Anhand von.  
Rección: preposicións que rexen acusativo, dativo ou xenitivo.  
Posición dos elementos.  
Fenómenos de concordancia.

#### 6. A oración composta. Subordinación.

Expresión de relacións lóxicas.  
Comparación: je ... desto.  
Causa: da.  
Resultado: so ... dass.

#### 7. O sintagma adxetival: Formación de adxetivos coas terminacións -los e -bar.

### **c. Contidos fonéticos**

Os contidos fonéticos son os mesmos que no B1.1. Estes serán esencialmente os mesmos que os recollidos no nivel básico. A diferenza radicarán no maior nivel de corrección que se lle poderá esixir ao alumnado.

Sons e fonemas vocálicos: cantidade vocálica. Os ditongos.

Sons e fonemas consonánticos e as suás agrupacións.

Procesos fonolóxicos.

Contracción de preposición e artigo.

Metafonía (Umlaut).

[r] en posición final ou preconsonántica: influencia da vogal precedente.

Acento dos elementos léxicos illados.

Acento e atonicidade: patróns tonais no sintagma.

A entoación: cadencia, grupos rítmicos.

#### **d. Contidos ortográficos**

Os contidos ortográficos son os mesmos que no B1.1. Estes serán basicamente os mesmos que os recollidos no nivel básico. A diferenza radicarán no maior nivel de corrección que se lle poderá esixir ao alumnado.

O alfabeto.

Representación gráfica de fonemas e sons: correspondencias.

Ortografía das palabras estranxeiras.

Uso dos caracteres nas súas diversas formas: maiúsculas e minúsculas.

Signos ortográficos: apóstrofo, diérese para indicar Umlaut, comiñas...

Estrutura silábica. División de palabras no final da liña. División de compostos.

A puntuación: uso da coma para separar oracións simples e complexas, construcións de infinitivo e aposicións.

As siglas e abreviaturas de uso frecuente.

### **3.2. Competencias socioculturais**

O alumnado deberá adquirir un coñecemento da sociedade e da cultura propias dos países e territorios en que se fala o idioma estudado, xa que esta circunstancia mellora a competencia comunicativa e, alén diso, a ausencia dunha competencia sociocultural pode distorsionar a comunicación.

O desenvolvemento destes contidos enmarcarase nunha perspectiva intercultural. Terán que ser adaptados ás circunstancias socioculturais.

Específicas de cada lingua, e o léxico e as estruturas utilizados para os desenvolver adecuaranse aos obxectivos do nivel B1.2

A vida cotiá:

alimentación (pratos e produtos típicos, costumes alimentarios, tabús, convencións sociais e comportamento na mesa, horarios e servizos dos distintos establecementos, etc); actividades de lecer: deporte e espectáculos, actividades en días festivos e non laborables (excursións, visitas aos lugares de interese cultural, monumentos, museos, etc.).

Os servizos públicos: uso do transporte público (horarios, planos de transportes urbanos, estacións de trens, aeroportos, convencións e normas de uso de autobuses, taxis...).

As condicións de vida: condicións da vivenda (tipos, prezos, alugueiro, convencións relacionadas coa súa procura, etc.);niveis de vida (con variacións rexionais, sociais e culturais); comunicación (por vía telefónica, postal, informática, etc.); saúde (sistema de asistencia médica);o sistema educativo.

O contorno xeográfico: paisaxes, condicións climáticas, medio rural e medio urbano.

As relacións persoais: cos familiares (costumes familiares), cos amigos, cos veciños, con descoñecidos, no ámbito laboral, no administrativo, no educativo e nas actividades de lecer.

Valores, crenzas e actitudes: valores e crenzas fundamentais, tradicións importantes, características básicas do sentido do humor, referentes artístico-culturais significativos (historia: feitos históricos e personaxes relevantes; artes: literatura, música, teatro, pintura...; relixión:tradicións e supersticións máis comúns);tradición e cambio social.

As convencións sociais: tradicións sociais no ámbito familiar, aspectos relevantes do comportamento en contextos informais e formais (presentacións, saúdos, despedidas, puntualidade, hospitalidade, visitas, regalos, etc.), convencións relativas ao vestiario en diferentes situacións, tabús e costumes nos comportamentos e nas conversas.

O comportamento ritual: acontecementos de ámbito privado (nacementos, vodas, funerais, etc.), festas relixiosas e tradicionais, espectáculos e acontecementos públicos.

A linguaxe corporal e sons paralingüísticos: linguaxe xestual, (expresións faciais, acenos, posturas, contacto visual, etc.), contacto corporal e proximidade física; calidade de voz, ton e volume.

### 3.3. Competencias estratéxicas

Coñecemento e uso das estratexias de planificación, execución, control e reparación da comprensión de textos orais:

- Mobilización de esquemas e información previa sobre o tipo de tarefa e o tema.
- Identificación do tipo textual, adaptando a comprensión a este.
- Distinción de tipos de comprensión (sentido xeral, información esencial, puntos principais, detalles relevantes).
- Formulación de hipóteses sobre o contido e o contexto.
- Inferencia e formulación de hipóteses sobre significados a partir da comprensión de elementos significativos, lingüísticos e paralingüísticos.
- Comprobación de hipóteses: axuste das claves de inferencia cos esquemas de partida.
- Reformulación de hipóteses a partir da comprensión de novos elementos.

## 4. Avaliación

### 4.1. Criterios de avaliación mínimos esixibles

A proba de certificación consta de cinco actividades de lingua:

- Comprensión de textos orais
- Produción e coprodución de textos orais
- Comprensión de textos escritos
- Produción e coprodución de textos escritos
- Mediación de textos escritos e orais

As cualificacións definitivas obtidas expresaranse mediante os termos de “apto/a” “non apto/a” ou “non presentado/a”.

Será apto o alumnado que na suma total de todas as destrezas acade un mínimo de 81,25 puntos, equivalente a o 65% da nota e sempre e cando supere as cinco actividades de lingua. Para a súa superación debe tamén obter un mínimo de 12,5 puntos en cada actividade de lingua pero tamén ten que sumar entre as cinco actividades de lingua un mínimo de 81,25 puntos que son os necesarios para aprobar, é dicir, o 65% da puntuación total.

Na convocatoria extraordinaria de finais de xuño o alumnado examinarase das actividades de lingua non superadas ou non presentadas na convocatoria ordinaria.

Tamén poderá repetir voluntariamente aquelas actividades de lingua nas que acadara os 12,5 puntos pero non alcanzara o mínimo do 65% (16,25/25) na proba da convocatoria ordinaria, para poder así acadar a puntuación mínima global de 81,25 puntos. Neste caso só se lle terá en conta o resultado si este é superior ó resultado da convocatoria ordinaria.

A puntuación máxima total da proba ascende a 125 puntos, correspondendo 25 puntos a cada actividade de lingua.

Avaliarase o progreso e logro de obxectivos do alumnado de forma frecuente e interactiva mediante procesos de observación na aula e recollida e avaliación de tarefas. O profesorado informará ó alumnado sobre o seu progreso despois do primeiro cuadrimestre. Esta avaliación terá unicamente valor orientativo e servirá para informar do grao de cumprimento no desenvolvemento da programación didáctica e da súa idoneidade.

O alumnado que non supere todas as actividades de lingua deberá repetir curso.

A cualificación positiva final conducirá á obtención do certificado do nivel correspondente e permitirá o acceso ao seguinte nivel.

## 4.2. Procedementos e instrumentos de avaliación

A avaliación terá por obxecto cualificar e certificar o nivel de competencia comunicativa adquirido polo alumnado como resultado do seu proceso de aprendizaxe.

Haberá diferentes modalidades ao longo do curso

**Avaliación inicial (ou de diagnóstico):** O profesorado a inicio de curso fará unha avaliación de diagnóstico para coñecer o nivel e as características do seu alumnado.

**Avaliación de progreso (ou formativa):** Nesta modalidade tanto profesorado como alumnado poden observar, reflexionar e valorar o proceso de aprendizaxe. Avaliarase o progreso e logro de obxectivos do alumnado de forma frecuente e interactiva mediante procesos de observación na aula e recollida e avaliación de tarefas. O profesorado informará ó alumnado sobre o seu progreso despois do primeiro cuadrimestre.

**Avaliación certificadora:** O alumnado oficial terá dúas convocatorias para certificar o nivel, xuño e setembro. Será apto o alumnado que obteña o 65% (81,25 puntos) da puntuación máxima total que ascende a 125 puntos e sempre e cando supere as cinco actividades de lingua. A cualificación positiva final conducirá á obtención do certificado do nivel B1 e permitirá o acceso ao seguinte nivel.

**A autoavaliación:** sendo a autoavaliación un instrumento importante no proceso de ensino-aprendizaxe fomentárase a autoavaliación tanto do profesorado como do alumnado. O profesorado poderá saber si acadou os obxectivos marcados e si precisa facer cambios na programación para acadar ditos obxetivos e o alumnado desenvolve a capacidade de ser responsable ante o seu propio proceso de aprendizaxe. O profesorado motivará ó alumnado a realizar as distintas actividades de autoavaliación que están ao final de cada tema no libro de texto.

## 4.3. Criterios de avaliación

### 4.3.1. Actividades de comprensión de textos orais

**Coñece** e aplica á comprensión do texto, extraendo claves para interpretalo, os aspectos

socioculturais e sociolingüísticos comúns relativos á vida cotiá, ás condicións de vida, ás relacións interpersoais, á quinésica e á proxémica, aos costumes e aos valores, e ás convencións sociais das culturas en que se usa o idioma.

**Sabe aplicar** as estratexias máis adecuadas en cada caso para a comprensión do sentido xeral, a información esencial, os puntos e ideas principais e os detalles máis relevantes do texto.

**Distingue** a función ou funcións comunicativas máis relevantes do texto e un repertorio común dos seus expoñentes, así como patróns discursivos básicos relativos á organización textual.

**Aplica** á comprensión do texto os coñecementos sobre os constituíntes e a organización de patróns sintácticos de uso frecuente na comunicación oral.

**Recoñece** sen dificultade léxico oral de uso frecuente relativo a asuntos cotiáns, de carácter xeral, ou relacionados cos propios intereses, e pode inferir do contexto e do cotexto, xeralmente de maneira correcta, os significados dalgunhas palabras e expresións que descoñece.

**Discrimina** os patróns sonoros, acentuais, rítmicos e de entoación de uso común e recoñece as intencións comunicativas e os significados xeralmente asociados a eles.

#### 4.3.2. Actividades de produción e coprodución de textos orais

**Aplica** á produción do texto oral, tanto monolóxico como dialóxico, os coñecementos socioculturais e sociolingüísticos adquiridos, actuando coa debida propiedade e respectando as normas de cortesía máis frecuentes nos contextos respectivos e segundo a modalidade discursiva, nun rexistro formal, neutro ou informal.

**Coñece** e sabe aplicar adecuadamente as estratexias para producir textos orais breves ou de media extensión, coherentes e de estrutura simple e clara, utilizando unha serie de procedementos sinxelos para adaptar ou reformular a mensaxe e reparar a comunicación.

**Leva a cabo** as funcións principais demandadas polo propósito comunicativo, utilizando adecuadamente os expoñentes máis habituais das ditas funcións e seguindo os patróns discursivos de uso máis frecuente en cada contexto.

**Manexa** un repertorio memorizado de frases e fórmulas para comunicarse cunha fluidez aceptable, con pausas para buscar expresións e organizar ou reestruturar o discurso, ou reformular ou aclarar o que dixo.

**Interactúa** de maneira sinxela en intercambios claramente estruturados, utilizando fórmulas ou xestos simples para tomar ou manter a quenda de palabra, aínda que en ocasións tenda a concentrarse na propia produción dificultando a participación da persoa interlocutora ou amose algún titubeo á hora de intervir cando esta acapara a comunicación.

**Utiliza** coa debida corrección e flexibilidade estruturas sintácticas de uso frecuente segundo o contexto comunicativo e emprega, polo xeral adecuadamente, os recursos de cohesión textual máis comúns (entoación, repetición léxica, elipse, deíxe persoal, espacial e temporal, marcadores discursivos e conversacionais e conectores comúns), enlazando unha serie de

elementos breves, concretos e sinxelos para crear unha secuencia cohesionada e lineal.

**Coñece** e utiliza adecuadamente un repertorio léxico oral suficiente para comunicar información relativa a temas coñecidos, xerais, de actualidade ou relacionados cos propios intereses, en situacións habituais e cotiás, aínda que cometa erros importantes ou teña que adaptar a mensaxe cando as demandas comunicativas son máis complexas ou cando aborda temas e situacións pouco frecuentes en situacións menos correntes, recorrendo neste caso a circunloquios e repeticións.

**Pronuncia** e entoa de maneira clara e intelixible, aínda que resulte evidente o acento estranxeiro ou cometa erros de pronuncia, sempre que non interrompan a comunicación, e os/as interlocutores/as teñan que solicitar repeticións de vez en cando.

### 4.3.3. Actividades de comprensión de textos escritos

**Coñece** e aplica á comprensión do texto, extraendo claves para interpretalo, os aspectos socioculturais e sociolingüísticos comúns relativos á comunicación escrita nas culturas en que se usa o idioma.

**Sabe aplicar** as estratexias máis adecuadas en cada caso para a comprensión do sentido xeral, a información esencial, os puntos e ideas principais e os detalles máis relevantes do texto, adaptando a este a modalidade e a velocidade de lectura.

**Distingue** a función ou funcións comunicativas máis relevantes do texto e un repertorio dos seus expoñentes máis comúns, así como patróns discursivos de uso frecuente relativos á organización, desenvolvemento e conclusión propios do texto escrito segundo o seu xénero e tipo.

**Coñece** os constituíntes e a organización de estruturas sintácticas de uso frecuente na comunicación escrita, segundo o xénero e o tipo textual, e comprende as intencións comunicativas xeralmente asociadas a eles.

**Comprende** léxico escrito de uso frecuente relativo a asuntos cotiáns e a temas xerais ou relacionados cos seus intereses persoais, educativos ou ocupacionais, e pode, xeralmente de maneira correcta, inferir do contexto e do cotexto os significados dalgunhas palabras e expresións que descoñece.

**Recoñece** os valores e os significados asociados a convencións de formato, tipográficas, ortográficas e de puntuación de uso común, así como abreviaturas e símbolos de uso frecuente.

**Sabe aplicar** as estratexias máis adecuadas en cada caso para a comprensión do sentido xeral, a información esencial, os puntos e ideas principais e os detalles máis relevantes do texto, adaptando a este a modalidade e a velocidade de lectura.

**Distingue** a función ou funcións comunicativas máis relevantes do texto e un repertorio dos seus expoñentes máis comúns, así como patróns discursivos de uso frecuente relativos á organización, desenvolvemento e conclusión propios do texto escrito segundo o seu xénero e tipo.

**Coñece** os constituíntes e a organización de estruturas sintácticas de uso frecuente na comunicación escrita, segundo o xénero e o tipo textual, e comprende as intencións comu-



nicativas xeralmente asociadas a eles.

**Comprende** léxico escrito de uso frecuente relativo a asuntos cotiáns e a temas xerais ou relacionados cos seus intereses persoais, educativos ou ocupacionais, e pode, xeralmente de maneira correcta, inferir do contexto e do cotexto os significados dalgunhas palabras e expresións que descoñece.

**Recoñece** os valores e os significados asociados a convencións de formato, tipográficas, ortográficas e de puntuación de uso común, así como abreviaturas e símbolos de uso frecuente.

#### 4.3.4. Actividades de produción e coprodución de textos escritos

**Aplica** á produción e coprodución do texto escrito os coñecementos socioculturais e sociolingüísticos adquiridos, actuando coa debida propiedade e respectando as normas de cortesía máis frecuentes nos contextos respectivos e segundo a modalidade discursiva, nun rexistro formal, neutro ou informal.

**Coñece** e sabe aplicar estratexias adecuadas para elaborar textos escritos breves e de estrutura simple adaptados a contextos habituais, p. ex. copiando modelos segundo o xénero e o tipo textual, ou facendo un guión ou esquema para organizar a información ou as ideas.

**Leva a cabo** as funcións principais demandadas polo propósito comunicativo, utilizando os expoñentes máis habituais das ditas funcións e os patróns discursivos de uso máis frecuente para organizar o texto escrito segundo o seu xénero e tipo.

**Amosa** un control razoable de estruturas sintácticas de uso frecuente e emprega mecanismos simples de cohesión (repetición léxica, elipse, deíxe persoal, espacial e temporal, xustaposición e conectores básicos), enlazando unha serie de elementos breves, concretos e sinxelos para crear unha secuencia cohesionada e lineal.

**Coñece e utiliza** un repertorio léxico escrito de uso frecuente suficiente para comunicar información breve, simple e directa en situacións habituais e cotiáns, aínda que en situacións menos correntes e sobre temas menos coñecidos teña que adaptar a mensaxe.

**Utiliza**, de maneira adecuada para facerse o bastante comprensible, os signos de puntuación elementais (punto, coma...) e as regras ortográficas básicas (uso de maiúsculas e minúsculas...), así como as convencións formais máis habituais de redacción de textos, tanto en soporte papel como dixital.

#### 4.3.5. Actividades de mediación

**Coñece** os aspectos xerais que caracterizan as comunidades de falantes correspondentes e as diferenzas e semellanzas máis significativas que existen entre os costumes, os usos, as actitudes, as relacións e os valores que prevalecen nunhas e noutras, e é capaz de actuar en consecuencia sen cometer incorreccións serias no seu comportamento, aínda que é posible que en ocasións recorra ao estereotipo.

**Identifica**, aplicando as estratexias necesarias, a información clave que debe transmitir, así como as intencións básicas das persoas emisoras e receptoras cando este aspecto é

relevante.

**Interpreta**, polo xeral correctamente, as claves de comportamento e comunicativas explícitas que observa nos/as emisores/as ou destinatarios/as para acomodar o seu discurso ao rexistro e ás funcións requiridas, aínda que non sempre o faga de maneira fluída.

**Pode** facilitar a comprensión das persoas participantes recorrendo a comparacións e conexións sinxelas e directas con aquilo que pensa que poden coñecer.

**Toma notas** coa información necesaria que considera importante trasladarlles aos destinatarios e ás destinatarias ou conséguea con anterioridade para a ter dispoñible.

**Repite** ou reformula o dito de maneira máis sinxela ou un pouco máis elaborada para aclarar ou facerlles máis comprensible a mensaxe aos/ás receptores/as.

**Fai preguntas** simples pero relevantes para obter a información básica ou complementaria que necesita para poder transmitir a mensaxe con claridade e eficacia.

## NIVEL B2

### 1. Obxectivos xerais

As ensinanzas de nivel intermedio B2 teñen por obxecto capacitar o alumnado para vivir de maneira independente en lugares en que se utiliza o idioma; desenvolver relacións persoais e sociais, tanto cara a cara como a distancia a través de medios técnicos, con persoas usuarias doutras linguas; estudar nun ámbito educativo preterciario ou actuar coa debida eficacia nun ámbito ocupacional en situacións que requiran a cooperación e a negociación sobre asuntos de carácter habitual no dito ámbito.

Para iso, o alumnado deberá adquirir as competencias que lle permitan utilizar o idioma con suficiente fluidez e naturalidade, de modo que a comunicación se realice sen esforzo, en situacións tanto habituais como máis específicas e de maior complexidade, para comprender, producir, coproducir e procesar textos orais e escritos sobre aspectos, tanto abstractos como concretos, de temas xerais ou do propio interese ou campo de especialización, nunha variedade de rexistros, estilos e acentos estándar, e cunha linguaxe que conteña estruturas variadas e complexas, e un repertorio léxico que inclúa expresións idiomáticas de uso común, que permitan apreciar e expresar diversos matices de significado.

Unha vez adquiridas as competencias correspondentes ao nivel intermedio B2, o alumnado será capaz de:

#### 1.1. Actividades de comprensión de textos orais

Comprender o sentido xeral, a información esencial, os puntos principais, os detalles máis relevantes e as opinións e actitudes, tanto implícitas como explícitas, dos e das falantes en textos orais conceptual e estruturalmente complexos, sobre temas de carácter xeral ou dentro do propio campo de interese ou especialización, articulados a velocidade normal, nalgunha variedade estándar da lingua e a través de calquera canle, incluso cando as condicións de audición non sexan boas.

## 1.2. Actividades de produción, coprodución e mediación oral

Producir e coproducir, independentemente da canle, textos orais claros e o bastante detallados, de certa extensión, ben organizados e adecuados á persoa interlocutora e ao propósito comunicativo específicos, sobre temas diversos de interese xeral, persoal ou dentro do propio campo de especialización, nunha variedade de rexistros e estilos estándar, e cunha pronuncia e entoación claras e naturais, e un grao de espontaneidade, fluidez e corrección que lle permita comunicarse con eficacia, aínda que poida cometer erros esporádicos que provoquen a incompreensión, dos que adoita ser consciente e que pode corrixir.

## 1.3. Comprensión de textos escritos

Comprender con suficiente facilidade o sentido xeral, a información esencial, os puntos principais, os detalles máis relevantes e as opinións e actitudes da autoría, tanto implícitas como explícitas, en textos escritos conceptual e estruturalmente complexos, sobre temas diversos de interese xeral, persoal ou dentro do propio campo de especialización, nalgunha variedade estándar da lingua e que conteñan expresións idiomáticas de uso común, sempre que poida reler as seccións difíciles.

## 1.4. Actividades de produción, coprodución e mediación escrita

Producir e coproducir, independentemente do soporte, textos escritos de certa extensión, ben organizados e bastante detallados, sobre unha ampla serie de temas xerais, de interese persoal ou relacionados co propio campo de especialización, utilizando apropiadamente unha ampla gama de recursos lingüísticos propios da lingua escrita e adecuando con eficacia o rexistro e o estilo á situación comunicativa.

## 1.5. Actividades de mediación

Mediar entre falantes da lingua meta ou de distintas linguas en situacións tanto habituais como máis específicas e de maior complexidade nos ámbitos persoal, público, educativo e ocupacional.

## 2. Obxectivos específicos

### 2.1. Actividades de comprensión de textos orais

**Comprender** conversas que presenten argumentación, aínda que con algunhas limitacións para captar a ironía e o humor.

**Comprender** exposicións relativamente complexas sobre temas coñecidos, producidas a velocidade normal, en lingua estándar, cunha pronuncia clara e con marcadores explícitos.

**Comprender** información en mensaxes e avisos detallados feitos en lugares públicos na

variedade estándar da lingua.

**Comprender** películas e series cunha trama sinxela e predicible, articuladas con claridade, a velocidade normal e en lingua estándar.

**Comprender** programas de actualidade, sobre temas de interese xeral e de temática coñecida, transmitidos nos medios de comunicación.

**Comprender** as liñas argumentais e as ideas principais dunha actividade lingüisticamente complexa, producida no ámbito académico ou na área profesional da súa especialidade.

## 2.2. Actividades de produción, coprodución e mediación oral

**Interactuar** espontaneamente en conversas sobre temas de interese persoal ou relacionados coa súa especialidade.

**Resolver** problemas relativos ao aloxamento, comida ou actividades comerciais, pedir información, expresar agrado ou desagrado co servizo e explicar brevemente un problema.

**Explicar** os síntomas relacionados cunha doenza e pedir información sobre os servizos de saúde e tratamento.

**Dar opinión e argumentar**, aínda que con algunhas limitacións e dificultades, en conversas e debates sobre temas coñecidos.

**Pedir información** complementaria ou aclaracións, por exemplo, no ámbito profesional ou académico, nunha visita guiada...

**Expresar** puntos de vista con claridade e de forma sinxela en discursos formais e reunións de traballo.

**Facer preguntas** nun relatorio, aula ou seminario sobre un tema coñecido ou previsible, aínda que a complexidade dos textos poida supoñer algunha dificultade.

**Realizar unha presentación** simple e curta sobre un tema coñecido, expoñendo experiencias, feitos etc.

## 2.3. Actividades de comprensión de textos escritos

**Comprender** con suficiente detalle correspondencia formal e informal, na que se utilice algún modismo ou expresión coloquial de uso frecuente.

**Comprender** diferentes tipos de textos, de temática xeral e de áreas específicas do seu interese, publicados nos medios de comunicación.

**Comprender** formularios administrativos habituais do ámbito persoal e profesional.

**Comprender** artigos e informes breves sobre temas actuais onde se adopten diferentes puntos de vista.

**Comprender** instrucións, informacións técnicas e de funcionamento de produtos de uso común relacionados coa súa profesión ou do seu interese.

**Comprender** textos relacionados con materiais de cursos de formación académica, tanto abstractos como concretos, de temas do seu ámbito de coñecemento.

**Seguir a liña argumental** de textos literarios contemporáneos de estrutura sinxela con amplo vocabulario (con axuda do dicionario).

## 2.4. Actividades de produción, coprodución e mediación escrita

**Escribir** textos relatando feitos sinxelos, coherentes e con cohesión, de experiencias da vida cotiá.

**Redactar** informes breves transmitindo información e desenvolvendo argumentos, a favor e en contra, sobre asuntos de actualidade ou de temas da súa especialidade, aínda que requiran ser revisados.

**Resumir ou reformular** escritos breves dos medios de comunicación ou doutras fontes (p. ex. noticias e fragmentos de entrevistas ou documentais que conteñen opinións, argumentos e análises) así como a trama e a secuencia dos acontecementos de películas ou de obras de teatro.

**Tomar notas** nun relatorio claramente estruturado, nunha aula ou seminario sobre cuestións de actualidade coñecidas ou sobre temas da súa especialidade.

**Describir** de xeito preciso e bastante detallado unha persoa, obxecto, servizo ou situación.

**Facer comentarios** sobre películas, libros, obras de teatro, manifestacións artísticas etc.

**Producir textos** de carácter académico, aínda que cun grao de elaboración limitada.

## 2.5. Actividades de mediación

Sintetizar e transmitir oralmente a terceiras persoas o sentido xeral, a información esencial, os puntos principais, os detalles máis relevantes, as opinións e actitudes, recompilados de diversos textos orais ou escritos procedentes de distintas fontes, sempre que os ditos textos estean ben organizados e producidos nalgunha variedade estándar da lingua, aínda que poida ter dificultade coas expresións idiomáticas.

Sintetizar e transmitir por escrito a terceiras persoas o sentido xeral, a información esencial, os puntos principais, os detalles máis relevantes, as opinións e actitudes recompilados de diversos textos orais ou escritos procedentes de distintas fontes sempre que os ditos textos estean ben organizados, producidos nalgunha variedade estándar da lingua e que se poidan volver escoitar ou reler as seccións difíciles.

### 3. Secuenciación e temporalización dos contidos

#### 3.1. Competencias comunicativas

##### 3.1.1. Competencias pragmáticas

###### a) Contidos funcionais

Fan referencia aos expoñentes que o alumnado precisa para desenvolver as funcións comunicativas nos diferentes contextos.

#### 1. Funcións ou actos de fala asertivos, relacionados coa expresión do coñecemento e a opinión:

- Formular hipóteses sobre un determinado suceso presente ou pasado.
- Comprender e expresarse con suficiencia en contextos académicos.
- Redactar textos de ámbito académico.
- Entender e aventurar un diagnóstico simple.
- Desenvolverse con soltura nun comercio.
- Expresar opinións sobre comportamentos, feitos e situacións.
- Construír argumentos razoados.
- Comparar e contrastar alternativas.
- Reproducir mensaxes e opinións doutras persoas.
- Sintetizar unha información.
- Especular sobre causas e consecuencias.
- Contrastar alternativas e sopesar vantaxes e desvantaxes.
- Expresar hipóteses e posibilidades no pasado.
- Recoñecer o grao de formalidade de diferentes textos.
- Referir o contido dunha postal, dun correo electrónico, dunha información periodística...

#### 2. Funcións ou actos de fala compromisivos, relacionados coa expresión de ofrecemento, intención, vontade e decisión:

- Poñer condicións para unha acción futura.
- Negociar un acordo.
- Ofrecerse a facer algo, ofrecer axuda.
- Expresar intención ou vontade.

#### 3. Funcións ou actos de fala directivos, que teñen como finalidade que o destinatario faga ou non faga algo:

- Pedir opinións sobre algo ou alguén.
- Facer correccións, aclaracións, rectificacións etc.
- Lembrarlle algo a alguén ou advertir a outra persoa sobre algo.
- Descubrir nun texto erros ou usos lingüísticos incorrectos.

#### **4. Funcións ou actos de fala fálicos e solidarios, que se realizan para establecer ou manter o contacto social:**

- Participar adecuadamente en diferentes tipos de situacións sociais.
- Actuar segundo as conviccións propias da comunidade en que se integre (visitas, invitacións, aceptación, rexeitamento...)

#### **5. Funcións ou actos de fala expresivos, cos que se expresan determinadas situacións:**

- Narrar unha lembranza empregando tempos do pasado.
- Expresar dúbidas.
- Presentar unha queixa ou reclamación.
- Mostrar sorpresa e admiración.
- Describir cambios de personalidade.
- Discutir sobre a información recibida.

### **b) Contidos discursivos**

#### **● Coherencia e cohesión**

A competencia discursiva debe permitir ordenar oracións en secuencias para producir fragmentos coherentes de lingua, comprendendo o coñecemento da ordenación en función da tipoloxía á que pertenza o texto e de xeito que se perciba este como unha unidade de sentido. O alumnado deberá adquirir, daquela, os contidos discursivos que lle permitan producir e comprender textos adecuados con respecto ao contexto en que se produce, coherentes nos eu desenvolvemento temático e cunha cohesión interna que facilite a súa comprensión.

Os contidos discursivos estarán baseados nos seguintes aspectos da competencia do discurso:

- A flexibilidade ante as circunstancias, adecuando o texto ao contexto comunicativo: adaptando o que se di e os medios de expresalo á situación e ao receptor, e adoptando un nivel de formalidade axeitado á situación de comunicación.

- O desenvolvemento adecuado da quenda de palabra (tomando, mantendo e cedendo a quenda de palabra amosando un uso eficaz da mesma).
- O desenvolvemento de descrições, narracións e argumentacións claras ampliando e apoiando os seus puntos de vistas obre os aspectos principais con detalles e exemplos adecuados.
- A coherencia e a cohesión.

Coherencia textual: Adecuación do texto ao contexto comunicativo.

## ● Tipoloxía de textos

O termo “texto” está empregada no sentido amplo e coas características que lle outorga o MECR: “ O texto é calquera secuencia de discurso (falado ou escrito) relacionada cun ámbito específico e que durante a realización dunha tarefa constitúe o eixe dunha actividade de lingua, ben como apoio ou meta, ben como produto ou como proceso”. Este punto inclúe un repertorio único de textos orais e escritos. A complexidade de cada un deles deberá ser adaptada aos obxectivos propios do nivel.

### Textos orais:

- Anuncios publicitarios
- Instrucións e indicacións
- Conversas formais e informais
- Debates e discusións formais
- Entrevistas de traballo e académicas, consultas médicas...
- Enquisas
- Audiovisuais: películas, programas de lecer, telexornais, documentais, material gravado
- Presentacións
- Cancións
- Representacións teatrais

### Textos escritos:

- Anuncios publicitarios e anuncios por palabras
- Correspondencia persoal e formal: cartas comerciais, reclamacións, notas e mensaxes...
- Textos xornalísticos: noticias, reportaxes, cartas ao director, entrevistas...
- Informes, resumos e esquemas
- Textos literarios: contos, relatos breves, poemas, teatro...
- Novelas gráficas, bandas deseñadas e tiras cómicas



- Documentos oficiais: formularios, impresos, instancias...
- Documentos comerciais: contratos, facturas, cartas comerciais...
- Catálogos
- Manuais de instrucións
- Guións
- Currículo
- Dicionarios
- Prospectos
- Receitas de cociña
- Adiviñas
- Biografías

### 3.1.2. Competencias sociolingüísticas

Un enfoque centrado no uso do idioma supón necesariamente a súa dimensión social. Os alumnos deberán adquirir as competencias sociolingüísticas que lles permitan comunicarse con efectividade ao nivel especificado.

Contidos sociolingüísticos: marcadores lingüísticos de relacións sociais, normas de cortesía, estereotipos e modismos populares, rexistros, dialecto se acentos.

### 3.1.3. Competencias lingüísticas

#### a) Contidos léxicos-semánticos

##### 1º cuadrimestre:

**Vivenda, fogar e contorna:** tipos de vivenda, mudanza e instalación,...

**Saúde e coidados físicos:** movementos, sensacións e percepcións físicas, adiccións e drogas,...

**Relacións humanas e sociais:** tipos e formas de relacións sociais

**Traballo e profesión:** tarefas que se desenvolven no traballo, desemprego e procura de traballo, condicións laborais,...

**Información e medios de comunicación:** prensa escrita, televisión e radio, Internet....

**Ciencia e tecnoloxía:** avances científicos e tecnolóxicos, tecnoloxías da información e da comunicación...

**Actividades económicas e comerciais:** comercio, entidades e empresas, industria...

**Tempo libre e actualidade:** actividades de lecer e culturais, acontecementos do momento...

##### 2º cuadrimestre:

**Actividades artísticas:** música e danza, arquitectura, pintura e escultura, literatura, fotografía, artesanía, cine e teatro, novas manifestacións artísticas...

**Política e sociedade:** institucións, formas de goberno, conflitos e movementos sociais, modas e tendencias sociais...

**Identificación persoal:** títulos e tratamentos, biografía, valores persoais, afeccións...

**Traballo e profesión:** tarefas que se desenvolven no traballo, condicións laborais, seguridade,...

**Clima, condicións atmosféricas e ambiente:** paisaxe urbana e rural, meteoroloxía, natureza, ecoloxía e problemas ambientais...

**Viaxes e transportes:** planificación das vacacións, experiencias persoais, problemas e incidencias...

**Alimentación:** dieta, nutrición e gastronomía...

## b) Contidos gramaticais

### 1º cuadrimestre:

Posición e concordancia dos elementos da oración

Conxuncións coordinantes e subordinantes máis usuais

Oración simple: enunciativa, afirmativa, negativa, interrogativa, exclamativa, impersonal

Oración composta. Coordinación

Oración composta. Subordinación: de relativo, temporais, lugar, modo, causais, finais, condicionais

Correlación temporal nas oracións

Uso de conectores propios do nivel

Gramática textual. Procedementos de organización estrutural de textos orais escritos

Pronome tónico e átono. Presenza e ausencia. Función de suxeito e complemento

O aspecto. Incoativo, durativo

Usos do tempo de indicativo e subxuntivo en verbos regulares e irregulares máis frecuentes

O modo. Expresión de cortesía, desexo, recomendación, condición

Uso da impersonalidade

Flexión de xénero e número do substantivo e do adxectivo

Posición e gradación do adxectivo. A comparación

Determinantes. Artigo, demostrativo, posesivo, indefinido, cuantificadores

Uso do imperativo afirmativo e negativo

Adverbios. Usos e formas máis frecuentes

## **2º cuadrimestre:**

Oración simple: enunciativa, afirmativa, negativa, interrogativa, exclamativa, impersonal

Oración composta. Coordinación

Oración composta. Subordinación: de relativo, temporais, lugar, modo, causais, finais, condicionais

Correlación temporal nas oracións

Uso de conectores propios do nivel

Gramática textual. Procedementos de organización estrutural de textos orais e escritos

Conxuncións coordinantes e subordinantes máis usuais

Réxime preposicional con verbos frecuentes

O discurso referido: estilo directo e estilo indirecto

Usos do tempo de indicativo e subxuntivo en verbos regulares e irregulares máis frecuentes

O modo. Expresión de cortesía, desexo, recomendación, condición

Flexión de xénero e número do substantivo e do adxectivo

Posición e gradación do adxectivo. A comparación

Pronome tónico e átono. Presenza e ausencia. Función de suxeito e complemento

Determinantes. Artigo, demostrativo, posesivo, indefinido, cuantificadores

Posición e concordancia dos elementos da oración

Uso da impersonalidade

Uso do imperativo afirmativo e negativo

O aspecto. Incoativo, durativo

Adverbios. Usos e formas máis frecuentes

### **c) Contidos fonéticos**

- Os fonemas que presentan maior dificultade.
- A entoación para acadar as funcións comunicativas traballadas.
- A correspondencia entre unidades melódicas e a puntuación.
- A adecuación da entoación ás intencións comunicativas.
- A entoación dos distintos tipos de oración de textos orais e escritos.

### **d) Contidos ortográficos**

Os contidos serán basicamente os mesmos que os recollidos en niveis anteriores. A diferenza radicarán no maior nivel de corrección que se lle poderá esixir ao alumnado.

- O alfabeto.
- Representación gráfica de fonemas e sons.
- Ortografía das palabras estranxeiras.
- Uso dos caracteres nas súas diversas formas: maiúscula se minúsculas, cursiva, negrita, ...
- Uso dos signos ortográficos: apóstrofo, diérese, comiñas, guión, ...
- Abreviaturas, siglas e símbolos.
- A puntuación nos diferentes tipos de textos: coma, punto, comiñas, guión, separación entre palabras, ...

### 3.2. Competencias socioculturais

O alumnado deberá adquirir un coñecemento da sociedade e a cultura das comunidades nas que se fala o idioma obxecto de estudo, xa que unha falta de competencia neste sentido pode facer fracasar a comunicación. Estes contidos derívanse da competencia sociolingüística e sociocultural.

A competencia sociocultural baséase no coñecemento da sociedade e cultura da comunidade ou comunidades nas que se fala o idioma que vai desde aspectos propios do desenvolvemento da vida diaria ata as convencións sociais, os comportamentos rituais e a linguaxe corporal.

O alumnado do nivel B2 deberá ser quen de expresarse adecuadamente nunha lingua sociolingüísticamente apropiada ás situacións de comunicación e adquirira capacidade de abordar a variedade de fala, ademais dun maior control sobre rexistro se modismos.

Posto que a lingua é un fenómeno social, gran parte dos contidos que forman parte da competencia sociolingüística encádranse nos contidos correspondentes aos diferentes ámbitos ou áreas ligados á competencia sociocultural.

A vida cotiá: cociña e alimentos, convencións sociais e comportamentos nos distintos establecementos; festividades, celebracións e vacacións; horarios laborais e prácticas de traballo; hábitos e afeccións; medios de comunicación.

Os servizos públicos: comportamentos e uso de instalacións públicas (deportivas, académicas, culturais, sanitarias, etc.) e espazos públicos (prazas, parques, rúas, etc.); mobiliario urbano; mantemento e limpeza de espazos públicos; reciclaxe; protección civil (bombeiros, persoal sanitario, etc.).

As condicións de vida: atención á infancia, a persoas maiores, minusválidos, inmigrantes, a persoas sen recursos económicos, a persoas maltratadas; ONGs, asociacións e institucións sen ánimo de lucro; corpos e instalacións sen ánimo de lucro; corpos e instalacións de seguridade (loita contra a drogadicción, a delincuencia, etc.).

O contorno xeográfico: relación coa natureza e protección do medio ambiente; parques naturais e rutas; reservas de biodiversidade; urbanismo e organización xeográfica; política forestal e xestión dos recursos; zonas de costa e de interior.

As relacións persoais: relacións entre sexos; novas formas de relación familiar; relacións de poder e solidariedade; relacións a través das TIC; relacións entre xeracións, relacións co noutras clases sociais, razas e comunidades; citas e encontros; saúdos entre coñecidos e descoñecidos; normas de cortesía; grao de permisividade co comportamento dos nenos nos lugares públicos.

Valores, crenzas e actitudes respecto a: grupos profesionais, riqueza, culturas rexionais, seguridade, política, institucións, minorías, identidade nacional, países, estados e pobos estranxeiros.

As convencións sociais: vestimenta, protocolos, ofrecer e recibir hospitalidade, ofrecer e pedir axuda, invitar, prestar cousas e diñeiro, etc.; asistir a convencións, conmemoracións e actos sociais.

O comportamento ritual: cerimonia e prácticas relixiosas (bautizos, vodas, velorio, etc.); comportamento en representacións e cerimonia públicas; celebracións, festividades, bailes, etc.

A linguaxe corporal.

Lingua e sociedade: interferencias lingüísticas; recoñecemento doutras linguas (linguas minoritarias, linguas que comparten o mesmo territorio); promoción e conservación doutras linguas; o plurilingüismo.

### **3.3. Competencias estratéxicas**

Fan referencia á capacidade do alumnado para aprender autonomamente, resolver as dificultades que lle poidan xurdir e ser consciente da súa propia aprendizaxe responsabilizándose do proceso dun xeito activo.

1. As estratexias de aprendizaxe danlle a posibilidade ao alumnado de regular a súa aprendizaxe, así como de transformar e xestionar a nova información da lingua obxecto de estudo. Así o alumnado poderá:

- Explicar o que sabe, como o aprendeu e dirixir a súa aprendizaxe para seguir aprendendo.
- Planificar a propia aprendizaxe establecendo os seus propios obxectivos a curto e a longo prazo.
- Organizar o material de aprendizaxe cos instrumentos de apoio necesarios (manuais, caderno de aprendizaxe...).
- Autoavaliar o propio proceso detectando os erros e os logros nas tarefas.
- Utilizar todos os medios ao seu alcance (Internet, proxectos sobre diversos temas, axuda doutros/as falantes...)
- Repetir, recoñecer e usar modelos de lingua etc.
- Relacionar a información nova con coñecementos previos.
- Deducir e establecer relacións entre as linguas coñecidas.
- Resumir para comprender e producir textos orais ou escritos.

2. As estratexias de comunicación permiten mobilizar os propios recursos para poñer en funcionamento as actividades de lingua, así como establecer e manter a comunicación cos medios lingüísticos dispoñibles. Así, o alumnado poderá:

- Activar e procurar coñecementos previos sobre a lingua, a situación, os contidos, as persoas...; informarse se hai axudas visuais etc.
- Identificar o tipo de texto para adaptarse á súa comprensión.
- Tomar conciencia do que se quere aprender: do contido xeral, da información específica, da información polo miúdo.
- Establecer hipóteses e inferir outros tipos de informacións a partir de elementos paratextuais (entoación, velocidade...) e extratextuais (imaxes, gráficos, fotografías...).
- Restablecer e anticipar posicións en relación ao que segue no texto (palabra, frase, resposta...).
- Reformular hipóteses sobre o contido e o contexto a partir da comprensión de novos elementos do propio texto, utilizando o seu coñecemento e experiencias.
- Asegurar a comprensión, repetir o comprendido, preguntar sobre o dito, volver escoitar o texto tendo en conta determinados aspectos.
- Solicitar repeticións, pedir que se explique unha palabra clave, dicir que non se entendeu.
- Recoñecer as dificultades de comprensión, debido a posibles factores de distorsión, á velocidade coa que se expresa etc.

#### 4. Avaliación

## 4.1. Criterios de cualificación e mínimos esixibles

### 4.1.1. Criterios de cualificación

A proba de certificación consta de cinco actividades de lingua:

- Comprensión de textos orais
- Producción e coproducción de textos orais
- Comprensión de textos escritos
- Producción e coproducción de textos escritos
- Mediación de textos escritos e orais

As cualificacións definitivas obtidas expresaranse mediante os termos de “apto/a” “non apto/a” ou “non presentado/a”.

Será apto o alumnado que na suma total de todas as destrezas acade un mínimo de 81,25 puntos, equivalente a o 65% da nota e sempre e cando supere as cinco actividades de lingua. Para a súa superación debe tamén obter un mínimo de 12,5 puntos en cada actividade de lingua pero tamén ten que sumar entre as cinco actividades de lingua un mínimo de 81,25 puntos que son os necesarios para aprobar, é dicir, o 65% da puntuación total.

Na convocatoria extraordinaria de finais de xuño o alumnado examínase das actividades de lingua non superadas ou non presentadas na convocatoria ordinaria.

Tamén poderá repetir voluntariamente aquelas actividades de lingua nas que acadara os 12,5 puntos pero non alcanzara o mínimo do 65% (16,25/25) na proba na convocatoria ordinaria para poder así acadar a puntuación mínima global de 81,25 puntos. Neste caso só se lle terá en conta o resultado si este é superior ó resultado da convocatoria ordinaria.

A puntuación máxima total da proba ascende a 125 puntos, correspondendo 25 puntos a cada actividade de lingua.

Avaliarase o progreso e logro de obxectivos do alumnado de forma frecuente e interactiva mediante procesos de observación na aula e recollida e avaliación de tarefas. O profesorado informará ó alumnado sobre o seu progreso despois do primeiro cuadrimestre.

O alumnado que non supere todas as actividades de lingua deberá repetir curso.

A cualificación positiva final conducirá á obtención do certificado do nivel correspondente e permitirá o acceso ao seguinte nivel.

### 4.1.2. Mínimos esixibles

**É quen** de coñecer e aplicar á comprensión do texto os aspectos socioculturais e sociolingüísticos comúns relativos á vida cotiá e reconece léxico oral de uso frecuente relativo a asuntos cotiáns, de carácter xeral, ou relacionados cos propios intereses.

**É quen** de inferir do contexto e do cotexto, normalmente de maneira correcta, os significados dalgunhas palabras e expresións que descoñece, aplicando as estratexias máis adecuadas en cada caso para a comprensión do sentido xeral, a información esencial, os puntos e ideas principais e os detalles máis relevantes do texto

**É capaz** de discriminar os patróns sonoros, acentuais, rítmicos e de entoación de uso común.

**É quen** de aplicar adecuadamente as estratexias para producir textos orais breves ou de media extensión, coherentes e de estrutura simple e clara, utilizando unha serie de procedementos sinxelos para adaptar ou reformular a mensaxe e reparar a comunicación, seguindo os patróns discursivos de uso máis frecuente en cada contexto, interactuando de maneira sinxela en intercambios claramente estruturados, utilizando fórmulas ou xestos simples para tomar ou manter a quenda de palabra.

**É quen** de utilizar adecuadamente un repertorio léxico oral suficiente para comunicar información relativa a temas coñecidos en situacións habituais e cotiás, aínda que cometa erros importantes pronunciando e entoando de maneira clara e intelixible, aínda que resulte evidente o acento estranxeiro ou cometa erros de pronuncia, sempre que non interrompan a comunicación, e os interlocutores/as teñan que solicitar repeticións de vez en cando.

**É capaz** de aplicar á comprensión do texto os aspectos socioculturais comúns relativos á comunicación escrita nas culturas es que se usa o idioma aplicando as estratexias máis adecuadas para a comprensión do sentido xeral, a información esencial, os puntos e ideas principais e os detalles máis relevantes do texto.

**É capaz** de comprender léxico escrito de uso frecuente relativo a asuntos cotiás e pode inferir do contexto e do cotexto os significados dalgunhas palabras e expresións que descoñece e recoñece os valores e os significados asociados a convencións de formato, tipográficas, ortográficas e de puntuación de uso común, así como abreviaturas e símbolos de uso frecuente.

**É quen** de tomar notas concisas nunha actividade de aula en lingua estándar, sempre que o tema sexa coñecido e o discurso se formule dun modo sinxelo e se articule con claridade e amosa un control razoable de estruturas sintácticas de uso frecuente e emprega mecanismos simples de cohesión. Utiliza un repertorio léxico escrito de uso frecuente suficiente para comunicar información breve, simple e directa en situacións habituais e cotiás.

**É quen** de identificar a información clave que debe transmitir, así como as intencións básicas das persoas emisoras e receptoras cando este aspecto é relevante e de facilitar a comprensión das persoas participantes, recorrendo a comparacións e conexións sinxelas e directas con aquilo que pensa que poden coñecer.

## 4.2. Procedementos e instrumentos de avaliación

A avaliación terá por obxecto cualificar e certificar o nivel de competencia comunicativa adquirido polo alumnado como resultado do seu proceso de aprendizaxe.

Haberá diferentes modalidades ao longo do curso



**Avaliación inicial (ou de diagnóstico):** O profesorado a inicio de curso fará unha avaliación de diagnóstico para coñecer o nivel e as características do seu alumnado.

**Avaliación de progreso (ou formativa):** Nesta modalidade tanto profesorado como alumnado poden observar, reflexionar e valorar o proceso de aprendizaxe. Avaliarase o progreso e logro de obxectivos do alumnado de forma frecuente e interactiva mediante procesos de observación na aula e recollida e avaliación de tarefas. O profesorado informará ó alumnado sobre o seu progreso despois do primeiro cuatrimestre.

**Avaliación certificadora:** o alumnado oficial terá dúas convocatorias para certificar o nivel, unha a final de maio ou a principios de xuño e outra a finais de xuño. Será apto o alumnado que obteña o 65% (81,25 puntos) da puntuación máxima total que ascende a 125 puntos e sempre e cando supere as cinco actividades de lingua. A cualificación positiva final conducirá á obtención do certificado do nivel B2 e permitirá o acceso ao seguinte nivel.

- **A auto-avaliación:** sendo a autoavaliación un instrumento importante no proceso de ensino-aprendizaxe fomentárase a autoavaliación tanto do profesorado como do alumnado. O profesorado poderá saber si acadou os obxectivos marcados e si precisa facer cambios na programación para acadar ditos obxetivos e o alumnado desenvolve a capacidade de ser responsable ante o seu propio proceso de aprendizaxe. O profesorado motivará ao alumnado a realizar as distintas actividades de autoavaliación que están ao final de cada tema no libro de texto.

### 4.3. Criterios de avaliación

#### 4.3.1. Actividades de comprensión de textos orais

**Comprende** exposicións públicas de certa complexidade referidas a temas dos que se ten algún coñecemento previo ou relacionado coa experiencia académica ou a actividade profesional, aínda que ás veces lle resulte difícil acadar un bo nivel de comprensión se o discurso non está ben organizado e carece de fío condutor.

**Comprende** textos bastante extensos transmitidos por diferentes medios: noticias, programas de debate, películas de trama sinxela, representacións teatrais. Procurárase que haxa unhas boas condicións acústicas, que o discurso estea ben organizado e que a estrutura do discurso sexa clara.

**Comprende** o que se di en conversacións e transaccións en lingua estándar a velocidade normal, nas que pode haber cambios de tema e interrupcións, con interaccións ben organizadas, seguindo as argumentacións e interpretando todos os detalles.

**Comprende** textos producidos en diferentes situacións de comunicación que conteñen informacións precisas, por exemplo, unha axenda de traballo, avisos concretos feitos nun lugar público no que as condicións acústicas non son moi boas...

### 4.3.2. Actividades de produción e coprodución de textos orais

**Aplica** adecuadamente á produción de textos orais monolóxicos e dialóxicos os aspectos socioculturais e sociolingüísticos máis relevantes da lingua e culturas meta relativos a costumes, usos, actitudes, valores e crenzas que integrou na súa competencia intercultural, e sabe superar as diferenzas con respecto ás linguas e culturas propias e os estereotipos, demostrando confianza no uso de diferentes rexistros ou outros mecanismos de adaptación contextual, expresándose apropiadamente en situacións diversas e evitando erros importantes de formulación.

**Coñece**, selecciona con atención, e sabe aplicar eficazmente e con certa naturalidade, estratexias adecuadas para producir textos orais monolóxicos e dialóxicos de diversos tipos e de certa lonxitude, planificando o discurso segundo o propósito, a situación, as persoas interlocutoras e a canle de comunicación, e facendo un seguimento e unha reparación deste mediante procedementos variados (paráfrases, circunloquios, xestión de pausas, variación na formulación...) de maneira que a comunicación se realice sen esforzo pola súa parte ou a dos/as interlocutores/as.

**Consegue** alcanzar os fins funcionais que pretende utilizando, de entre un repertorio variado, os expoñentes máis adecuados ao contexto específico.

**Articula** o seu discurso de maneira clara e coherente seguindo os patróns comúns de organización segundo o xénero e o tipo textual, desenvolvendo descrições e narracións claras e detalladas, argumentando eficazmente e matizando os seus puntos de vista, indicando o que considera importante (p. ex. mediante estruturas enfáticas) e ampliando con algúns exemplos, comentarios e detalles adecuados e relevantes.

**Demuestra** un bo control de estruturas sintácticas comúns e algunhas máis complexas, con algún descoido esporádico ou erro non sistemático que pode corrixir retrospectivamente, seleccionándoas con flexibilidade e adecuadamente segundo a intención comunicativa no contexto específico.

**Dispón** dun amplo vocabulario sobre asuntos relativos á súa especialidade e intereses e sobre temas máis xerais e varía a formulación para evitar repeticións frecuentes, recorrendo con flexibilidade a circunloquios cando non atopa unha expresión máis precisa.

**Adquiriu** unha pronuncia e entoación claras e naturais.

**Exprésase** con claridade, con suficiente espontaneidade e cun ritmo bastante uniforme, e sen manifestar ostensiblemente que teña que limitar o que quere dicir, e dispón de suficientes recursos lingüísticos para facer descrições claras, expresar puntos de vista e desenvolver argumentos, utilizando para isto algunhas estruturas complexas, sen que se lle note moito que está buscando as palabras que necesita.

Inicia, mantén e termina o discurso adecuadamente, facendo un uso eficaz das quendas de palabra, aínda que é posible que non sempre o faga con elegancia, e xestiona a interacción con flexibilidade e eficacia e de maneira colaborativa, confirmando a súa comprensión,

pedindo a opinión da persoa interlocutora, invitando outros/as a participar e contribuíndo ao mantemento da comunicación.

#### 4.3.3. Actividades de comprensión de textos escritos

**Comprende** información esencial e detalles relevantes en cartas, correos electrónicos e outras informacións de interacción escrita na que aparezan queixas, reclamacións, peticións, citacións..., que versen sobre temas da vida social, persoal e da propia especialidade.

**Segue** as fases detalladas en instrucións ou en textos legais habituais e é quen de comprender normativas ou regulamentos, aínda que presenten vocabulario técnico e específico.

**Distingue** entre feitos, opinións, argumentos, sucesos..., e interpreta o que le identificando con precisión os argumentos dos distintos puntos de vista, os matices de sentido e as posturas concretas.

**Identifica** a intención do texto (solicitar, reclamar, citar...) e comprende vocabulario, expresións e estruturas que comuniquen ofrecementos, prazos, acordos, xustificacións...

**Reacciona** á vista da información esencial e os detalles relevantes do texto de que se trate.

#### 4.3.4. Actividades de produción e coprodución de textos escritos

**Aplica** adecuadamente á produción de textos escritos os aspectos socioculturais e sociolingüísticos máis relevantes da lingua e culturas meta relativos a costumes, usos, actitudes, valores e crenzas que integrou na súa competencia intercultural, e sabe superar as diferenzas con respecto ás linguas e culturas propias e os estereotipos, adaptando o rexistro e o estilo ou aplicando outros mecanismos de adaptación contextual para expresarse apropiadamente segundo a situación e o propósito comunicativos e evitar erros importantes de formulación.

**Aplica** con flexibilidade as estratexias máis adecuadas para elaborar textos escritos de certa lonxitude, detallados e ben estruturados, p. ex. desenvolvendo os puntos principais e ampliándoos coa información necesaria a partir dun esquema previo ou integrando de maneira apropiada información relevante procedente de diversas fontes.

**Realiza** as funcións comunicativas que persegue utilizando os expoñentes máis adecuados ao contexto específico de entre un repertorio variado.

**Articula** o texto de maneira clara e coherente utilizando adecuadamente, sen erros que conduzan a malentendidos, os patróns comúns de organización segundo o xénero e o tipo textual e os recursos de cohesión de uso común e máis específico para desenvolver descricións e narracións claras e detalladas, argumentar eficazmente e matizar os seus puntos de vista, indicar o que considera importante (p. ex. mediante estruturas enfáticas) e ampliar con algúns exemplos, comentarios e detalles adecuados e relevantes.

**Demostra** un bo control de estruturas sintácticas comúns e algunhas máis complexas, con algún descoido esporádico ou erro non sistemático que non afecta a comunicación, seleccionándoas con flexibilidade e adecuadamente segundo a intención comunicativa no contexto específico.

**Dispón** dun amplo léxico escrito de uso común e sobre asuntos relativos ao seu campo de especialización e intereses e varía a formulación para evitar repeticións frecuentes, recorrendo con flexibilidade a circunloquios cando non atopa unha expresión máis precisa.

**Utiliza** con razoable corrección, aínda que poida manifestar influencia da(s) súa(s) lingua(s) primeira(s) ou outras, os patróns ortotipográficos de uso común e máis específico (parénteses, guións, abreviaturas, asteriscos, cursiva...) e aplica con flexibilidade as convencións formais máis habituais de redacción de textos tanto en soporte papel como dixital.

#### 4.3.5. Actividades de mediación

**Coñece** coa debida profundidade, e aplica adecuadamente á actividade de mediación en cada caso, os aspectos socioculturais e sociolingüísticos xerais e máis específicos que caracterizan as culturas e as comunidades de práctica en que se fala o idioma, así como as súas implicacións máis relevantes, e sabe superar as diferenzas con respecto ás linguas e culturas propias e os estereotipos, demostrando confianza no uso de diferentes rexistros e estilos, ou outros mecanismos de adaptación contextual, expresándose apropiadamente en situacións diversas e evitando erros importantes de formulación.

**Coñece**, selecciona con atención e sabe aplicar eficazmente e con certa naturalidade estratexias adecuadas para adaptar os textos que debe procesar ao propósito, á situación, ás persoas participantes e á canle de comunicación, mediante procedementos variados (paráfrases, circunloquios, amplificación ou condensación da información...).

**Sabe** obter a información detallada que necesita para poder transmitir a mensaxe con claridade e eficacia.

**Organiza** adecuadamente a información que pretende ou debe transmitir e detállaa de maneira satisfactoria segundo sexa necesario.

**Transmite** con suficiencia tanto a información como, de ser o caso, o ton e as intencións dos e das falantes ou da autoría.

**Pode** facilitar a interacción entre as partes monitorizando o discurso con intervencións adecuadas, repetindo ou reformulando o dito, pedindo opinións, facendo preguntas para afondar nalgúns aspectos que considera importantes e resumindo a información e os argumentos cando é necesario para aclarar o fío da discusión.

**Compara** e contrasta información e ideas das fontes ou das partes e resume apropiadamente os seus aspectos máis relevantes.

**É capaz** de suxerir unha saída de compromiso, unha vez analizadas as vantaxes e desvantaxes doutras opcións.

#### 1. Obxectivos xerais

Neste nivel C.1.1 o alumnado irá avanzando gradualmente, dado que o nivel C1 consta de dous cursos académicos. Polo tanto irán adquirindo os obxectivos xerais que acadarán na súa totalidade no curso de certificación C1.2.

As ensinanzas de nivel avanzado C1 teñen por obxecto capacitar o alumnado para actuar con flexibilidade e precisión, sen esforzo aparente e superando facilmente as carencias lingüísticas mediante estratexias de compensación, en todo tipo de situacións nos ámbitos persoal e público, para realizar estudos a nivel terciario ou participar con seguridade en seminarios ou en proxectos de investigación complexos no ámbito académico, ou comunicarse eficazmente en actividades específicas no eido profesional.

Para isto, o alumnado deberá adquirir as competencias que lle permitan utilizar o idioma con gran facilidade, flexibilidade, eficacia e precisión para comprender, producir, coproducir e procesar unha ampla gama de textos orais e escritos extensos e estruturalmente complexos, precisos e detallados, sobre aspectos tanto abstractos como concretos de temas de carácter xeral ou especializado, incluso fóra do propio campo de especialización, en diversas variedades da lingua, e con estruturas variadas e complexas e un amplo repertorio léxico que inclúa expresións especializadas, idiomáticas e coloquiais e que permita apreciar e expresar sutís matices de significado.

##### 1.1. Actividades de comprensión de textos orais

**Comprende**, independentemente da canle e incluso en malas condicións acústicas, a intención e o sentido xeral, as ideas principais, a información importante, os aspectos e detalles relevantes e as opinións e actitudes, tanto implícitas como explícitas, dos e das falantes nunha ampla gama de textos orais extensos, precisos e detallados e nunha variedade de acentos, rexistros e estilos, incluso cando a velocidade de articulación sexa alta e as relacións conceptuais non estean sinaladas explicitamente, sempre que poida confirmar algúns detalles, especialmente se non está familiarizado/a co acento.

##### 1.2. Actividades de produción e coprodución de textos orais

**Produce e coproduce**, con fluidez, espontaneidade e case sen esforzo, e independentemente da canle, unha ampla gama de textos orais extensos, claros e detallados, conceptual e estruturalmente complexos, en diversos rexistros e cunha entoación e un acento adecuados á expresión de matices de significado, mostrando dominio dunha ampla gama de recursos lingüísticos, das estratexias discursivas e interaccionais e de

compensación que fai imperceptibles as dificultades ocasionais que poida ter para expresar o que quere dicir e que lle permite adecuar con eficacia o seu discurso a cada situación comunicativa.

### 1.3. Actividades de comprensión de textos escritos

**Comprende** con todo detalle a intención e o sentido xeral, a información importante, as ideas principais, os aspectos e detalles relevantes e as opinións e actitudes da autoría, tanto implícitas como explícitas, nunha ampla gama de textos escritos extensos, precisos e detallados, conceptual e estruturalmente complexos, incluso sobre temas fóra do seu campo de especialización, identificando as diferenzas de estilo e rexistro, sempre que poida reler as seccións difíciles.

### 1.4. Actividades de produción e coprodución de textos escritos

**Produce e coproduce**, independentemente do soporte, textos escritos extensos e detallados, ben estruturados e axustados aos diferentes ámbitos de actuación, sobre temas complexos nos ditos ámbitos, resaltando as ideas principais, ampliando con certa extensión e defendendo os seus puntos de vista con ideas complementarias, motivos e exemplos adecuados e terminando cunha conclusión apropiada, utilizando para isto, de maneira correcta e consistente, estruturas gramaticais e convencións ortográficas, de puntuación e de presentación do texto complexas, mostrando control de mecanismos complexos de cohesión e dominio dun léxico amplo que lle permita expresar matices de significado que inclúan a ironía, o humor e a carga afectiva.

### 1.5. Actividades de mediación

**Media** con eficacia entre falantes da lingua meta ou de distintas linguas, en situacións tanto habituais como máis específicas e de maior complexidade nos ámbitos persoal, público, académico e profesional, trasladando con flexibilidade, corrección e eficacia tanto información como opinións, implícitas ou explícitas, contidas nunha ampla gama de textos orais ou escritos extensos, precisos e detallados, conceptual e estruturalmente complexos, identificando e reflectindo coa maior exactitude posible as diferenzas de estilo e rexistro e utilizando os recursos lingüísticos e as estratexias discursivas e de compensación para minimizar as dificultades ocasionais que puidese ter.

## 2. Obxectivos específicos

### 2.1. Comprensión de textos orais

**Comprende**, independentemente da canle, información específica en declaracións, mensaxes, anuncios e avisos detallados que teñen pouca calidade e un son distorsionado.

**Comprende** información complexa con condicións e advertencias, instrucións de funcionamento e especificacións de produtos, servizos e procedementos coñecidos e menos habituais, e sobre todos os asuntos relacionados coa súa profesión ou coas súas actividades

académicas.

**Comprende** con relativa facilidade a maioría das conferencias, charlas, coloquios, parladoiros e debates, sobre temas complexos de carácter público, profesional ou académico, entendendo en detalle os argumentos que se esgrimen.

**Comprende** os detalles de conversas e discusións de certa lonxitude entre terceiras persoas, incluso sobre temas abstractos, complexos ou cos que non se está familiarizado/a e captar a intención do que se di.

**Comprende** conversas de certa lonxitude en que se participa, aínda que non estean claramente estruturadas e a relación entre as ideas sexa soamente implícita.

**Comprende** sen demasiado esforzo unha ampla gama de programas de radio e televisión, obras de teatro ou outro tipo de espectáculos e películas que conteñen unha cantidade considerable de argot ou linguaxe coloquial e de expresións idiomáticas, e identificar pormenores e sutilezas como actitudes e relacións implícitas entre os/as falantes.

## 2.2. Producción e coprodución de textos orais

**Fai declaracións** públicas con fluidez, case sen esforzo e usando a entoación para transmitir o significado con precisión.

**Realiza** presentacións claras e ben estruturadas, sobre un tema complexo, ampliando con subtemas, desenvolvendo ideas concretas e defendendo puntos de vista con argumentos e exemplos adecuados, apartándose cando sexa necesario do texto preparado para continuar con aspectos propostos pola audiencia e rematar cunha conclusión apropiada, unha vez respondidas as preguntas finais.

**Participa** nunha entrevista, como entrevistador/a ou entrevistado/a, ampliando e desenvolvendo as ideas discutidas, utilizando mecanismos adecuados para manter o bo desenvolvemento do discurso.

**Participa** en conversacións formais ou informais, cunha ou varias persoas interlocutoras, que traten temas abstractos, complexos ou específicos. Facer un uso emocional ou humorístico do idioma, expresar as propias ideas e opinións con precisión, presentar liñas argumentais de maneira convincente e responder con eficacia.

## 2.3. Comprensión de textos escritos

**Comprende** instrucións, indicacións, normativas, avisos ou outras informacións de carácter técnico e complexas, incluíndo algún detalle sobre condicións e advertencias, tanto se se relacionan coa propia especialidade coma se non, sempre que se poidan reler as seccións máis difíciles.

**Comprende** alusións en notas, mensaxes e correspondencia persoal, que poidan tratar sobre temas complexos e presentar trazos específicos na súa estrutura ou no léxico (formato non habitual, linguaxe coloquial, ton humorístico).

**Comprende** a información contida en correspondencia formal de carácter profesional ou institucional, identificando os niveis de formalidade e as actitudes ou opinións implícitas. Comprender artigos, informes, actas, memorias e outros textos complexos do ámbito social, profesional ou académico e identificar detalles que denoten actitudes, sempre que se poidan volver ler as seccións difíciles.

**Comprende** en detalle a información contida en textos de consulta de carácter profesional ou académico, en calquera soporte, sempre que se poidan volver ler as seccións difíciles.

**Comprende**, en calquera soporte, as ideas e posturas expresadas en artigos ou outros textos xornalísticos de certa extensión, tanto de carácter xeral como especializado, nos que se comentan e analizan puntos de vista ou opinións.

**Comprende** textos literarios contemporáneos, escritos nunha variedade de lingua estándar e captar a mensaxe, as ideas e as conclusións implícitas.

#### 2.4. Producción e coprodución de textos escritos

**Toma notas** durante unha conferencia, curso ou seminario que trate temas da súa especialidade, ou durante reunións no ámbito profesional, escribindo a información de maneira que as notas poderían ser útiles para outras persoas.

**Escribe** correspondencia persoal en calquera soporte e comunicarse en foros, relacionarse con flexibilidade e eficacia coas persoas destinatarias, incluíndo usos de carácter emocional, alusivo e humorístico.

**Escribe** correspondencia formal dirixida a institucións públicas ou privadas na que se fagan reclamacións ou demandas con certa complexidade e se empreguen os argumentos pertinentes para apoiar ou rebater posturas.

**Escribe** informes, memorias, artigos e ensaios claros e ben estruturados, sobre temas complexos en contornas de carácter público, académico ou profesional, resaltando as ideas principais, ampliando con subtemas e rematando cunha conclusión apropiada.

#### 2.5. Mediación

**Media** entre falantes da lingua meta ou de distintas linguas para trasladar oralmente ou por escrito unha ampla gama de textos sobre temas relacionados cos campos do seu interese persoal, da súa especialización ou dos ámbitos profesional e académico.

**Adapta** sen aparente dificultade o rexistro aos diferentes contextos de uso e manter unha expresión e entoación que permitan transmitir o significado e aclarar posibles confusións.



**Leva a cabo** transaccións, xestións e operacións, nas que se debe negociar a solución de conflitos, identificar as posturas, desenvolver argumentos, facer concesións, utilizando unha linguaxe negociadora e afrontar dificultades imprevistas.

**Recoñece** significados complexos, en textos orais ou escritos, e adaptar o formato e contido en función das necesidades ou intereses do/a receptor/a e aclarar posibles confusións.

### 3. **Secuenciación e temporalización dos contidos**

Tanto a secuenciación como a temporalización dos contidos enunciados a continuación poden estar suxeitas a modificacións ou adaptación segundo as necesidades de cada grupo garantindo sempre o cumprimento dos obxectivos fixados para o curso e nivel.

#### 3.1. **Competencias comunicativas**

##### 3.1.1. **Competencias pragmáticas**

###### a) **Contidos funcionais**

O alumnado precisa destes contidos para desenrolar as seguintes funcións comunicativas ou actos de fala en contextos comunicativos específicos, tanto a través de actos de fala directos como indirectos, nunha ampla variedade de rexistros:

Funcións ou actos de fala asertivos, relacionados coa expresión do coñecemento, da opinión, da crenza e da conxectura: expresar acordo e desacordo, expresar descoñecemento, expresar dúbida e escepticismo, expresar unha opinión, formular unha hipótese, supoñer, predicir...

Funcións ou actos de fala que impliquen compromiso, relacionados coa expresión do ofrecemento, da intención, da vontade e da decisión: expresar a intención, a vontade e a decisión de facer ou non facer algo; ofrecer axuda; prometer e retractarse...

Funcións ou actos de fala directivos, que teñen como finalidade dar unha instrución: ofrecer consello, advertir, dar instrucións, dar ou negar permiso, previr a alguén en contra de algo ou de alguén, prohibir, recomendar, lembrarlle algo a alguén, restrinxir e suplicar...

Funcións ou actos de fala fáticos e solidarios, que se realizan para establecer ou manter o contacto persoal, social, académico e profesional e expresar actitudes con respecto aos/ás demais: aceptar ou declinar unha invitación, compadecerse, expresar condolencia, facer cumprimentos, interesarse por alguén ou por algo, pedir desculpas e rexeitar...

Funcións ou actos de fala expresivos, cos que se expresan actitudes e sentimentos como resposta ante determinadas situacións: expresar admiración, ledicia, aprecio, simpatía,

(des)confianza, (des)aprobación, decepción, (des)interese, resignación, temor, exculpar, lamentar, reprochar...

## b) Contidos discursivos

Fan referencia ao coñecemento, comprensión e aplicación das competencias discursivas que lle permitan ao alumnado producir e comprender textos coherentes con respecto ao contexto en que se producen e que presenten unha cohesión interna que facilite a súa comprensión. A complexidade da tipoloxía de textos que se relaciona deberá adaptarse ás características propias de cada idioma, á organización de cada nivel, ás necesidades e dificultades de aprendizaxe do alumnado e ás distintas actividades de lingua.

### ● Coherencia e cohesión

**Coherencia:** adecuación do texto oral ao contexto comunicativo (tipo e formato de texto, variedade de lingua, rexistro, tema, enfoque e contido: selección de contido relevante, selección de estruturas sintácticas, selección léxica; contexto espacio-temporal: referencia espacial, referencia temporal).

**Cohesión:** organización interna do texto oral. Inicio, desenvolvemento e conclusión da unidade textual: mecanismos iniciadores (toma de contacto...), introdución do tema, tematización, desenvolvemento do discurso: desenvolvemento temático (mantemento do tema: correferencia, elipse, repetición, reformulación, énfase. Expansión temática: exemplificación, reforzo, contraste, introdución de subtemas. Cambio temático: digresión, recuperación do tema); conclusión do discurso: resumo/recapitulación, indicación de peche textual e peche textual.

### ● Tipoloxía de textos

Traballarase a seguinte tipoloxía de textos orais ao longo do curso:

- Anuncios publicitarios complexos retransmitidos
- Instrucións e indicacións detalladas
- Conversas especializadas
- Reunións de traballo con vocabulario específico
- Debates e discusións formais sobre temas complexos ou específicos
- Entrevistas longas e complexas: de traballo, académicas...
- Entrevistas xornalísticas de carácter divulgativo
- Sondaxes e cuestionarios complexos
- Audiovisuais
- Conferencias, presentacións e declaracións públicas específicas e detalladas
- Cancións
- Representacións teatrais
- Podcasts
- Informativos
- Clases gravadas
- Páxinas web gobernamentais

Traballárase a seguinte tipoloxía de textos escritos ao longo do curso:

- Correspondencia persoal e profesional especializada
- Textos extensos da súa especialidade ou doutros ámbitos
- Instrucións extensas
- Textos xornalísticos informativos e de opinión sobre temas de actualidade
- Textos literarios contemporáneos que poidan presentar certa complexidade lingüística, estrutural e temática
- Textos de rexistro coloquial en forma de notas, cartas, correo electrónico etc., aínda que se apoiem excepcionalmente en modismos e fraseoloxía específica
- Informacións, anuncios e slogans publicitarios
- Textos que poidan amosar trazos non normativos
- Textos de opinión ou ensaísticos sobre cuestións de actualidade ou sobre temas de interese xeral
- Textos académicos ou profesionais relacionados ou non coa súa especialidade
- Textos ensaísticos

### **3.1.2. Competencias sociolingüísticas**

Teranse en conta os marcadores lingüísticos das relacións sociais, normas de cortesía, estereotipos, modismos e rexistros nas seguintes áreas: os servizos públicos, as condicións de vida, as relacións persoais, as convencións sociais, os valores e as crenzas.

Un enfoque centrado no uso do idioma supón necesariamente a súa dimensión social. Os alumnos deberán adquirir as competencias sociolingüísticas que lles permitan comunicarse con efectividade ao nivel especificado.

Contidos sociolingüísticos: marcadores lingüísticos de relacións sociais, normas de cortesía, estereotipos e modismos populares, rexistros, dialectos sen acentos.

### **3.1.3. Competencias lingüísticas**

#### **a) Contidos léxicos-semánticos**

Consolidaranse todos os contidos léxicos vistos nos niveis anteriores e incidirase nos propios deste nivel. Os diferentes contidos léxicos-semánticos neste nivel se mezclan entre si, non son temas aillados. Isto conleva a que nas diferentes actividades de lingua que se levan a cabo ao longo do curso aparecerán varios temas nunha sóla actividade de lingua, isto implica que os contidos léxicos- semánticos se inician, se retoman e se completan ao longo do curso.

Os contidos léxicos-semánticos deberanse adaptar ás realidades socioculturais dos países das linguas obxecto de estudo, ás necesidades e dificultades de aprendizaxe do alumnado

e ás actividades de lingua. Estes contidos fan referencia á capacidade do alumnado para recoñecer, comprender e usar o léxico que lle permita desenvolverse nos temas que se relacionan a continuación:

### **1º cuadrimestre:**

**-Vivenda, fogar e contorna:** tipos de hábitat, a organización urbana, a localización no espazo, a construción, compra e alugueiro, equipamento, decoración e mantemento, a contorna sociocultural, física e económica... (Tema 1 de Aspekto C1)

**-Identidade persoal:** dimensión física e anímica, procedencia e localización xeográfica, características físicas, estilos de vida, carácter e valores persoais, sensacións e percepcións físicas... (Tema 1 de Aspekto C1)

**-Relacións persoais e sociais:** relacións familiares e de parentesco, relacións de amizade e inimidade, formas de convivencia, agrupamentos e interaccións humanas, asociacións... (Tema 1 de Aspekto C1)

**-Xeografía, natureza e medio rural:** accidentes xeográficos, movementos migratorios, paisaxe urbana e rural, natureza, ecoloxía e problemas ambientais... (Tema 1 de Aspekto C1)

**-Educación e actividades académicas:** sistema educativo, profesionais da educación, estudos e titulacións, recursos, lexislación e regulamentos, actividades e innovacións, problemas e conflitos, tendencias... (Tema 2 e 3 de Aspekto C1)

**-Información e medios de comunicación:** prensa, radio e televisión, internet, publicidade e redes sociais... (Tema 2 de Aspekto C1)

**-Goberno, política e sociedade:** organización política e de goberno, estrutura administrativa, organismos e servizos públicos, organizacións sociais, políticas e profesionais, conflitos e movementos sociais, xustiza, modas e tendencias sociais... (Tema 1 de Aspekto C1)

**-Traballo e actividades profesionais:** tipos de traballo e tarefas, novas modalidades de emprego, condicións e contratos laborais, asociacións sindicais, seguridade e riscos laborais... (Tema 2 e 3 de Aspekto C1)

O alumnado neste primeiro cuadrimestre traballará estes contidos mencionados usando o libro de texto dende o tema 1 ata o tema tres incluído, así como material complementario empregado en clase polo profesorado (fotocopias con diversas actividades de lingua, audios, vídeos, internet ...)

## 2º cuadrimestre:

**-Economía e industria:** finanzas e bolsa, impostos e renda, comercio, entidades e empresas, sistemas de produción... (Tema 4 de Aspekte C1)

**-Goberno, política e sociedade:** organización política e de goberno, estrutura administrativa, organismos e servizos públicos, organizacións sociais, políticas e profesionais, conflitos e movementos sociais, xustiza, modas e tendencias sociais... (Tema 4 de Aspekte C1)

**-Ciencia e tecnoloxía:** avances científicos e tecnolóxicos, centros de investigación, sociedades científicas... (Tema 5 de Aspekte C1)

**-Economía e industria:** finanzas e bolsa, impostos e renda, comercio, entidades e empresas, sistemas de produción... (Tema 5 de Aspekte C1)

**-Traballo e actividades profesionais:** tipos de traballo e tarefas, novas modalidades de emprego, condicións e contratos laborais, asociacións sindicais, seguridade e riscos laborais... (Tema 5 de Aspekte C1)

**-Información e medios de comunicación:** prensa, radio e televisión, internet, publicidade e redes sociais... (Tema 5 de Aspekte C1)

**-Relacións persoais e sociais:** relacións familiares e de parentesco, relacións de amizade e inimidade, formas de convivencia, agrupamentos e interaccións humanas, asociacións... (Tema 5 de Aspekte C1)

**-Lecer e tempo libre:** xogos, actividades deportivas, espectáculos, festas, hostalería, vacacións, ocio... (traballarse con material complementario seleccionado no departamento)

**-Compras e actividades comerciais:** actividades de compra, venda e subrogación, rede bancaria, divisas e formas de pagamento... (traballarse con material complementario seleccionado no departamento)

**-Xeografía, natureza e medio rural:** accidentes xeográficos, movementos migratorios, paisaxe urbana e rural, natureza, ecoloxía e problemas ambientais... (traballarse con material complementario seleccionado no departamento)

O alumnado neste segundo cuadrimestre traballará os contidos mencionados usando o libro de texto dende o tema 4 ata o tema 5, así como todo aquel material complementario empregado en clase polo profesorado (fotocopias con diversas actividades de lingua, audios, videos, internet ...).

## b) Contidos gramaticais

Consolidaranse todos os contidos gramaticais vistos nos niveis anteriores e incidirase nos propios deste nivel.

### 1º cuadrimestre:

- Conectores (Tema 1 de Aspekte C1)
- verbos separables e non separables (Tema 1 de Aspekte C1)
- estilo indirecto (Tema 2 de Aspekte C1)
- nominalizacións e verbalización (Tema 2 de Aspekte C1)
- frases substantivas e de obxecto directo (Tema 3 de Aspekte C1)
- oracións subordinadas (Tema 3 de Aspekte C1)

### 2º cuadrimestre:

- nominalización e verbalización de frases causales (Tema 4 de Aspekte C1)
- nominalización e verbalización de frases modales (Tema 4 de Aspekte C1)
- nominalización e verbalización de frases temporales (Tema 4 de Aspekte C1)
- oracións consecutivas negativas (Tema 5 de Aspekte C1)
- nominalizacións e verbalización: frases concesivas e finais (Tema 5 de Aspekte C1)

## c) Contidos fonéticos

Os contidos fonéticos vistos nos niveis anteriores estarán consolidados e incidirase nos contidos fonéticos propios deste nivel, como son a percepción dos patróns sonoros, acentuais, rítmicos e de entoación de uso xeral en diversas variedades da lingua, e en medios específicos segundo o ámbito e o contexto comunicativos, e comprensión dos diversos significados e intencións comunicativas asociados a estes, incluíndo variantes de sons e fonemas vocálicos e consonánticos e as súas respectivas combinacións, variantes de procesos fonolóxicos de enxordecemento, sonorización, asimilación, elisión, palatalización, nasalización, alternancia vocálica e outros, e cambios de acento e tonicidade na oración con implicacións sintácticas e comunicativas.

## d) Contidos ortográficos

Comprensión dos significados xerais e específicos, segundo o contexto de comunicación, asociados ás convencións ortotipográficas da lingua meta, incluíndo trazos de formato; valores discursivos dos signos tipográficos, ortográficos e de puntuación; adaptación ortográfica de préstamos; variantes na representación gráfica de fonemas e sons; variantes do alfabeto ou os caracteres, e os seus usos nas diversas formas.

## 3.2. Competencias socioculturais

Fan referencia ao coñecemento e aplicación dos recursos que lle permitan ao alumnado comportarse e comunicarse con efectividade nos ámbitos académico e profesional, tendo en

conta os aspectos socioculturais e sociolingüísticos. Estes contidos deben enmarcarse nunha perspectiva intercultural e deberán estar integrados nas diferentes áreas temáticas á hora de elaborar os materiais didácticos.

Teranse en conta os marcadores lingüísticos das relacións sociais, normas de cortesía, estereotipos, modismos e rexistros nas seguintes áreas: os servizos públicos, as condicións de vida, as relacións persoais, as convencións sociais, os valores e as crenzas.

Fan referencia á capacidade do alumnado para aprender autonomamente, resolver as dificultades que lle poidan xurdir e ser consciente da súa propia aprendizaxe, responsabilizándose do proceso dun xeito activo. Os contidos que se relacionan deberán adaptarse ás características propias de cada idioma, á organización de cada nivel, ás necesidades e dificultades de aprendizaxe do alumnado e ás distintas actividades de lingua.

### 3.3. Competencias estratéxicas

-As estratexias de aprendizaxe danlle a posibilidade ao alumnado de regular a súa aprendizaxe, así como de transformar e xestionar a nova información da lingua obxecto de estudo. Así o alumnado poderá:

Explicar o que sabe, como o aprendeu e dirixir a súa aprendizaxe para seguir aprendendo.

Planificar a propia aprendizaxe establecendo os seus propios obxectivos a curto e a longo prazo.

Organizar o material de aprendizaxe cos instrumentos de apoio necesarios (manuais, caderno de aprendizaxe, aplicacións móbiles, ferramentas en liña...).

Autoavaliar o propio proceso detectando os erros e os logros nas tarefas.

Utilizar todos os medios ao seu alcance (Internet, proxectos sobre diversos temas, axuda doutros/as interlocutores/as...)

Repetir, recoñecer e usar modelos de lingua etc.

Relacionar a información nova con coñecementos previos.

Deducir e establecer relacións entre as linguas coñecidas.

Resumir para comprender e producir textos orais ou escritos.

- As estratexias de comunicación permiten mobilizar os propios recursos para poñer en funcionamento as actividades de lingua, así como establecer e manter a comunicación cos medios lingüísticos dispoñibles. Así, o alumnado poderá:

Activar e procurar coñecementos previos sobre a lingua, a situación, os contidos, as persoas...

Informarse, se hai axudas visuais etc.

Identificar o tipo de texto para adaptalo á audiencia.

Tomar conciencia do que se quere aprender: do contido xeral, da información específica, da información polo miúdo.

Establecer hipóteses e inferir outros tipos de informacións a partir de elementos paratextuais (entoación, velocidade...) e extratextuais (imaxes, gráficos, fotografías...).

Restablecer e anticipar posicións en relación ao que segue no texto (palabra, frase, resposta...).

Reformular hipóteses sobre o contido e o contexto a partir da comprensión de novos elementos do propio texto, utilizando o seu coñecemento e experiencias.

Asegurar a comprensión, repetir o comprendido, preguntar sobre o dito, volver escoitar o texto tendo en conta determinados aspectos.

Solicitar repeticións, pedir que se explique unha palabra clave, dicir que non se entendeu.

Recoñecer as dificultades de comprensión, debido a posibles factores de distorsión, á velocidade coa que se expresa etc.

## **4. Avaliación**

### **4.1. Criterios de cualificación e mínimos esixibles**

#### **4.1.1. Criterios de cualificación**

A proba final de promoción consta de cinco actividades de lingua:

- Comprensión de textos orais
- Produción e coprodución de textos orais
- Comprensión de textos escritos
- Produción e coprodución de textos escritos
- Mediación de textos escritos e orais

As cualificacións definitivas obtidas expresaranse mediante os termos de “apto/a” “non apto/a” ou “non presentado/a”.

Será apto o alumnado que na suma total de todas as destrezas acade un mínimo de 81,25 puntos, equivalente a o 65% da nota e sempre e cando supere as cinco actividades de lingua. Para a súa superación debe tamén obter un mínimo de 12,5 puntos en cada actividade de lingua pero tamén ten que sumar entre as cinco actividades de lingua un mínimo de 81,25 puntos que son os necesarios para aprobar, é dicir, o 65% da puntuación total.

Na convocatoria extraordinaria de finais de xuño o alumnado examínase das actividades de lingua non superadas ou non presentadas na convocatoria ordinaria.

Tamén poderá repetir voluntariamente aquelas actividades de lingua nas que acadara os 12,5 puntos pero e non alcanzara o mínimo do 65% (16,25/25) na proba na convocatoria ordinaria, para poder así acadar a puntuación mínima global de 81,25 puntos. Neste caso só se lle terá en conta o resultado si este é superior ó resultado da convocatoria ordinaria.

A puntuación máxima total da proba ascende a 125 puntos, correspondendo 25 puntos a cada actividade de lingua.

Avaliarase o progreso e logro de obxectivos do alumnado de forma frecuente e interactiva mediante procesos de observación na aula e recollida e avaliación de tarefas. O profesorado informará ó alumnado sobre o seu progreso despois do primeiro cuatrimestre.

Pero esta avaliación terá unicamente valor orientativo e servirá para informar do grao de cumprimento no desenvolvemento da programación didáctica e da súa idoneidade.



A cualificación positiva final permitirá o acceso ao seguinte nivel.

O alumnado que non supere todas as actividades de lingua deberá repetir curso.

#### 4.1.2. Mínimos esixibles

**É capaz** de comprender conversas en lingua estándar, a velocidade normal e ben organizadas seguindo as argumentacións.

**É quen** de comprender exposicións de certa complexidade do seu interese, resultándolle difícil comprender todo se non están ben organizadas.

**É quen** de discriminar patróns sonoros, acentuais, rítmicos e de entoación de uso moi común, segundo as intencións comunicativas.

**É capaz** de iniciar, manter e rematar unha conversa sobre un tema de interese persoal utilizando un repertorio lingüístico sinxelo pero suficiente para expresar as súas opinións e argumentar.

**É capaz** de intercambiar información sobre asuntos cotiáns do seu interese con fórmulas simples sintetizando información de distintas fontes e comunicándoa de maneira oral.

**É quen** de pronunciar e entoar, con acento estranxeiro, de xeito claro e natural. **É quen** de expresarse de xeito suficientemente claro e a un ritmo bastante uniforme usando suficientes recursos lingüísticos para describir, opinar, e utilizando algunhas estruturas complexas.

**É capaz** de comprender textos, de temática xeral e de áreas específicas do seu interese, publicados nos medios de comunicación identificando a intención de textos sobre acordos, comprendendo o seu vocabulario e de reaccionar.

**É quen** de distinguir o ton e o carácter do texto, interpretando o que le con precisión. **É capaz** de escribir en calquera soporte, ou formato unha carta de motivación para un posto de traballo, detallando e axustando o rexistro empregando con razoable corrección os patróns ortotipográficos e as convencións formais máis habituais de redacción de textos.

**É capaz** de transmitir oralmente e suficientemente a información e as intencións das persoas falantes en lingua estándar e organizadamente adaptando documentos claros e en lingua estándar dos medios de comunicación.

**É quen** de simplificar a información para que as persoas receptoras a entendan.

#### 4.2. Procedementos e instrumentos de avaliación

A avaliación terá por obxecto cualificar e certificar o nivel de competencia comunicativa adquirido polo alumnado como resultado do seu proceso de aprendizaxe.

Haberá diferentes modalidades ao longo do curso

**Avaliación inicial (ou de diagnóstico):** O profesorado a inicio de curso fará unha avaliación de diagnóstico para coñecer o nivel e as características do seu alumnado.

**Avaliación de progreso (ou formativa):** Nesta modalidade tanto profesorado como alumnado poden observar, reflexionar e valorar o proceso de aprendizaxe. Avaliarase o progreso e logro de obxectivos do alumnado de forma frecuente e interactiva mediante procesos de observación na aula e recollida e avaliación de tarefas. O profesorado informará ó alumnado sobre o seu progreso despois do primeiro cuadrimestre.

**Avaliación de promoción (ou sumativa):** Os departamentos didácticos faranlle a final de curso as probas finais de promoción ao alumnado presencial dos cursos que non certifican.

A cualificación positiva final permitirá o acceso ao seguinte nivel que é o C1.2.

**Autoavaliación:** sendo a autoavaliación un instrumento importante no proceso de ensino-aprendizaxe fomentárase a autoavaliación tanto do profesorado como do alumnado. O profesorado poderá saber si acadou os obxectivos marcados e si precisa facer cambios na programación para acadar ditos obxectivos e o alumnado desenvolve a capacidade de ser responsable ante o seu propio proceso de aprendizaxe. O profesorado motivará ó alumnado a realizar as distintas actividades de autoavaliación que están ao final de cada tema no libro de texto.

### 4.3. Criterios de avaliación

#### 4.3.1. Actividades de comprensión de textos orais:

Comprende o que se pretende comunicar co fin de sacar as conclusións apropiadas.

Recoñece, segundo o contexto e en distintos rexistros (familiar, informal, formal ou neutro), a intención e o significado dun amplo repertorio de actos de fala.

É capaz de seguir un discurso extenso aínda que non estea claramente estruturado.

Recoñece expresións idiomáticas e coloquiais, e aprecia connotacións e matices de significado, aínda que poida necesitar unha repetición se o acento non lle resulta familiar.

Percibe as variedades fonético-fonolóxicas estándar propias da lingua e recoñece matices de significado.

#### 4.3.2. Actividades de produción e coprodución de textos orais

Utiliza o idioma con flexibilidade e eficacia para fins sociais, adaptando o que di e os medios de expresión á situación, ao/á receptor/a e a formalidade requirida.

Expresa o que quere dicir, superando dificultades ocasionais que poida ter.

Desenvolve argumentos detallados de maneira sistemática e ben estruturada, relacionando lóxicamente os puntos principais, resaltando os puntos importantes, desenvolvendo aspectos específicos e concluíndo adecuadamente.

Rebate os argumentos das persoas interlocutoras de maneira convincente e apropiada, intervindo de forma fluída e espontánea.

Exprésase cun alto grao de corrección de modo consistente.

Domina un amplo repertorio léxico, incluíndo expresións idiomáticas e coloquiais, que lle permiten superar posibles carencias.

É quen de iniciar, manter e rematar unha conversa de maneira apropiada e fluída, respectando as xendas de palabra e tamén valéndose das intervencións dos/as outros/as interlocutores/as.

Expón preguntas para comprobar que comprendeu o que a persoa interlocutora quixo dicir e

consegue aclaración dos aspectos ambiguos.

Adapta os textos ao propósito comunicativo, respectando a situación, os/as receptores/as e a canle, sen alterar a información e as posturas orixinais.

Produce un texto oral coherente e cohesionado a partir dunha diversidade de textos fonte.

Transmite de xeito oral e con claridade os puntos destacados e máis relevantes dos textos fonte, así como todos os detalles que considera importantes en función dos intereses e necesidades das persoas destinatarias.

Varía a entoación e coloca a énfase da oración correctamente para expresar matices de significado, mantendo a articulación propia da variedade estándar da lingua meta.

#### **4.3.3. Actividades de comprensión de textos escritos:**

Comprende o que se pretende ou o que se lle require en cada caso.

Identifica con rapidez o contido e a importancia de textos dunha ampla serie de temas profesionais ou académicos.

Localiza detalles relevantes en textos extensos e complexos.

Recoñece a intención e o significado do propósito comunicativo, segundo o contexto, o xénero e o tipo de texto.

Localiza a información ou segue o fío da argumentación nun texto de estrutura discursiva complexa ou nun que non estea perfectamente estruturado, no que as relacións e conexións non sempre se expresen con marcadores explícitos.

Recoñece expresións idiomáticas e coloquiais, e aprecia connotacións de significado, aínda que en ocasións poida que necesite consultar un dicionario.

Comprende, segundo o contexto, o xénero e o tipo textual, os significados asociados a unha ampla gama de estruturas sintácticas da lingua escrita.

Comprende as intencións comunicativas expresadas mediante o uso dunha ampla gama de convencións ortotipográficas, tanto en soporte papel como dixital.

#### **4.3.4. Actividades de produción e coprodución de textos escritos:**

Escribe textos complexos extensos, mostrando un dominio dos recursos lingüísticos que lle permiten expresarse con eficacia e precisión.

Redacta un texto e adáptao á situación requirida.

Presenta ideas e puntos de vista con fin de destacalos, diferenciarlos e eliminar posibles ambigüidades.

Utiliza estruturas sintácticas que lle permiten expresarse con precisión, e mantén un alto grao de corrección.

Utiliza as convencións ortotipográficas propias da lingua para producir textos escritos nos que a estrutura, a distribución en parágrafos e a puntuación son apropiadas. A ortografía é correcta, salvo descoidos tipográficos de carácter esporádico.

Adapta os textos ao propósito comunicativo, respectando a situación, as persoas receptoras

e a canle, sen alterar a información e as posturas orixinais.

Produce un texto escrito coherente e cohesionado a partir de diversos textos fonte.

Sabe facer unha cita e utiliza as referencias seguindo as convencións, segundo o ámbito e contexto comunicativos (p. ex. nun texto académico).

Transmite de maneira escrita e con claridade os puntos destacados e máis relevantes dos textos fonte, así como todos os detalles que considera importantes en función dos intereses e necesidades das persoas destinatarias.

#### **4.3.5. Actividades de mediación:**

Fai uso dun coñecemento concreto dos aspectos socioculturais e sociolingüísticos propios das culturas nas que se fala o idioma.

Adapta os textos ao propósito comunicativo, respectando a situación, os/as receptores/as e a canle, sen alterar a información e as posturas orixinais.

Produce un texto (oral ou escrito) coherente e cohesionado a partir de diversos textos fonte.

Sabe citar as fontes segundo o ámbito e o contexto comunicativo.

Transmite de xeito oral ou escrito os puntos destacados e máis relevantes dos textos fonte, así como todos os detalles que considera importantes en función dos intereses e necesidades dos/as destinatarios/as.

Xestiona con flexibilidade a interacción entre as partes para procurar que flúa a comunicación, axudando a expresar con claridade as posturas e a desfacer malentendidos; e volve, sempre que se precise, sobre os aspectos importantes, iniciando outros temas ou recapitulando para organizar a discusión, e orientándoa cara á resolución da cuestión.

### **NIVEL C1.2**

#### **1. Obxectivos xerais**

Neste nivel C.1.2 o alumnado completará gradualmente os coñecementos adquiridos no curso C1.1, dado que o nivel C1 consta de dous cursos académicos. Polo tanto os obxectivos xerais se acadarán na súa totalidade neste curso de certificación C1.2.

As ensinanzas de nivel avanzado C1 teñen por obxecto capacitar o alumnado para actuar con flexibilidade e precisión, sen esforzo aparente e superando facilmente as carencias lingüísticas mediante estratexias de compensación, en todo tipo de situacións nos ámbitos persoal e público, para realizar estudos a nivel terciario ou participar con seguridade en seminarios ou en proxectos de investigación complexos no ámbito académico, ou comunicarse eficazmente en actividades específicas no eido profesional.

Para isto, o alumnado deberá adquirir as competencias que lle permitan utilizar o idioma con gran facilidade, flexibilidade, eficacia e precisión para comprender, producir, coproducir e procesar unha ampla gama de textos orais e escritos extensos e estruturalmente complexos, precisos e detallados, sobre aspectos tanto abstractos como concretos de temas de carácter xeral ou especializado, incluso fóra do propio campo de especialización, en diversas variedades da lingua, e con estruturas variadas e complexas e un amplo repertorio léxico que inclúa expresións especializadas, idiomáticas e coloquiais e que permita apreciar e expresar sutís matices de significado.

### **1.1. Actividades de comprensión de textos orais**

Comprender, independentemente da canle e incluso en malas condicións acústicas, a intención e o sentido xeral, as ideas principais, a información importante, os aspectos e detalles relevantes e as opinións e actitudes, tanto implícitas como explícitas, dos e das falantes nunha ampla gama de textos orais extensos, precisos e detallados e nunha variedade de acentos, rexistros e estilos, incluso cando a velocidade de articulación sexa alta e as relacións conceptuais non estean sinaladas explicitamente, sempre que poida confirmar algúns detalles, especialmente se non está familiarizado/a co acento.

### **1.2. Actividades de produción e coprodución de textos orais**

Producir e coproducir, con fluidez, espontaneidade e case sen esforzo, e independentemente da canle, unha ampla gama de textos orais extensos, claros e detallados, conceptual e estruturalmente complexos, en diversos rexistros e cunha entoación e un acento adecuados á expresión de matices de significado, mostrando dominio dunha ampla gama de recursos lingüísticos, das estratexias discursivas e interaccionais e de compensación que fai imperceptibles as dificultades ocasionais que poida ter para expresar o que quere dicir e que lle permite adecuar con eficacia o seu discurso a cada situación comunicativa.

### **1.3. Actividades de comprensión de textos escritos**

Comprender con todo detalle a intención e o sentido xeral, a información importante, as ideas principais, os aspectos e detalles relevantes e as opinións e actitudes da autoría, tanto implícitas como explícitas, nunha ampla gama de textos escritos extensos, precisos e detallados, conceptual e estruturalmente complexos, incluso sobre temas fóra do seu campo de especialización, identificando as diferenzas de estilo e rexistro, sempre que poida reler as seccións difíciles.

### **1.4. Actividades de produción e coprodución de textos escritos**

Producir e coproducir, independentemente do soporte, textos escritos extensos e detallados, ben estruturados e axustados aos diferentes ámbitos de actuación, sobre temas complexos nos ditos ámbitos, resaltando as ideas principais, ampliando con certa extensión e

defendendo os seus puntos de vista con ideas complementarias, motivos e exemplos adecuados e terminando cunha conclusión apropiada, utilizando para isto, de maneira correcta e consistente, estruturas gramaticais e convencións ortográficas, de puntuación e de presentación do texto complexas, mostrando control de mecanismos complexos de cohesión e dominio dun léxico amplo que lle permita expresar matices de significado que inclúan a ironía, o humor e a carga afectiva.

## **1.5. Actividades de mediación**

Mediar con eficacia entre falantes da lingua meta ou de distintas linguas, en situacións tanto habituais como máis específicas e de maior complexidade nos ámbitos persoal, público, académico e profesional, trasladando con flexibilidade, corrección e eficacia tanto información como opinións, implícitas ou explícitas, contidas nunha ampla gama de textos orais ou escritos extensos, precisos e detallados, conceptual e estruturalmente complexos, identificando e reflectindo coa maior exactitude posible as diferenzas de estilo e rexistro e utilizando os recursos lingüísticos e as estratexias discursivas e de compensación para minimizar as dificultades ocasionais que puidese ter.

## **2. Obxectivos específicos**

### **2.1. Actividades de comprensión de textos orais**

Comprender, independentemente da canle, información específica en declaracións, mensaxes, anuncios e avisos detallados que teñen pouca calidade e un son distorsionado.

Comprender información complexa con condicións e advertencias, instrucións de funcionamento e especificacións de produtos, servizos e procedementos coñecidos e menos habituais, e sobre todos os asuntos relacionados coa súa profesión ou coas súas actividades académicas.

Comprender con relativa facilidade a maioría das conferencias, charlas, coloquios, parladoiros e debates, sobre temas complexos de carácter público, profesional ou académico, entendendo en detalle os argumentos que se esgrimen.

Comprender os detalles de conversas e discusións de certa lonxitude entre terceiras persoas, incluso sobre temas abstractos, complexos ou cos que non se está familiarizado/a e captar a intención do que se di.

Comprender conversas de certa lonxitude en que se participa, aínda que non estean claramente estruturadas e a relación entre as ideas sexa soamente implícita.

Comprender sen demasiado esforzo unha ampla gama de programas de radio e televisión, obras de teatro ou outro tipo de espectáculos e películas que conteñen unha cantidade considerable de argot ou linguaxe coloquial e de expresións idiomáticas, e identificar pormenores e sutilezas como actitudes e relacións implícitas entre os/as falantes.

## 2.2. Actividades de produción e coprodución de textos orais

Facer declaracións públicas con fluidez, case sen esforzo e usando a entoación para transmitir o significado con precisión.

Realizar presentacións claras e ben estruturadas, sobre un tema complexo, ampliando con subtemas, desenvolvendo ideas concretas e defendendo puntos de vista con argumentos e exemplos adecuados, apartándose cando sexa necesario do texto preparado para continuar con aspectos propostos pola audiencia e rematar cunha conclusión apropiada, unha vez respondidas as preguntas finais.

Participar nunha entrevista, como entrevistador/a ou entrevistado/a, ampliando e desenvolvendo as ideas discutidas, utilizando mecanismos adecuados para manter o bo desenvolvemento do discurso.

Participar en conversacións formais ou informais, cunha ou varias persoas interlocutoras, que traten temas abstractos, complexos ou específicos. Facer un uso emocional ou humorístico do idioma, expresar as propias ideas e opinións con precisión, presentar liñas argumentais de maneira convincente e responder con eficacia.

## 2.3. Comprensión de textos escritos

Comprender instrucións, indicacións, normativas, avisos ou outras informacións de carácter técnico e complexas, incluíndo algún detalle sobre condicións e advertencias, tanto se se relacionan coa propia especialidade coma se non, sempre que se poidan reler as seccións máis difíciles.

Comprender alusións en notas, mensaxes e correspondencia persoal, que poidan tratar sobre temas complexos e presentar trazos específicos na súa estrutura ou no léxico (formato non habitual, linguaxe coloquial, ton humorístico).

Comprender a información contida en correspondencia formal de carácter profesional ou institucional, identificando os niveis de formalidade e as actitudes ou opinións implícitas.

Comprender artigos, informes, actas, memorias e outros textos complexos do ámbito social, profesional ou académico e identificar detalles que denoten actitudes, sempre que se poidan volver ler as seccións difíciles.

Comprender en detalle a información contida en textos de consulta de carácter profesional ou académico, en calquera soporte, sempre que se poidan volver ler as seccións difíciles.

Comprender, en calquera soporte, as ideas e posturas expresadas en artigos ou outros textos xornalísticos de certa extensión, tanto de carácter xeral como especializado, nos que se comentan e analizan puntos de vista ou opinións.

Comprender textos literarios contemporáneos, escritos nunha variedade de lingua estándar e captar a mensaxe, as ideas e as conclusións implícitas.

#### **2.4. Actividades de produción e coprodución de textos escritos**

Tomar notas durante unha conferencia, curso ou seminario que trate temas da súa especialidade, ou durante reunións no ámbito profesional, escribindo a información de maneira que as notas poderían ser útiles para outras persoas.

Escribir correspondencia persoal en calquera soporte e comunicarse en foros, relacionarse con flexibilidade e eficacia coas persoas destinatarias, incluíndo usos de carácter emocional, alusivo e humorístico.

Escribir correspondencia formal dirixida a institucións públicas ou privadas na que se fagan reclamacións ou demandas con certa complexidade e se empreguen os argumentos pertinentes para apoiar ou rebater posturas.

Escribir informes, memorias, artigos e ensaios claros e ben estruturados, sobre temas complexos en contornas de carácter público, académico ou profesional, resaltando as ideas principais, ampliando con subtemas e rematando cunha conclusión apropiada.

#### **2.5. Actividades de mediación**

Mediar entre falantes da lingua meta ou de distintas linguas para trasladar oralmente ou por escrito unha ampla gama de textos sobre temas relacionados cos campos do seu interese persoal, da súa especialización ou dos ámbitos profesional e académico.

Adaptar sen aparente dificultade o rexistro aos diferentes contextos de uso e manter unha expresión e entoación que permitan transmitir o significado e aclarar posibles confusións.

Levar a cabo transaccións, xestións e operacións, nas que se debe negociar a solución de conflitos, identificar as posturas, desenvolver argumentos, facer concesións, utilizando unha linguaxe negociadora e afrontar dificultades imprevistas.

Recoñecer significados complexos, en textos orais ou escritos, e adaptar o formato e contido en función das necesidades ou intereses do/a receptor/a e aclarar posibles confusións.

### **3. Secuenciación e temporalización dos contidos**



Tanto a secuenciación como a temporalización dos contidos enunciados a continuación poden estar suxeitas a modificacións ou adaptación segundo as necesidades de cada grupo garantindo sempre o cumprimento dos obxectivos fixados para o curso e nivel.

### **3.1. Competencias comunicativas**

#### **3.1.1. Competencias pragmáticas**

Durante todo o curso traballaranse as competencias pragmáticas tendo en conta os:

##### **a) Contidos funcionais**

Comprensión e expresión das seguintes funcións comunicativas ou actos de fala en contextos comunicativos específicos, tanto a través de actos de fala directos como indirectos, nunha ampla variedade de rexistros:

Funcións ou actos de fala asertivos, relacionados coa expresión do coñecemento, da opinión, da crenza e da conxectura: expresar acordo e desacordo, expresar descoñecemento, expresar dúbida e escepticismo, expresar unha opinión, formular unha hipótese, supoñer, predicir...

Funcións ou actos de fala que impliquen compromiso, relacionados coa expresión do ofrecemento, da intención, da vontade e da decisión: expresar a intención, a vontade e a decisión de facer ou non facer algo; ofrecer axuda; prometer e retractarse...

Funcións ou actos de fala directivos, que teñen como finalidade dar unha instrución: ofrecer consello, advertir, dar instrucións, dar ou negar permiso, previr a alguén en contra de algo ou de alguén, prohibir, recomendar, lembrarlle algo a alguén, restrinxir e suplicar...

Funcións ou actos de fala fáticos e solidarios, que se realizan para establecer ou manter o contacto persoal, social, académico e profesional e expresar actitudes con respecto aos/ás demais: aceptar ou declinar unha invitación, compadecerse, expresar condolencia, facer cumprimentos, interesarse por alguén ou por algo, pedir desculpas e rexeitar...

Funcións ou actos de fala expresivos, cos que se expresan actitudes e sentimentos como resposta ante determinadas situacións: expresar admiración, ledicia, aprecio, simpatía, (des)confianza, (des)aprobación, decepción, (des)interese, resignación, temor, exculpar, lamentar, reprochar...

##### **b) Contidos discursivos**

Fan referencia ao coñecemento, comprensión e aplicación das competencias discursivas que lle permitan ao alumnado producir e comprender textos coherentes con respecto ao contexto en que se producen e que presenten unha cohesión interna que facilite a súa comprensión. A complexidade da tipoloxía de textos que se relaciona deberá adaptarse ás características propias de cada idioma, á organización de cada nivel, ás necesidades e dificultades de aprendizaxe do alumnado e ás distintas actividades de lingua.

## ● **Coherencia e cohesión**

Coherencia: adecuación do texto oral ao contexto comunicativo (tipo e formato de texto, variedade de lingua, rexistro, tema, enfoque e contido: selección de contido relevante, selección de estruturas sintácticas, selección léxica; contexto espacio-temporal: referencia espacial, referencia temporal).

Cohesión: organización interna do texto oral. Inicio, desenvolvemento e conclusión da unidade textual: mecanismos iniciadores (toma de contacto...), introdución do tema, tematización, desenvolvemento do discurso: desenvolvemento temático (mantemento do tema: correferencia, elipse, repetición, reformulación, énfase. Expansión temática: exemplificación, reforzo, contraste, introdución de subtemas. Cambio temático: digresión, recuperación do tema); conclusión do discurso: resumo/recapitulación, indicación de peche textual e peche textual.

## ● **Tipoloxía de textos**

Traballarase a seguinte tipoloxía de textos orais:

- Anuncios publicitarios complexos retransmitidos
- Instrucións e indicacións detalladas
- Conversas especializadas
- Reunións de traballo con vocabulario específico
- Debates e discusións formais sobre temas complexos ou específicos
- Entrevistas longas e complexas: de traballo, académicas...
- Entrevistas xornalísticas de carácter divulgativo
- Sondaxes e cuestionarios complexos
- Audiovisuais
- Conferencias, presentacións e declaracións públicas específicas e detalladas
- Cancións
- Representacións teatrais
- Podcasts
- Informativos
- Clases gravadas
- Páxinas web gobernamentais

Traballarase a seguinte tipoloxía de textos escritos:

- Correspondencia persoal e profesional especializada
- Textos extensos da súa especialidade ou doutros ámbitos
- Instrucións extensas
- Textos xornalísticos informativos e de opinión sobre temas de actualidade
- Textos literarios contemporáneos que poidan presentar certa complexidade lingüística, estrutural e temática
- Textos de rexistro coloquial en forma de notas, cartas, correo electrónico etc., aínda que se apoiem excepcionalmente en modismos e fraseoloxía específica
- Informacións, anuncios e slogans publicitarios
- Textos que poidan amosar trazos non normativos
- Textos de opinión ou ensaísticos sobre cuestións de actualidade ou sobre temas de interese xeral
- Textos académicos ou profesionais relacionados ou non coa súa especialidade
- Textos ensaísticos

### 3.1.2. Competencias sociolingüísticas

Un enfoque centrado no uso do idioma supón necesariamente a súa dimensión social. Os alumnos deberán adquirir as competencias sociolingüísticas que lles permitan comunicarse con efectividade ao nivel especificado.

Contidos sociolingüísticos: marcadores lingüísticos de relacións sociais, normas de cortesía, estereotipos e modismos populares, rexistros, dialectos sen acentos.

### 3.1.3. Competencias lingüísticas

#### a) Contidos léxicos-semánticos

Consolidaranse todos os contidos léxicos vistos nos niveis anteriores e incidirase nos propios deste nivel. Os diferentes contidos léxicos-semánticos neste nivel se mezclan entre si, non son temas aillados. Isto conleva a que nas diferentes actividades de lingua que se levan a cabo ao longo do curso aparecerán varios temas nunha sóla actividade de lingua, isto implica que os contidos léxicos- semánticos se inician, se retoman e se completan ao longo do curso.

Os contidos léxicos-semánticos deberanse adaptar ás realidades socioculturais dos países das linguas obxecto de estudo, ás necesidades e dificultades de aprendizaxe do alumnado e ás actividades de lingua. Estes contidos fan referencia á capacidade do alumnado para recoñecer, comprender e usar o léxico que lle permita desenvolverse nos temas que se relacionan a continuación:

## 1º cuadrimestre:

**-Alimentación:** tipos de dietas e procesos de alimentación, gastronomía típica, establecimientos de restauración, tendencias en alimentación, producción agrícola... (Tema 6 de Aspekto C1)

**-Goberno, política e sociedade:** organización política e de goberno, estrutura administrativa, organismos e servizos públicos, organizacións sociais, políticas e profesionais, conflitos e movementos sociais, xustiza, modas e tendencias sociais... (Tema 6 e 7 de Aspekto C1)

**-Relacións persoais e sociais:** relacións familiares e de parentesco, relacións de amizade e inimidade, formas de convivencia, agrupamentos e interaccións humanas, asociacións... (Tema 6 e 8 de Aspekto C1)

**-Saúde, cuidados físicos e atención sanitaria:** estado de saúde e tratamentos médicos, procedementos cirúrxicos e terapias alternativas, material sanitario, consultas, sistemas sanitarios... (Tema 6 e 8 de Aspekto C1)

**-Ciencia e tecnoloxía:** avances científicos e tecnolóxicos, centros de investigación, sociedades científicas... (Tema 8 de Aspekto C1)

**-Identidade persoal:** dimensión física e anímica, procedencia e localización xeográfica, características físicas, estilos de vida, carácter e valores persoais, sensacións e percepcións físicas... (Tema 8 de Aspekto C1)

O alumnado neste primeiro cuadrimestre traballará estes contidos mencionados usando o libro de texto dende o tema 6 ata o tema 8 incluído, así como material complementario empregado en clase polo profesorado (fotocopias con diversas actividades de lingua, audios, videos, internet ...)

## 2º cuadrimestre:

**-Cultura e actividades artísticas:** música e danza, arquitectura, pintura e escultura, estilos e correntes artísticas, tendencias de vangarda, literatura, fotografía, cine e teatro, novas manifestacións artísticas, artesanía... (Tema 9 de Aspekto C1)

**-Ciencia e tecnoloxía:** avances científicos e tecnolóxicos, centros de investigación, sociedades científicas... (Tema 10 de Aspekto C1)

**-Relixión e filosofía:** correntes filosóficas e relixiosas, institucións relixiosas... (traballarse con material complementario seleccionado no departamento)

**-Viaxes e estancias no estranxeiro:** turismo, modas e tendencias turísticas, trámites coa administración e burocráticos durante estadias no estranxeiro... (traballarse con material complementario seleccionado no departamento)

**-Bens e servizos:** inmobles, bens e servizos públicos e privados, individuais e colectivos, propiedade intelectual... (traballarse con material complementario seleccionado no departamento)

O alumnado neste segundo cuadrimestre traballará os contidos mencionados usando o libro de texto dende o tema 9 ata o tema 10, así como todo aquel material complementario empregado en clase polo profesorado (fotocopias con diversas actividades de lingua, audios, videos, internet ...) para completar os contidos léxicos-semánticos.

## **b) Contidos gramaticais**

### **1º cuadrimestre:**

- oracións de infinitivo en presente e pasado (Tema 6 de Aspekte C1)
- oracións condicionais (Tema 6 de Aspekte C1)
- a voz pasiva impersonal (Tema 7 de Aspekte C1)
- a voz pasiva con verbos modais na oración subordinada (Tema 7 de Aspekte C1)
- a voz pasiva con participios modais (Tema 7 de Aspekte C1)
- significado subxectivo de verbos modais expresando afirmación (Tema 8 Aspekte C1)
- significado subxectivo de verbos modais expresando suposición (Tema 8 Aspekte C1)

### **2º cuadrimestre:**

- nominalización e verbalización de complementos preposicionais (Tema 9 Aspekte C1)
- conectores (Tema 9 de Aspekte C1)
- oracións condicionais (Tema 10 de Aspekte C1)
- participios agrupados (Tema 10 de Aspekte C1)
- verbos de modalidade (Tema 10 de Aspekte C1)

## **c) Contidos fonéticos**

Os contidos fonéticos vistos nos niveis anteriores estarán consolidados e incidirase nos contidos fonéticos propios deste nivel, como son a percepción dos patróns sonoros, acentuais, rítmicos e de entoación de uso xeral en diversas variedades da lingua, e en medios específicos segundo o ámbito e o contexto comunicativos, e comprensión dos diversos significados e intencións comunicativas asociados a estes, incluíndo variantes de sons e fonemas vocálicos e consonánticos e as súas respectivas combinacións, variantes

de procesos fonolóxicos de enxordecemento, sonorización, asimilación, elisión, palatalización, nasalización, alternancia vocálica e outros, e cambios de acento e tonicidade na oración con implicacións sintácticas e comunicativas.

#### **d) Contidos ortográficos**

Comprensión dos significados xerais e específicos, segundo o contexto de comunicación, asociados ás convencións ortotipográficas da lingua meta, incluíndo trazos de formato; valores discursivos dos signos tipográficos, ortográficos e de puntuación; adaptación ortográfica de préstamos; variantes na representación gráfica de fonemas e sons; variantes do alfabeto ou os caracteres, e os seus usos nas diversas formas.

### **3.2. Competencias socioculturais**

Bo dominio de coñecementos, destrezas e actitudes necesarios para abordar en extensión a dimensión social do uso do idioma na comprensión de textos orais, incluíndo marcadores lingüísticos de relacións sociais, normas de cortesía, modismos e expresións de sabedoría popular, rexistros, dialectos e acentos.

### **3.3. Competencias estratéxicas**

Selección e aplicación eficaz das estratexias máis adecuadas en cada caso para a comprensión da intención, o sentido xeral, as ideas principais, a información importante, os aspectos e detalles relevantes e as opinións e actitudes dos e das falantes, tanto implícitas como explícitas.

## **4. Avaliación**

### **4.1. Criterios de cualificación e mínimos esixibles**

#### **4.1.1. Criterios de cualificación**

A proba de certificación consta de cinco actividades de lingua:

- Comprensión de textos orais
- Producción e coprodución de textos orais
- Comprensión de textos escritos
- Producción e coprodución de textos escritos
- Mediación de textos escritos e orais

As cualificacións definitivas obtidas expresaranse mediante os termos de “apto/a” “non apto/a” ou “non presentado/a”.

Será apto o alumnado que na suma total de todas as destrezas acade un mínimo de 81,25 puntos, equivalente a o 65% da nota e sempre e cando supere as cinco actividades de lingua. Para a súa superación debe tamén obter un mínimo de 12,5 puntos en cada actividade de lingua pero tamén ten que sumar entre as cinco actividades de lingua un mínimo de 81,25 puntos que son os necesarios para aprobar, é dicir, o 65% da puntuación total.

Na convocatoria extraordinaria de finais de xuño o alumnado examínase das actividades de lingua non superadas ou non presentadas na convocatoria ordinaria.

Tamén poderá repetir voluntariamente aquelas actividades de lingua nas que acadara os 12,5 puntos pero non alcanzara o mínimo do 65% (16,25/25) na convocatoria ordinaria para poder así acadar a puntuación mínima global de 81,25 puntos. Neste caso só se lle terá en conta o resultado si este é superior ó resultado da convocatoria ordinaria.

A puntuación máxima total da proba ascende a 125 puntos, correspondendo 25 puntos a cada actividade de lingua.

Avaliarase o progreso e logro de obxectivos do alumnado de forma frecuente e interactiva mediante procesos de observación na aula e recollida e avaliación de tarefas. O profesorado informará ó alumnado sobre o seu progreso despois do primeiro cuadrimestre.

Pero esta avaliación terá unicamente valor orientativo e servirá para informar do grao de cumprimento no desenvolvemento da programación didáctica e da súa idoneidade.

O alumnado que non supere todas as actividades de lingua deberá repetir curso.

A cualificación positiva final conducirá á obtención do certificado do nivel correspondente e permitirá o acceso ao seguinte nivel.

#### 4.1.2. Mínimos esixibles

**É capaz de comprender** a intención e o sentido xeral, as ideas principais, a información importante, os aspectos e detalles relevantes e as opinións e actitudes dos e das falantes nunha ampla gama de textos orais extensos e nunha variedade de acentos, rexistros e estilos, mesmo cando a velocidade de articulación sexa alta, sempre que poida confirmar algúns detalles, especialmente se non está familiarizado/a co acento.

**É quen de producir e coproducir** con fluidez, espontaneidade e en xeral case sen esforzo, independentemente da canle, unha ampla gama de textos orais extensos, bastante claros e detallados, conceptual e estruturalmente complexos, en diversos rexistros, e cunha entoación e acento adecuados á expresión de matices de significado, mostrando o suficiente dominio dunha ampla gama de recursos lingüísticos, das estratexias discursivas e interaccionais e de compensación que fai case imperceptibles as dificultades ocasionais que poida ter para expresar o que quere dicir, e que lle permite adecuar con suficiente eficacia o seu discurso a cada situación comunicativa.

**É capaz de comprender** suficientemente a intención e o sentido xeral, a información importante, as ideas principais, os aspectos e detalles relevantes e as opinións e actitudes dos/as autores/as, tanto implícitas como explícitas, nunha ampla gama de textos escritos extensos, precisos e detallados, conceptual e estruturalmente complexos, mesmo sobre a maioría dos temas fóra do seu campo de especialización, identificando as diferenzas de estilo e rexistro, sempre que poida reler as seccións difíciles.

**É quen de producir e coproducir** textos escritos extensos e detallados, ben estruturados e axustados aos diferentes ámbitos de actuación, sobre temas complexos, resaltando as ideas principais, ampliando e defendendo os seus puntos de vista con ideas complementarias e exemplos, rematando cunha conclusión suficientemente apropiada. Para iso empregará de maneira correcta e consistente en xeral, estruturas gramaticais e convencións ortográficas complexas, de puntuación e de presentación do texto, mostrando control de mecanismos complexos de cohesión, e dominio dun léxico amplo que lle permita expresar matices de significado.

**É quen de mediar** entre falantes da lingua meta ou de distintas linguas, oralmente ou por escrito, en situacións específicas e complexas, nos ámbitos persoal, público, académico e profesional, transmitindo con bastante flexibilidade, corrección e eficacia unha ampla gama de textos orais ou escritos complexos.

#### 4.2. Procedementos e instrumentos de avaliación

A avaliación terá por obxecto cualificar e certificar o nivel de competencia comunicativa adquirido polo alumnado como resultado do seu proceso de aprendizaxe.

Haberá diferentes modalidades ao longo do curso

**Avaliación inicial (ou de diagnóstico):** O profesorado a inicio de curso fará unha avaliación de diagnóstico para coñecer o nivel e as características do seu alumnado.

**Avaliación de progreso (ou formativa):** Nesta modalidade tanto profesorado como alumnado poden observar, reflexionar e valorar o proceso de aprendizaxe. Avaliarase o progreso e logro de obxectivos do alumnado de forma frecuente e interactiva mediante procesos de observación na aula e recollida e avaliación de tarefas. O profesorado informará ó alumnado sobre o seu progreso despois do primeiro cuadrimestre.

**Avaliación certificadora:** o alumnado oficial terá dúas convocatorias para certificar o nivel, unha ordinaria e outra extraordinaria. Será apto o alumnado que obteña o 65% (81,25 puntos) da puntuación máxima total que ascende a 125 puntos e sempre e cando supere as cinco actividades de lingua.

A cualificación positiva final conducirá á obtención do certificado do nivel C1 e permitirá o acceso ao seguinte nivel.

**A autoavaliación:** sendo a autoavaliación un instrumento importante no proceso de ensino-aprendizaxe fomentárase a autoavaliación tanto do profesorado como do alumnado. O profesorado poderá saber si acadou os obxectivos marcados e si precisa facer cambios na programación para acadar ditos obxectivos e o alumnado desenvolve a capacidade de ser



responsable ante o seu propio proceso de aprendizaxe. O profesorado motivará ó alumnado a realizar as distintas actividades de autoavaliación que están ao final de cada tema no libro de texto.

### **4.3. Criterios de avaliación**

#### **4.3.1. Actividades de comprensión de textos orais**

Comprende o que se pretende comunicar co fin de sacar as conclusións apropiadas.

Recoñece, segundo o contexto e en distintos rexistros (familiar, informal, formal ou neutro), a intención e o significado dun amplo repertorio de actos de fala.

É capaz de seguir un discurso extenso aínda que non estea claramente estruturado.

Recoñece expresións idiomáticas e coloquiais, e aprecia connotacións e matices de significado, aínda que poida necesitar unha repetición se o acento non lle resulta familiar.

Percibe as variedades fonético-fonolóxicas estándar propias da lingua e recoñece matices de significado.

#### **4.3.2. Actividades de produción e coprodución de textos orais**

Utiliza o idioma con flexibilidade e eficacia para fins sociais, adaptando o que di e os medios de expresalo á situación, ao/á receptor/a e a formalidade requirida.

Expresa o que quere dicir, superando dificultades ocasionais que poida ter.

Desenvolve argumentos detallados de maneira sistemática e ben estruturada, relacionando lóxicamente os puntos principais, resaltando os puntos importantes, desenvolvendo aspectos específicos e concluíndo adecuadamente.

Rebate os argumentos das persoas interlocutoras de maneira convincente e apropiada, intervindo de forma fluída e espontánea.

Exprésase cun alto grao de corrección de modo consistente.

Domina un amplo repertorio léxico, incluíndo expresións idiomáticas e coloquiais, que lle permiten superar posibles carencias.

É quen de iniciar, manter e rematar unha conversa de maneira apropiada e fluída, respectando as quendas de palabra e tamén valéndose das intervencións dos/as outros/as interlocutores/as.

Expón preguntas para comprobar que comprendeu o que a persoa interlocutora quixo dicir e consegue aclaración dos aspectos ambiguos.

Adapta os textos ao propósito comunicativo, respectando a situación, os/as receptores/as e a canle, sen alterar a información e as posturas orixinais.

Produce un texto oral coherente e cohesionado a partir dunha diversidade de textos fonte.

Transmite de xeito oral e con claridade os puntos destacados e máis relevantes dos textos fonte, así como todos os detalles que considera importantes en función dos intereses e necesidades das persoas destinatarias.

Varía a entoación e coloca a énfase da oración correctamente para expresar matices de significado, mantendo a articulación propia da variedade estándar da lingua meta.

#### **4.3.3. Actividades de comprensión de textos escritos**

Comprende o que se pretende ou o que se lle require en cada caso.

Identifica con rapidez o contido e a importancia de textos dunha ampla serie de temas profesionais ou académicos.

Localiza detalles relevantes en textos extensos e complexos.

Recoñece a intención e o significado do propósito comunicativo, segundo o contexto, o xénero e o tipo de texto.

Localiza a información ou segue o fío da argumentación nun texto de estrutura discursiva complexa ou nun que non estea perfectamente estruturado, no que as relacións e conexións non sempre se expresen con marcadores explícitos.

Recoñece expresións idiomáticas e coloquiais, e aprecia connotacións de significado, aínda que en ocasións poida que necesite consultar un dicionario.

Comprende, segundo o contexto, o xénero e o tipo textual, os significados asociados a unha ampla gama de estruturas sintácticas da lingua escrita.

Comprende as intencións comunicativas expresadas mediante o uso dunha ampla gama de convencións ortotipográficas, tanto en soporte papel como dixital.

#### **4.3.4. Actividades de produción e coprodución de textos escritos**

Escribe textos complexos extensos, mostrando un dominio dos recursos lingüísticos que lle permiten expresarse con eficacia e precisión.

Redacta un texto e adáptao á situación requirida.

Presenta ideas e puntos de vista con fin de destacalos, diferenciarlos e eliminar posibles ambigüidades.

Utiliza estruturas sintácticas que lle permiten expresarse con precisión, e mantén un alto grao de corrección.

Utiliza as convencións ortotipográficas propias da lingua para producir textos escritos nos que a estrutura, a distribución en parágrafos e a puntuación son apropiadas. A ortografía é correcta, salvo descoidos tipográficos de carácter esporádico.

Adapta os textos ao propósito comunicativo, respectando a situación, as persoas receptoras e a canle, sen alterar a información e as posturas orixinais.

Produce un texto escrito coherente e cohesionado a partir de diversos textos fonte.

Sabe facer unha cita e utiliza as referencias seguindo as convencións, segundo o ámbito e contexto comunicativos (p. ex. nun texto académico).

Transmite de maneira escrita e con claridade os puntos destacados e máis relevantes dos textos fonte, así como todos os detalles que considera importantes en función dos intereses e necesidades das persoas destinatarias.

#### 4.3.5. Actividades de mediación

Fai uso dun coñecemento concreto dos aspectos socioculturais e sociolingüísticos propios das culturas nas que se fala o idioma.

Adapta os textos ao propósito comunicativo, respectando a situación, os/as receptores/as e a canle, sen alterar a información e as posturas orixinais.

Produce un texto (oral ou escrito) coherente e cohesionado a partir de diversos textos fonte. Sabe citar as fontes segundo o ámbito e o contexto comunicativo.

Transmite de xeito oral ou escrito os puntos destacados e máis relevantes dos textos fonte, así como todos os detalles que considera importantes en función dos intereses e necesidades dos/as destinatarios/as.

Xestiona con flexibilidade a interacción entre as partes para procurar que flúa a comunicación, axudando a expresar con claridade as posturas e a desfacer malentendidos; e volve, sempre que se precise, sobre os aspectos importantes, iniciando outros temas ou recapitulando para organizar a discusión, e orientándoa cara á resolución da cuestión.

### CURSOS PARA O PÚBLICO EN XERAL

#### NIVEL A2

#### **Curso monográfico de destrezas comunicativas de comprensión e expresión oral, nivel A2**

##### **Introdución**

Este curso é un curso práctico e interactivo dirixido a estudantes de alemán como lingua estranxeira que desexan mellorar a súa destreza á hora de comprender, de expresarse e interactuar oralmente con outros falantes en alemán a un nivel básico (A2 do marco común europeo).

##### **1. Obxectivos xerais**

As ensinanzas do nivel básico A2 teñen a finalidade de capacitar o alumnado para levar a cabo tarefas simples e cotiás sobre cuestións coñecidas e habituais. Este nivel de uso do idioma permitirá igualmente actuar en situacións cotiás de comunicación mediando entre falantes de distintas linguas que non poidan comprenderse de forma directa.

Con esta finalidade, o alumnado neste curso de destrezas deberá adquirir as competencias que lle permitan utilizar o idioma oralmente, tanto de expresión como de comprensión, de maneira eficaz e apropiada en actividades comunicativas sinxelas e habituais, relativas a necesidades inmediatas, e que requiran comprender e producir textos orais breves nun

registro neutro, que conteñan expresións e estruturas básicas e termos sinxelos de lingua estándar.

Unha vez adquiridas as competencias correspondentes ao nivel básico A2, o alumnado será capaz de:

1. Comprender o sentido xeral e a información relevante en textos orais breves e sinxelos articulados con claridade e lentitude, transmitidos de viva voz ou por medios técnicos nunha variedade de lingua estándar, que traten de necesidades inmediatas, temas cotiáns e coñecidos cos que se estea moi familiarizado/a ou experiencias persoais e predicibles, sempre que non existan ruídos de fondo e se poidan utilizar estratexias que faciliten a comprensión, como apoios visuais, repeticións ou reformulacións.

2. Producir e coproducir, tanto en comunicación cara a cara como por teléfono ou outros medios técnicos, textos orais breves con estruturas básicas e habituais, adecuadas á situación e ás persoas interlocutoras, referidos a asuntos da vida cotiá, e desenvolverse de forma comprensible e clara, aínda que resulten evidentes o acento estranxeiro, as pausas e titubeos, e sexa necesaria a repetición, a paráfrase e a cooperación dos/as interlocutores/as para manter a comunicación.

## **2. Duración**

Durante o curso académico 2023-2024 impartiranse dous cursos de 60 horas cada un distribuídos do seguinte xeito:

13/09/2023–24/01/2024 (mércores e venres) - 60h

26/01/2024-24/05/2024 (mércores e venres) - 60h

## **3. Obxectivos específicos**

### **A) Actividades de comprensión de textos orais**

Comprender frases e expresións habituais relacionadas con necesidades inmediatas e temas con que se estea moi familiarizado/a sempre que se fale de xeito pausado e ben articulado.

Comprender o sentido xeral e a información específica predicible de conversas básicas sobre temas cotiáns que se desenvolvan na súa presenza, e identificar un cambio de tema.

Comprender o significado global e as informacións relevantes de mensaxes gravadas sinxelas que relaten experiencias persoais e predicibles, articuladas lentamente e nunha linguaxe estándar.

Comprender a información esencial en exposicións e presentacións públicas breves e sinxelas, referidas a temas habituais e coñecidos.

Comprender o sentido xeral e a información esencial predicible de textos audiovisuais sinxelos, cando exista o apoio de imaxes moi redundantes.

## **B) Actividades de produción, coprodución e mediación oral**

Desenvolverse nas relacións sociais habituais de xeito sinxelo pero eficaz, utilizando e recoñecendo fórmulas habituais de inicio e peche da conversa, tomando a palabra con cortesía, utilizando expresións básicas moi habituais adecuadas á situación e ás persoas interlocutoras.

Desenvolverse en actividades habituais e transaccións e xestións cotiás, sinxelas, propias de situacións e temas coñecidos, facéndose entender ofrecendo ou solicitando información básica.

Describir nun monólogo, de forma breve e sinxela, accións, persoas, lugares e obxectos, respondendo a preguntas breves e sinxelas dos/as oíntes, se llas repiten e se lle axudan coas respostas.

Expoñer plans e formular hipóteses, de forma breve e sinxela, en conversas informais relacionadas con asuntos cotiás, e expresar de forma breve a opinión, as crenzas ou as suxestións sobre un tema coñecido.

Solicitar a colaboración da persoa interlocutora e utilizar estratexias para asegurar a comunicación.

### **4. Contidos:**

#### a) Contidos funcionais

Fan referencia aos expoñentes que o alumnado precisa para desenvolver as funcións comunicativas nos diferentes contextos

#### Usos sociais da lingua:

- Saudar e despedirse.
- Presentarse ou presentar a alguén.
- Dirixirse a alguén.
- Pedir desculpas.
- Agradecer.
- Felicitar.
- Convidar.
- Interesarse por persoas.
- Reaccionar ante unha información con expresións que manifesten o sentimento adecuado á situación.
- Iniciar e concluír unha conversa telefónica moi sinxela.

#### Control da comunicación:

- Manifestar comprensión e falta de comprensión.

- Pedirlle confirmación da comprensión á persoa interlocutora.
- Preguntar o significado dunha palabra ou expresión.
- Reformular unha palabra ou expresión para facilitar a comprensión.

Información xeral:

- Describir persoas, obxectos e lugares.
- Referirse a accións e situacións presentes e pasadas.
- Expoñer proxectos e formular hipóteses.

Opinións e valoracións:

- Valorar un feito.
- Xustificar de maneira moi sinxela unha opinión ou unha actividade.
- Expresar coñecemento ou descoñecemento.

Estados de saúde, sensacións e sentimentos:

- Expresar estados de ánimo.

Petición de instrucións e suxestións:

- Pedir e ofrecer axuda, obxectos e servizos.
- Suxerir unha actividade.

b) Contidos discursivos

Coherencia e cohesión

Coñecemento e comprensión de modelos contextuais e patróns textuais básicos propios da lingua oral monolóxica e dialóxica, en contextos moi habituais:

– Coherencia: selección do léxico e das estruturas adecuadas, así como da información suficiente para acadar o propósito comunicativo; adaptación ás características e ao formato dos textos orais a que se enfronta; organización da información de modo lineal e recoñecemento dun rexistro básico de acordo co grao de familiaridade co interlocutor ou coa interlocutora (tratamentos, xestos e actitudes).

– Cohesión: utilización de fórmulas sinxelas para cambiar de t

Pero esta avaliación terá unicamente valor orientativo e servirá para informar do grao de cumprimento no desenvolvemento da programación didáctica e da súa idoneidade.

O alumnado que non supere todas as actividades de lingua deberá repetir curso.

A cualificación positiva final conducirá á obtención do certificado do nivel correspondente e permitirá o acceso ao seguinte nivel.

**Mínimos esixibles**

**É capaz de comprender** a intención e o sentido xeral, as ideas principais, a información importante, os aspectos e detalles relevantes e as opinións e actitudes dos e das falantes nunha ampla gama de textos orais extensos e nunha variedade de acentos, rexistros e

estilos, mesmo cando a velocidade de articulación sexa alta, sempre que poida confirmar algúns detalles, especialmente se non está familiarizado/a co acento.

**É quen de producir e coproducir** con fluidez, espontaneidade e en xeral case sen esforzo, independentemente da canle, unha ampla gama de textos orais extensos, bastante claros e detallados, conceptual e estruturalmente complexos, en diversos rexistros, e cunha entoación e acento adecuados á expresión de matices de significado, mostrando o suficiente dominio dunha ampla gama de recursos lingüísticos, das estratexias discursivas e interaccionais e de compensación que fai case imperceptibles as dificultades ocasionais que poida ter para expresar o que quere dicir, e que lle permite adecuar con suficiente eficacia o seu discurso a cada situación comunicativa.

**É capaz de comprender** suficientemente a intención e o sentido xeral, a información importante, as ideas principais, os aspectos e detalles relevantes e as opinións e actitudes dos/as autores/as, tanto implícitas como explícitas, nunha ampla gama de textos escritos extensos, precisos e detallados, conceptual e estruturalmente complexos, mesmo sobre a maioría dos temas fóra do seu campo de especialización, identificando as diferenzas de estilo e rexistro, sempre que poida reler as seccións difíciles.

**É quen de producir e coproducir** textos escritos extensos e detallados, ben estruturados e axustados aos diferentes ámbitos de actuación, sobre temas complexos, resaltando as ideas principais, ampliando e defendendo os seus puntos de vista con ideas complementarias e exemplos, rematando cunha conclusión suficientemente apropiada. Para iso empregará de maneira correcta e consistente en xeral, estruturas gramaticais e convencións ortográficas complexas, de puntuación e de presentación do texto, mostrando control de mecanismos complexos de cohesión, e dominio dun léxico amplo que lle permita expresar matices de significado.

**É quen de mediar** entre falantes da lingua meta ou de distintas linguas, oralmente ou por escrito, en situacións específicas e complexas, nos ámbitos persoal, público, académico e profesional, transmitindo con bastante flexibilidade, corrección e eficacia unha ampla gama de textos orais ou escritos complexos.

- O alumnado de forma frecuente e interactiva mediante procesos de observación na aula e recollida e avaliación de tarefas, así como de exposicións orais por parte do alumnado o longo do curso. O profesorado informará ó alumnado sobre o seu progreso.

- **A autoavaliación:** sendo a autoavaliación un instrumento importante no proceso de ensino-aprendizaxe fomentárase a autoavaliación tanto do profesorado como do alumnado. O profesorado poderá saber si acadou os obxectivos marcados e si precisa facer cambios na programación para acadar ditos obxectivos e o alumnado desenvolve a capacidade de ser responsable ante o seu propio proceso de aprendizaxe. O profesorado motivará ó alumnado a realizar as distintas actividades de autoavaliación que se fará tendo en conta os diferentes temas dos contidos léxico - semánticos.

## **Curso monográfico de destrezas comunicativas de comprensión e expresión oral, nivel C1**

### **Introdución**

Este curso é un curso práctico e interactivo dirixido a estudantes de alemán como lingua estranxeira que desexan mellorar a súa destreza á hora de comprender, de expresarse e interactuar oralmente con outros falantes en alemán a un nivel avanzado (C1 do marco común europeo).

### **Obxectivos xerais**

As ensinanzas de nivel avanzado C1 teñen por obxecto capacitar o alumnado para actuar con flexibilidade e precisión, sen esforzo aparente e superando facilmente as carencias lingüísticas mediante estratexias de compensación, en todo tipo de situacións nos ámbitos persoal e público, para realizar estudos a nivel terciario ou participar con seguridade en seminarios ou en proxectos de investigación complexos no ámbito académico, ou comunicarse eficazmente en actividades específicas no eido profesional.

Para isto, o alumnado deberá adquirir as competencias que lle permitan utilizar o idioma con gran facilidade, flexibilidade, eficacia e precisión para comprender, producir, coproducir e procesar unha ampla gama de textos orais e escritos extensos e estruturalmente complexos, precisos e detallados, sobre aspectos tanto abstractos como concretos de temas de carácter xeral ou especializado, incluso fóra do propio campo de especialización, en diversas variedades da lingua, e con estruturas variadas e complexas e un amplo repertorio léxico que inclúa expresións especializadas, idiomáticas e coloquiais e que permita apreciar e expresar sutís matices de significado.

Unha vez adquiridas as competencias correspondentes ao nivel avanzado C1, o alumnado será capaz de:

– Comprender, independentemente da canle e incluso en malas condicións acústicas, a intención e o sentido xeral, as ideas principais, a información importante, os aspectos e detalles relevantes e as opinións e actitudes, tanto implícitas como explícitas, dos e das falantes nunha ampla gama de textos orais extensos, precisos e detallados e nunha variedade de acentos, rexistros e estilos, incluso cando a velocidade de articulación sexa alta e as relacións conceptuais non estean sinaladas explicitamente, sempre que poida confirmar algúns detalles, especialmente se non está familiarizado/a co acento.



– Producir e coproducir, con fluidez, espontaneidade e case sen esforzo, e independentemente da canle, unha ampla gama de textos orais extensos, claros e detallados, conceptual e estruturalmente complexos, en diversos rexistros e cunha entoación e un acento adecuados á expresión de matices de significado, mostrando dominio dunha ampla gama de recursos lingüísticos, das estratexias discursivas e interaccionais e de compensación que fai imperceptibles as dificultades ocasionais que poida ter para expresar o que quere dicir e que lle permite adecuar con eficacia o seu discurso a cada situación comunicativa.

– Mediar con eficacia entre falantes da lingua meta ou de distintas linguas, en situacións tanto habituais como máis específicas e de maior complexidade nos ámbitos persoal, público, académico e profesional, trasladando con flexibilidade, corrección e eficacia tanto información como opinións, implícitas ou explícitas, contidas nunha ampla gama de textos orais, identificando e reflectindo coa maior exactitude posible as diferenzas de estilo e rexistro e utilizando os recursos lingüísticos e as estratexias discursivas e de compensación para minimizar as dificultades ocasionais que puidese ter.

### **Duración**

Durante o curso 2023-24 impartiranse dous curso de 60 horas cada un dende o 13/09/2023 ata o 29/05/2023. Son dúas sesións semanais de dúas horas que se imparten os luns e mércores de 18.00 a 20.00h.

### **Obxectivos específicos**

- **Actividades de comprensión de textos orais**

Comprender, independentemente da canle, información específica en declaracións, mensaxes, anuncios e avisos detallados que teñen pouca calidade e un son distorsionado.

Comprender información complexa con condicións e advertencias, instrucións de funcionamento e especificacións de produtos, servizos e procedementos coñecidos e menos habituais, e sobre todos os asuntos relacionados coa súa profesión ou coas súas actividades académicas.

Comprender con relativa facilidade a maioría das conferencias, charlas, coloquios, parladoiros e debates, sobre temas complexos de carácter público, profesional ou académico, entendendo en detalle os argumentos que se esgrimen.

Comprender os detalles de conversas e discusións de certa lonxitude entre terceiras persoas, incluso sobre temas abstractos, complexos ou cos que non se está familiarizado/a e captar a intención do que se di.

Comprender conversas de certa lonxitude en que se participa, aínda que non estean claramente estruturadas e a relación entre as ideas sexa soamente implícita.

Comprender sen demasiado esforzo unha ampla gama de programas de radio e televisión, obras de teatro ou outro tipo de espectáculos e películas que conteñen unha cantidade considerable de argot ou linguaxe coloquial e de expresións idiomáticas, e identificar pormenores e sutilezas como actitudes e relacións implícitas entre os/as falantes.

- **Actividades de produción, coprodución e mediación oral**

Facer declaracións públicas con fluidez, case sen esforzo, usando certa entoación para transmitir con precisión matices sutís de significado.

Realizar presentacións extensas, claras e ben estruturadas, sobre un tema complexo, ampliando con certa extensión, integrando outros temas, desenvolvendo ideas concretas e defendendo puntos de vista con ideas complementarias, motivos e exemplos adecuados, apartándose cando sexa necesario do texto preparado e estendéndose sobre aspectos propostos de forma espontánea polos/as oíntes, e terminando cunha conclusión apropiada, así como responder espontaneamente e sen apenas esforzo ás preguntas da audiencia.

Levar a cabo transaccións, xestións e operacións complexas en que se debe negociar a solución de conflitos, establecer as posturas, desenvolver argumentos, facer concesións e establecer con claridade os límites de calquera concesión que se estea disposto a realizar, utilizando unha linguaxe persuasiva, negociando os pormenores con eficacia e facéndolles fronte a respostas e dificultades imprevistas.

Participar de maneira plena nunha entrevista, como entrevistador/a ou como entrevistado/a, ampliando e desenvolvendo as ideas discutidas con fluidez e sen apoio, e utilizando con flexibilidade os mecanismos adecuados en cada momento para expresar reaccións e para manter o bo desenvolvemento do discurso.

Participar activamente en conversas informais animadas, cunha ou varias persoas interlocutoras, que traten temas abstractos, complexos, específicos e incluso descoñecidos, e nas cales se faga un uso emocional, alusivo ou humorístico do idioma, expresando as propias ideas e opinións con precisión, presentando liñas argumentais complexas de maneira convincente e respondendo a estas con eficacia, facendo un bo uso das interxeccións.

Participar activamente e con gran facilidade en conversas e discusións formais animadas (en debates, charlas, coloquios, reunións, seminarios...) nas cales se traten temas abstractos, complexos, específicos e incluso descoñecidos, identificando con precisión os argumentos dos diferentes puntos de vista, argumentando a propia postura formalmente, con precisión e convicción, respondendo a preguntas e comentarios e contestando de forma fluída, espontánea e adecuada a argumentacións complexas contrarias.

## **Contidos:**

### **a) Contidos funcionais**

Fan referencia aos expoñentes que o alumnado precisa para desenvolver as funcións comunicativas nos diferentes contextos.

Comprensión das seguintes funcións comunicativas ou actos de fala mediante os expoñentes orais das ditas funcións segundo o contexto comunicativo específico, tanto a través de actos de fala directos como indirectos, nunha ampla variedade de rexistros (familiar, informal, neutro, formal):

Funcións ou actos de fala asertivos, relacionados coa expresión do coñecemento, a opinión, a creanza e a conxectura: afirmar; anunciar; asentir; atribuír; clasificar; confirmar a veracidade dun feito; conxecturar; corroborar; describir; desmentir; disentir; expresar acordo e desacordo; expresar descoñecemento, dúbida, escepticismo, unha opinión; formular hipóteses; identificar e identificarse; informar; obxectar; predicir; rebater; rectificar; replicar; supoñer.

Funcións ou actos de fala compromisivos, relacionados coa expresión de ofrecemento, intención, vontade e decisión: acceder, admitir, consentir, expresar a intención ou a vontade de facer algo, invitar, xurar, negarse a facer algo, ofrecer algo, ofrecer axuda, ofrecerse a facer algo, prometer, retractarse.

Funcións ou actos de fala directivos, que teñen como finalidade que a persoa destinaria faga ou non faga algo, tanto se isto é un acto verbal como unha acción doutra índole: aconsellar; advertir; alertar; ameazar; animar; autorizar; dar instrucións; dar permiso; demandar; denegar; desanimar; desestimar; dispensar ou eximir alguén de facer algo; disuadir; exixir; intimidar; ordenar; pedir algo, axuda, confirmación, consello, información, instrucións, opinión, permiso, que alguén faga algo; negarlle permiso a alguén; persuadir; previr a alguén en contra de algo ou de alguén; prohibir; propoñer; reclamar; recomendar; recordarlle algo a alguén; restrinxir; rogar; solicitar; suxerir; suplicar.

Funcións ou actos de fala fáticos e solidarios, que se realizan para establecer ou manter o contacto social e expresar actitudes con respecto aos/ás demais: aceptar e declinar unha invitación, agradecer, atraer a atención, compadecerse, consolar, dar a benvida, despedirse,

expresar condolencia, felicitar, facer cumprimentos, insultar, interesarse por alguén ou por algo, invitar, pedir desculpas, presentarse e presentar a alguén, rexeitar, saudar, tranquilizar. Funcións ou actos de fala expresivos, cos que se expresan actitudes e sentimentos ante determinadas situacións: acusar; defender; exculpar; expresar admiración, afecto, alegría ou felicidade, alivio, ansiedade e preocupación, aprecio ou simpatía, aprobación e desaprobación, arrepentimento, confianza e desconfianza, decepción, desinterese e interese, desprezo, desgusto, dor, dúbida, escepticismo, esperanza e desesperanza, estima, insatisfacción, orgullo, preferencia, resentimento, resignación, satisfacción, sorpresa e estrañeza, temor, tristeza, vergoña; lamentar; reprochar.

## b) Contidos discursivos

Coñecemento e comprensión de modelos contextuais e patróns textuais complexos propios da lingua oral monolóxica e dialóxica, en diversas variedades da lingua e segundo o contexto específico, incluso especializado:

**Coherencia textual:** adecuación do texto oral ao contexto comunicativo (tipo e formato de texto, variedade de lingua, rexistro, tema, enfoque e contido: selección de contido relevante, selección de estruturas sintácticas, selección léxica; contexto espacio-temporal: referencia espacial, referencia temporal).

**Cohesión textual:** organización interna do texto oral. Inicio, desenvolvemento e conclusión da unidade textual: mecanismos iniciadores (toma de contacto...), introdución do tema, tematización, desenvolvemento do discurso: desenvolvemento temático (mantemento do tema: correferencia, elipse, repetición, reformulación, énfase. Expansión temática: exemplificación, reforzo, contraste, introdución de subtemas. Cambio temático: digresión, recuperación do tema); conclusión do discurso: resumo/recapitulación, indicación de peche textual e peche textual.

### **Avaliación:**

Sendo este un curso de destrezas onde se certifica a asistencia non haberá unha avaliación con valor académico nin se certificará ningún nivel de competencia comunicativa do marco común europeo.

Si ben haberá diferentes modalidades ao longo do curso

- **Avaliación inicial (ou de diagnóstico):** o profesorado a inicio de curso fará unha avaliación de diagnóstico para coñecer o nivel e as características do seu alumnado.
- **Avaliación formativa:** nesta modalidade tanto profesorado como alumnado poden observar, reflexionar e valorar o proceso de aprendizaxe. Avaliarase o progreso e logro de obxectivos do alumnado de forma frecuente e interactiva mediante procesos de observación na aula. O profesorado informará ó alumnado sobre o seu progreso.

- **A autoavaliación:** sendo a autoavaliación un instrumento importante no proceso de ensino-aprendizaxe fomentárase a autoavaliación tanto do profesorado como do alumnado. O profesorado poderá saber si acadou os obxectivos marcados e si precisa facer cambios na programación para acadar ditos obxectivos e o alumnado desenvolve a capacidade de ser responsable ante o seu propio proceso de aprendizaxe. O profesorado motivará ao alumnado a realizar as distintas actividades de autoavaliación que se fará tendo en conta os diferentes temas dos contidos léxico - semánticos.

### 3. ENFOQUE METODOLÓXICO

A ensinanza do alemán estará orientada ao desenvolvemento das destrezas lingüísticas comunicativas, polo que se abordará o ensino do idioma desde unha perspectiva de uso. Para iso, concebimos a aula como un espazo onde se dean situacións comunicativas reais ou simuladas en que o alumnado participe.

As clases daranse, na medida do posible, en alemán. As explicacións dadas na lingua materna dos alumnos serán cada vez máis reducidas segundo se aumente de nivel.

Para acadar o dominio dos contidos e o logro dos obxectivos os enfoques metodolóxicos estarán orientados á acción e crearán contextos de aprendizaxe que, por unha parte, axuden a cada estudante a atopar as súas propias estratexias de aprendizaxe e que, por outra banda, fomenten a autonomía do alumnado para que poida aproveitar ao máximo todas as ocasións para mellorar a propia capacidade de comunicación, tanto no aula coma fora dela.

O profesor debe propor tarefas e experiencias de aprendizaxe significativas que estimulen o interese na utilización da lingua dentro e fóra da aula, e a sensibilidade cara ás culturas asociadas ao idioma.

O deseño adecuado das tarefas será esencial pois debe contribuír tamén a fomentar a confianza en si mesmos, a motivación para aprender e a capacidade para planificar, autoavaliar e aprender de xeito autónomo e independente.

Estas tarefas serán esencialmente comunicativas, para ofrecerlles, ao alumnado, a oportunidade de utilizar o idioma tal e como o faría en situacións reais de comunicación. O profesorado debe integrar dentro destas tarefas comunicativas, as actividades de lingua de comprensión, produción, coprodución e mediación, tanto orais como escritas. Para iso, os materiais empregados nestas tarefas deben ser na medida do posible preferentemente auténticos, de xeito que o alumnado perciba a lingua no seu contexto real, como instrumento de comunicación, sobre todo nos niveis máis altos.

Coa finalidade de formar falantes competentes e autónomos/as, o profesorado debe revisar a súa metodoloxía, así como actualizar os seus métodos, medios e materiais didácticos para facer da aula un lugar facilitador e motivador. Ao mesmo tempo, o alumnado debe implicarse de xeito activo na súa propia aprendizaxe e considerar o erro como un elemento necesario deste proceso.

#### 4. RECURSOS DIDÁCTICOS E BIBLIOGRAFÍA

As novas tecnoloxías son una ferramenta imprescindible no proceso de ensino aprendizaxe de linguas estranxeiras polo que son utilizadas de xeito habitual. Así pois, aproveitaranse os espazos destinados ao uso das TIC (biblioteca, laboratorio), os recursos dispoñibles nas aulas (ordenador, canón de proxección e pantalla dixital, libro dixital) e a conexión á Internet fixa, da que dispón o centro. A formación do profesorado necesaria para o manexo destas ferramentas realizarase a través de proxectos de formación no centro.

A páxina web de referencia de todo o alumnado é [www.eoiferrol.org](http://www.eoiferrol.org), así como as plataformas dixitais que usa o profesorado (blogs, aula cesga, dropbox, drive ...).

Para o comezo do curso o departamento dispón dunha folla informativa de inicio de curso unificada por niveis. O profesorado comentará/entregará en clase esta información onde constan tamén os recursos que poden ser de interese para o nivel que o alumnado está a cursar e indicarlle que tamén os pode atopar na páxina web da escola no apartado asignado o departamento de alemán en:

- **ALEMÁN en ligazóns** que son de axuda para a autoaprendizaxe da lingua.
- **aula virtual** con acceso dende a páxina web de EOI
- ligazón para **MODELOS PROBAS CERTIFICACIÓN EOIs de Galicia** publicadas pola Consellería de Educación...).

#### Libros de texto empregados neste curso:

##### Básico A1 e Básico A1 cuadrimestral / intensivo

*Netzwerk neu A1.1, Kurs- + Arbeitsbuch, ed. Klett.*

*Netzwerk neu A1.2, Kurs- + Arbeitsbuch, ed. Klett.*

##### Básico A2 e Básico A2 cuadrimestral / intensivo

*Netzwerk neu A2.1, Kurs- + Arbeitsbuch, ed. Klett.*

*Netzwerk neu A2.2, Kurs- + Arbeitsbuch, ed. Klett.*

##### Intermedio B1.1

*Netzwerk neu B1.1, Kurs- + Arbeitsbuch, ed. Klett.*

##### Intermedio B1.2

*Netzwerk neu B1.2, Kurs- + Arbeitsbuch, ed. Klett.*

### Intermedio B2

*Aspekte Neu B2 Mittelstufe Deutsch Lehr- und Arbeitsbuch Teil 1 , Ed. Klett*

*Aspekte Neu B2 Mittelstufe Deutsch Lehr- und Arbeitsbuch Teil 2 , Ed. Klett*

### Avanzado C1.1

*Aspekte Neu C1 Mittelstufe Deutsch Lehr- und Arbeitsbuch Teil 1, Ed. Klett*

### Avanzado C1.2

*Aspekte Neu C1 Mittelstufe Deutsch Lehr- und Arbeitsbuch Teil 2, ed. Klett*

### Para todos os cursos:

Ademais poderase empregar en todos os cursos material didáctico elaborado ou seleccionado polo departamento de alemán. O profesorado dispón dun banco dixitalizado de tarefas no cal colabora aportando materiais ao longo do curso e que poderá empregar nos seus cursos correspondentes.

Ademáis disto contamos con material didáctico variado no departamento: cd's, libros, videos, xogos, música, etc. ... que adaptaremos sempre aos distintos niveis dos alumnos contribuíndo deste xeito a facer clases amenas e motivar máis ao alumnado para a adquisición da competencia comunicativa en alemán; atendendo en todo momento de xeito equilibrado a todos os aspectos de comprensión e produción e mediación oral e escrita.

## **5. ATENCIÓN Á DIVERSIDADE**

A atención á diversidade é un campo todavía pouco analizado en canto nos referimos ás escolas de idiomas.

Dado que non está estipulada a adaptación curricular o profesorado prestará atención á diversidade que hai na aula. Haberá alumnado que polos motivos que sexan (intelectuais, motrices, sensoriais ou ben por factores sociais, relixiosos, económicos, culturais, etc.) aprenden con un ritmo máis lento que os seus compañeiros da clase. Estas persoas necesitan reforzo. A maioría dos nosos libros de texto adaptanse a estas necesidades, xa que os libros de exercicios traen exercicios a maiores. De non ser así o profesorado lle pode axudar con material complementario.

Este alumnado ademáis de atopar exercicios complementarios nos libros de texto tamén se lles anima especialmente a acudir como apoio ás clases extraescolares. Tamén se intenta promover o traballo con actividades autocorrixibles en autoaprendizaxe coas TIC, que permitirá ao alumnado traballar ao seu ritmo e segundo os seus intereses.

No caso de haber alumnado con adaptacións preestablecidas, das que informa a dirección do centro, estas teranse en conta no só para as probas senon para a traballo na aula.

O profesorado terá en conta a organización do espazo e do tempo na aula e a procura de estratexias de aprendizaxe cooperativa, intentando sempre dentro da aula unha formación inclusiva.

## 6. ACTIVIDADES CULTURAIS E DE PROMOCIÓN DO IDIOMA

Neste curso contamos coa axuda dun axudante lingüístico nativo nos diferentes niveis, e podemos ofertar actividades extraescolares para que o alumnado, e especialmente os de nivel intermedio/avanzado, B2-C1, afianze e mellore a súa competencia comunicativa como facemos dende hai varios anos e que consideramos que son fundamentais nunha escola de idiomas. Ademais se encargará de actividades culturais relacionadas co nadal, pascua, entroido, etc. en colaboración co profesorado.

O departamento de alemán desenvolve diversas actividades como departamento e tamén colabora e participa nas actividades levadas a cabo polos demais departamentos ou organizadas pola escola en xeral. Os obxectivos principais das diferentes actividades son:

- achegar as costumes e cultura alemana a comunidade educativa
- fomentar a inmersión lingüística na lingua alemana entre os distintos niveis impartidos na EOI facendo diversos obradoiros
- fomentar a participación nas actividades organizadas na EOI (concursos de nadal, concurso relatos ...) e co proxecto europeo PANEL contribuíndo a internalización da nosa escola
- contrubuir así tamén a actividades de convivencia na EOI (almorzos de convivencia, tertulias en alemán ...)
- proxección de películas en lingua alemana no salón de actos

Destas actividades consideranse fixas as seguintes:

- o clube de lectura no que participa o profesorado do departamento para fomentar a lectura en alemán entre todo o alumnado.
- a revista anual “Diálogo” da nosa EOI, na que colabora todo o departamento facendo partícipes ao alumnado
- celebrar o nadal colaborando con todas as actividades propostas na EOI e as propias do departamento
- as “Xornadas culturais” celebradas en marzo ou abril, nas que colabora todo o departamento realizando diversas actividades e facendo partícipes ao alumnado, dende almorzos alemáns, exposicións, inmersións lingüísticas, obradoiros de cociña, contacontos, cine, etc.
- o “OKTOBERFEST”, no mes de outubro o departamento organiza unha festa alemana para achegar as costumes e a cultura alemana a comunidade educativa coa especial colaboración do axudante lingüístico
- as clases mostra que ofrecemos ós centros educativos da comarca que nos veñen visitar para coñecer a escola.
- organización dunha viaxe a Alemaña



Finalmente, se xurde ao longo do curso algunha actividade extra, que sexa interesante para o departamento queda aberta a posibilidade de organizala entre os diferentes membros do departamento.

## 7. VALORACIÓN E REVISIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA

O departamento de Alemán valorará e revisará o desenvolvemento da programación didáctica periodicamente nas reunións de departamento para evitar precisamente desaxustes no seu desenvolvemento. Dado que non temos reunións de coordinación por niveis a observación do correcto desenvolvemento do proceso de ensino-aprendizaxe, a colaboración en canto a preparación de material unificado e a detección das posibles necesidades de axustes na programación será un punto en todas as reunións de departamento. Recollerase esta información en cada reunión de departamento no documento unificado da nosa escola: *Seguimento da programación*.

Ademais de analizar detidamente os resultados das probas en xeral nas que o alumnado obterá unha cualificación; valoraremos e revisaremos o desenvolvemento total da programación didáctica ao final de curso mediante as memorias que todo profesorado deste departamento ten que entregar en xuño e nas que se apoiará a programación do vindeiro curso.

## 8. AVALIACIÓN INTERNA DO DEPARTAMENTO

A avaliación interna do Departamento realizarase de forma contínua. As reunións do Departamento servirán para por en común as experiencias, analizar as dificultades atopadas no desenvolvemento das clases, detectar as posibles necesidades de axustes na nosa práctica docente e detectar tamén problemas/deficiencias internas departamentais, as cales trataremos de analizar e resolver conxuntamente.

O control mensual do seguimento da programación permitirá determinar se hai que proceder a algún cambio nos contidos a impartir ou a algún axuste na temporalización dos mesmos. A análise dos resultados das avaliacións informativas cuatrimestrais permitirá tamén comprobar se existen problemas directamente relacionados coa impartición dos contidos que requiren unha atención especial.

Ademais, as conclusións que se establezan nas reunións de Departamento, así como as propostas de revisión da programación, reflectiranse na memoria final do Departamento, que recollerá todos os aspectos que se terán que mellorar no vindeiro curso.

En canto aos procedementos para identificar e canalizar as necesidades de formación que o profesorado do departamento de Alemán poida ter, son os seguintes:

- nas reunións de departamento, na que os asistentes expresen as súas necesidades ou os seus desexos de formación. No caso de haber profesorado coas mesmas necesidades se podería plantexar a formación dun grupo de traballo para o curso, no caso de estar a tempo, ou ben plantexalo para o vindeiro curso a vicedirección encargada da formación no centro.

